
CINEU—
ROPA 39
AMOR.CINEMA.PÚBLICO



CINEUROPA 39

AMOR.CINEMA.PÚBLICO

Cineuropa é unha desas citas culturais das que gocei como espectadora antes que como alcaldesa, polo que para min supón unha honra presentar esta 39ª edición. Compostela acolle este festival tan propio, consolidado como unha cita esencial co cinema, ese cinema que transita polos camiños menos visibles, que se move nas marxes dos circuítos comerciais mais que ilumina o presente con novas formas de mirar, contar e sentir.

Dende a nosa cidade, o festival proxecta unha ollada diversa, plural e comprometida coa cultura como dereito, presentándose como espazo de encontro, creación e liberdade. Un festival que aposta pola variedade de voces e que defende unha cultura feminista e inclusiva, onde a mirada das mulleres e das persoas disidentes ocupa un lugar central. O programa propón un percorrido arriscado e heteroxéneo, onde conviven novas voces e grandes figuras, descubrimentos e consagracións, facendo do festival unha fiestra aberta ao mellor cinema contemporáneo que, en moitas ocasións, non chega ás salas comerciais.

Cineuropa consolidouse como unha proposta de pensamento crítico, de diálogo e de encontro cultural. Non é só unha mostra de películas, senón un acto social e democrático, un espazo de resistencia ante a uniformidade e a censura. O festival aposta pola riqueza de estilos e sensibilidades, dando visibilidade ás mulleres que fan posible o cinema desde unha perspectiva transformadora, ás produtoras que asumen riscos, guionistas que reinventan historias xa escritas ou crean novos mundos e actores e actrices que poñen ao servizo dos personaxes a súa emoción e o seu talento. O cinema galego continúa a ocupar sección propia nesta programación, cineastas que exploran novos territorios e expanden os límites da linguaxe cinematográfica dende Galicia cara ao mundo como Ángel Santos, Antonio Caeiro ou Andrea Zapata-Girau.

Nesta trixésimo novena edición, o amor é o fío que une películas e olladas. Un amor afastado do tópico romántico e das representacións patriarcais que tantas veces o cinema fixo propias. Un amor que rompe cos moldes, que se expande e se transforma, abríndose a múltiples formas de vínculo: o amor á vida e ás súas imperfeccións,

á amizade, á familia propia ou elixida, aos corpos e ás diferenzas. E, sobre todo, o amor ao propio cinema —ao acto de ver, pensar e sentir conxuntamente fronte á pantalla—. En tempos de consumo individual e fragmentado, o festival quere reivindicar a experiencia colectiva de asistir ao cine, de participar desa liturxia compartida que converte cada proxección nun acto de comunidade e resistencia. Porque amar o cinema é tamén amar o feito de vivilo en comunidade, de achegarse ás salas, sentarse nas butacas e deixar que as historias nos transformen.

Cidade de encontros e camiños, como cada novembro, Compostela volve transformar as súas rúas e as súas salas nun territorio de cinema, onde as imaxes e as ideas circulan libremente, e onde o público se atopa, reflexiona e dialoga sobre filmes chegados de calquera punto de Europa mais tamén de Tailandia, Iraq, Brasil, México, China ou Xapón. Cintas galardoadas en festivais referentes como unha das revelacións deste ano en Cannes, *Sound of falling*, da alemá Mascha Schilinski que recibiu o Premio do Xurado; *La petite dernière* dunha das voces máis comprometidas do cinema francés Hafsia Herzi, pola que Nadia Melliti obtivo o premio á mellor actriz; ou *La Tour de glace* da cineasta premiada na última edición de Curtocircuíto, Lucile Hadžihalilović, gañadora do Oso de Prata á Mellor Contribución Artística na Berlinale e mellor filme Zabaltegi-Tabakalera do Festival de San Sebastián, entre moitas outras, amosan o vigor das voces femininas no cinema contemporáneo.

Cineuropa mantense firme na súa defensa da diversidade, do desafío aos canons establecidos e da promoción do diálogo, da reflexión e da emoción compartida. O festival entende o cinema como un espazo vivo e necesario para ver, comprender e amar o mundo que habitamos. Por iso, as pantallas do Teatro Principal, do Salón Teatro, de NUMAX e do Auditorio de Galicia enfrontarannos a filmes sobre a violencia, a desromantización do amor, a moda, as relacións familiares, a vulnerabilidade, os roles sociais, a insubmisión, a memoria ou a identidade dirixidos por cineastas como Alice Winocour, Hana Jušić, Johanna Moder, Adriana Páramo, Lucía Dapena, Isaki Lacuesta, Paolo Sorrentino, Olivier Assayas, François Ozon ou Jim Jarmusch, por citar algúns.

Os premios Cineuropa recoñecerán tres cineastas que personifican compromiso e independencia creativa. Jaione Camborda, voz fundamental do novo cinema galego, símbolo dunha xeración que narra desde a terra e en feminino; o director palestino Kamal Aljafari, que constrúe imaxes fronte ao esquecemento e amosa o poder do cinema como xesto político e memoria viva erguéndose, ante o xenocidio palestino, como acto de dignidade e resistencia; e Jonás Trueba, recoñecido pola súa aposta polo cinema de carácter íntimo e colectivo, pola súa confianza nas pequenas historias e na forza das novas xeracións que seguen a filmar desde o risco e a verdade.

Así, Cineuropa continúa sendo unha cita cultural imprescindible grazas ao inestimable apoio do Consorcio da Cidade de Santiago e da Deputación da Coruña así como a colaboración de entidades de Compostela, ás que trasladamos o noso fondo agradecemento.

Grazas ao entusiasmo e fidelidade do público, Cineuropa convértese nun lugar de conexión con outras persoas e con nós mesmas no que asoman filmes que integran unha programación que invita a pensar, a sentir e, sobre todo, a reivindicar a igualdade, a pluralidade e o dereito a ocupar o mundo dende calquera perspectiva, en definitiva, a comprender mellor o noso tempo.

Non deixedes pasar a oportunidade de vivir esta nova edición que vos espera con experiencias cinematográficas únicas. Como cada ano, namorádevos do cinema e da liberdade que o fai posible!

Goretti Sanmartín Rei
Alcaldesa de Santiago de Compostela

SAÍR DO OUTONO E DA CLANDESTINIDADE

Nestes tempos en que os discursos do odio golpean de continuo para modificar e ensombrecer a realidade, un festival de cinema ten que desempeñar, máis ca nunca, a súa función celebratoria. Cineuropa reúnenos arredor de 141 películas, e cada unha delas quere ser a tesela dun mosaico de culturas, de linguas, de emocións, de memoria, de músicas, de imaxes, de soños e reivindicacións, de xustiza ou da súa ausencia, de amizades, de amores ou desencontros, de horizontes. 141 historias que buscan facernos mellores. Un discurso coral da arte, que é a mellor linguaxe coa que encarar o presente e mais o porvir.

Chegados á 39ª edición, o noso festival teceu xa todas as complicidades co seu público. Co permiso de Walt Whitman e do seu *Canto a min mesmo*, é inmenso e contén multitudes. Ao redor de todas as películas que van poder ver nestes días ábrese unha multiplicidade de olladas sobre o ser humano e as súas complexidades. Tamén dicía Whitman: *Contradígome? Moi ben, contradígome.* Porque Cineuropa é tamén un diálogo que establecen entre elas as súas películas. E de aí nace tamén a dúbida ou a contradición, feramente humanas.

En *La grazia*, a nova e magnífica película de Paolo Sorrentino, o protagonista é un presidente posible da República de Italia. É un gobernante que non posúe certezas. Pero que se debate por atopar algunha. No tempo da posverdade, qué mellor antídoto có de Toni Servillo de *La grazia.*

En *O agente secreto*, a película brasileira de Kleber Mendonça Filho, talvez a mellor de toda a tempada, o protagonista é un revolucionario profesional que se move no Recife da ditadura militar. Os seus pasos supoñen unha desromantización da clandestinidade, xusto cando o avance dos autoritarismos parecen empurrarnos a todos a ser cada día un pouco máis clandestinos. Cineuropa é unha invitación a saír dese silencio autoimposto e a pasearnos a corpo entre as salas.

A compartir os segredos do que acabamos de descubrir nunha pantalla. As coitas das familias infelices, cada unha á súa maneira: de *Sentimental value*, de Joachim Trier, Gran Premio do Xurado en Cannes; de *Father Mother Sister Brother*, o León de Ouro veneciano de Jim Jarmusch; de *Dreams*, de Dag Johan Haugerud, Oso de Ouro na Berlinale.

A exteriorizar os desexos de debater con outros, como fai Jude Law como o Putin de *O mago do Kremlin,* de Olivier Assayas; ou como fai Valeria Bruni Tedeschi como a diva do teatro Eleonora Duse con firma de Pietro Marcello.

A falar das películas revelación do ano: a alemá *A sound of falling*, da debutante Mascha Schlinski, ou a tailandesa *Unha pantasma útil*, que é moito máis cá tan comentada historia de amor entre un viúvo e a súa muller reencarnada nunha aspiradora.

E a comentar qué hai do novo de Richard Linklater, de Radu Jude, de Lucrecia Martel ou de André Téchiné.

Ou como lle foi á arxentina Laura Casabé na súa adaptación dos contos de Mariana Enríquez en *La virgen de la Tosquera*. E non dubiden en apostar por títulos menos evidentes. Calquera deles pode ser a súa película deste Cineuropa 2025.

Lembraremos a historia das ditaduras do século XX máis ensombrecidas polo recordo coas imaxes de *Bajo las banderas, el sol,* na que o paraguaio Juanjo Pereira desvelando entre nós as imaxes do réxime de Alfredo Stroessner, *Yo el Supremo*. Conmemoraremos os 50 anos da folga de actores que se convocou en 1975, con Franco aínda vivo.

As once películas da sección oficial a concurso conéctannos coa autoría que acaba de ser recibida con efusión nos principais foros internacionais. Non deixen de velas. Palestina, o xenocidio alí perpetrado, está no epicentro desta edición. Recoñecemos a Kamal Aljafari, un autor premiado nalgún dos festivais de maior prestixio mundial e que leva dúas décadas explorando con audacia formal a maneira na que o cinema debe axudar na conformación desa identidade dun pobo que están tratando de aniquilar.

Convidámolos de novo a saír desa semiclandestinidade á que invita o outono. Paseen as súas emocións polas salas deste festival que é a súa casa. Mergúllense tamén nas 39 películas que completan o ciclo temático da nosa enquisa sobre o amor. Qué mellor que atopar tantos xeitos diferentes de querer mentres fóra aínda non esmoreceu o eco dos canóns do odio.

José Luis Losa
Director Cineuropa 39



PROGRAMA POR DÍAS
PÁX. 13-19

PREMIOS CINEUROPA 2025
PÁX. 21-27

SECCIÓNS OFICIAIS
LISTAXE DE PELÍCULAS
PÁX. 29-31

PROXECCIÓNS ESPECIAIS (INAUGURACIÓN E CLAUSURA)
PÁX. 33-35

SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO. CINEASTAS DO PRESENTE
PÁX. 37-45

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA
PÁX. 47-61

PANORAMA INTERNACIONAL
PÁX. 63-70

DOCS CINEUROPA
PÁX. 73-83

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO
PÁX. 85-93

XURADO OFICIAL
PÁX. 96-97
XURADO NOVO
PÁX. 98-99

SECCIÓNS PARALELAS
LISTAXE DE PELÍCULAS
PÁX. 101-103

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA
PÁX. 105-107

LATIDOAMERICANO
PÁX. 109-113

FANTASTIQUE COMPOSTELA
PÁX. 115-119

MARATÓN
PÁX. 121-125

FAYE DUNAWAY: O TALENTO CONVULSO
PÁX. 127-138

AS COUSAS DO QUERER
PÁX. 141-161

CINEUROPA MIÚDA
PÁX. 163-164

ACTIVIDADES
PÁX. 167-183

PELÍCULAS ORDENADAS ALFABETICAMENTE
PÁX. 185-189

INFO PRÁCTICA
PÁX. 191-195

EQUIPO
PÁX. 196-197

CINEUROPA 39

PROGRAMA

VENRES 7 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

20.00 SESIÓN INAUGURAL. MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT´S CAKE / A TORTA DO PRESIDENTE

SÁBADO 8 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.15 LES GENS D'À CÔTÉ / A XENTE DO LADO

19.15 AFFEKSJONVERDI / SENTIMENTAL VALUE / VALOR SENTIMENTAL

22.00 TABI TO HIBI / TWO SEASONS, TWO STRANGERS / DÚAS ESTACIÓNS, DOUS DESCOÑECIDOS

SALÓN TEATRO

16.00 VIAGGIO IN ITALIA / QUEREREITE SEMPRE

18.00 PILLION

20.15 MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI

22.30 PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD / CONFESIÓNS DUNHA MODELO

NUMAX

16.00 EYES OF LAURA MARS / OS OLLOS DE LAURA MARS

18.15 LA MITAD DE MI FAMILIA + PRESENTACIÓN

20.30 LOLA (1961, JACQUES DEMY)

22.30 UN COEUR EN HIVER / UN CORAZÓN EN INVERNO

DOMINGO 9 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.15 AFFEKSJONVERDI / SENTIMENTAL VALUE / VALOR SENTIMENTAL

20.00 L'ÉTRANGER / O ESTRANXEIRO

22.30 EN EL CAMINO

SALÓN TEATRO

15.30 FAR FROM HEAVEN / LONXE DO CEO

17.45 ZIKADEN / CICADAS / CIGARRAS

20.00 LES GENS D'À CÔTÉ / A XENTE DO LADO

22.00 TABI TO HIBI / TWO SEASONS, TWO STRANGERS / DÚAS ESTACIÓNS, DOUS DESCOÑECIDOS

NUMAX

15.45 A SINGLE MAN / UN HOME SOLTEIRO

17.45 PAI NOSSO. OS ÚLTIMOS DIAS DE SALAZAR + PRESENTACIÓN

20.15 TESIS SOBRE UNA DOMESTICACIÓN

22.30 LA MAISON SOUS LES ARBRES / A CASA BAIXO AS ÁRBORES

AUDITORIO DE GALICIA

12.00 CONCERTO BMSC. SENTIMENTOS DE PELÍCULA

16.00 MONSTRUO DE XIBALBA

18.00 TWO FOR THE ROAD / DOUS NA ESTRADA

20.15 KEEP THE LIGHTS ON / MANTÉN AS LUCES ACESAS

LUNS 10 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 UN MUNDO RECOBRADO

17.45 REFLET DANS UN DIAMOND MORT / REFLEXO NUN DIAMANTE MORTO

19.45 CIUDAD SIN SUEÑO + PRESENTACIÓN

22.30 MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI

SALÓN TEATRO

16.00 JULES ET JIM / JULES E JIM

18.15 LOLA (2025, ANTONIO CAEIRO)+ PRESENTACIÓN

20.45 FLORES PARA ANTONIO

22.45 ZIKADEN / CICADAS / CIGARRAS

NUMAX

15.45 BOYS DON'T CRY / OS RAPACES NON CHORAN

18.00 O MEU NOME É CAMBA + PRESENTACIÓN

20.00 PAI NOSSO. OS ÚLTIMOS DIAS DE SALAZAR + PRESENTACIÓN

22.30 SUNDAY BLOODY SUNDAY / DOMINGO, MALDITO DOMINGO

AUDITORIO DE GALICIA

16.00 THE THOMAS CROWN AFFAIR / O CASO THOMAS CROWN

18.00 NETWORK / NETWORK, UN MUNDO IMPLACABLE

20.30 BRIEF ENCOUNTER / BREVE ENCONTRO

MARTES 11 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.30 ÉL

17.30 DUSE

20.00 PREMIO CINEUROPA KAMAL ALJAFARI + WITH HASSAN IN GAZA

23.00 LA VIRGEN DE LA TOSQUERA

SALÓN TEATRO

15.30 PORTRAIT OF JENNIE / JENNIE

17.15 MESA REDONDA "A CREATIVIDADE COMO FERRAMENTA PARA A TRANSFORMACIÓN SOCIAL" + PROXECCIÓN "BARRACA XXI NO HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO"

18.30 SEMPRE + PRESENTACIÓN

21.00 TE SEPARAS MUCHO + PRESENTACIÓN

22.45 TESIS SOBRE UNA DOMESTICACIÓN

NUMAX

15.45 L'AMOUR L'APRÈS-MIDI / O AMOR DESPOIS DO MEDIODÍA

17.30 NUESTRA TIERRA

20.00 LA MITAD DE MI FAMILIA + PRESENTACIÓN

22.15 MILDRED PIERCE / ALMA EN SUPLICIO

AUDITORIO DE GALICIA

16.00 BONNIE AND CLYDE / BONNIE E CLYDE

18.15 KUNG-FU MASTER

20.00 THE CRYING GAME / XOGO DE BÁGOAS

MÉRCORES 12 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.30 OBSESSION / FASCINACIÓN

17.30 LA DANSE DES RENARDS / WILD FOXES / O BAILE DOS RAPOSOS

19.30 LE MAGE DU KREMLIN / THE WIZARD OF THE KREMLIN / O MAGO DO KREMLIN

22.30 REFLET DANS UN DIAMOND MORT / REFLEXO NUN DIAMANTE MORTO

SALÓN TEATRO

15.30 IN THE MOOD FOR LOVE / DESEXANDO AMAR

17.30 PERROS

19.30 KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN

22.30 THE GHOST AND MRS. MUIR / A PANTASMA E A SEÑORA MUIR

NUMAX

15.30 MAURICE

18.15 MORICHALES
20.00 MESA DE DEBATE: 'AS DICTADURAS SILENCIADAS' + BAJO LAS BANDERAS, EL SOL
22.30 WANDA

AUDITORIO DE GALICIA

16.00 CHIKAMATSU MONOGATARI / OS AMANTES CRUCIFICADOS
18.00 L'IMPORTANT C'EST D'AIMER / O IMPORTANTE É AMAR
20.15 THREE DAYS OF THE CONDOR / OS TRES DÍAS DO CÓNDOR

ZONA C

12.00 CONFERENCIA LUCIANA FINA: SEMPRE. ARQUIVO CINEMATOGRÁFICO

XOVES 13 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.30 JE, TU, IL, ELLE / EU, TI, EL, ELA
17.15 EN EL CAMINO
19.15 O AGENTE SECRETO
22.30 COUTURE

SALÓN TEATRO

15.30 MA SAISON PRÉFÉRÉE / A MIÑA ESTACIÓN PREFERIDA
18.00 MOMMIE DEAREST / QUERIDÍSIMA MAMÁ
20.30 CRÓNICAS DUN NON + PRESENTACIÓN
22.30 IL PORTIERE DI NOTTE / O PORTEIRO DE NOITE

NUMAX

15.30 HURRY SUNDOWN / A NOITE DESEXADA
18.15 SEMPRE + PRESENTACIÓN
20.30 ELOY DE LA IGLESIA, ADICTO AL CINE
22.15 CHINATOWN

VENRES 14 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.30 LOVE IN THE AFTERNOON / ARIANE
18.15 A FIDAI FILM / UN FILME FEDAÍN
20.00 PREMIO CINEUROPA JAIONE CAMBORDA + ARIMA
22.30 LA TOUR DE GLACE / A TORRE DE XEO

SALÓN TEATRO

15.30 SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE
18.15 GRELEI RAÍCES NO TEU LAR + PRESENTACIÓN
20.00 ANOCHE CONQUISTÉ TEBAS + PRESENTACIÓN
22.45 FILM D'AMORE E D'ANARCHIA / AMOR E ANARQUÍA

NUMAX

15.30 LOVE STREAMS / CORRENTES DE AMOR
18.15 VOYAGE OF THE DAMNED / A VIAXE DOS MALDITOS
21.15 ¿DE QUÉ CASA ERES?
22.45 THERE'S ALWAYS TOMORROW / SEMPRE HAI UN MAÑÁ

AUDITORIO DE GALICIA

16.00 LA FEMME D'A CÔTÉ / A MULLER DO LADO
18.15 A BRIGHTER SUMMER DAY / UN DÍA DE VERÁN

SÁBADO 15 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.30 MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT´S CAKE / A TORTA DO PRESIDENTE
17.45 L'ÉTRANGER / O ESTRANXEIRO
20.15 NOUVELLE VAGUE
22.30 COUTURE

SALÓN TEATRO

15.30 IT FEEDS / ALIMÉNTASE

17.45 DUSE
20.15 DEUSES DE PEDRA + PRESENTACIÓN
22.30 FLORES PARA ANTONIO

NUMAX

15.45 ZHI WU XUE JIA / THE BOTANIST / O BOTÁNICO
17.30 MESA DEBATE: '50 AÑOS DA FOLGA DE ACTORES' + SIETE DÍAS DE ENERO
21.00 O RISO E A FACA

AUDITORIO DE GALICIA

17.00 SUPERGIRL
19.30 KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE / O ROMANCE E A CULPA

DOMINGO 16 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 LA VIRGEN DE LA TOSQUERA
18.00 IN DIE SONNE SCHAUEN / SOUND OF FALLING / SON DE CAÍDA
21.00 LA GRAZIA / A GRAZA

SALÓN TEATRO

15.45 BOG NEĆE POMOĆI / GOD WILL NOT HELP / DEUS NON AXUDARÁ
18.30 LA PETITE DERNIÈRE / A IRMÁ PEQUENA
20.45 O ÚLTIMO AZUL
22.30 ELISA

NUMAX

16.00 O SILENCIO HERDADO + PRESENTACIÓN
18.00 NUESTRA TIERRA
20.30 PROGRAMA DOBRE: BOORMAN AND THE DEVIL / BOORMAN E O DIAÑO + THE EXORCIST II: THE HERETIC / O EXORCISTA II: O HEREXE

LUNS 17 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 DINTI DE LAPTE / MILK TEETH / DENTES DE LEITE
18.15 O ÚLTIMO AZUL
21.00 LA CASA DE LA TROYA (PROXECCIÓN CON MÚSICA EN VIVO)

SALÓN TEATRO

15.45 LA MAISON SOUS LES ARBRES / A CASA BAIXO AS ÁRBORES
17.45 BOORMAN AND THE DEVIL / BOORMAN E O DIAÑO
20.00 DREAMS (SEX LOVE) / SOÑOS EN OSLO
22.15 ITT ÉRZEM MAGAM OTTHON / FEELS LIKE HOME / COMO NA CASA

NUMAX

16.00 O RISO E A FACA
20.00 BAJO LAS BANDERAS, EL SOL
22.00 LA TOUR DE GLACE / A TORRE DE XEO

AUDITORIO DE GALICIA

15.30 CAROL
18.00 LITTLE BIG MAN / PEQUENO GRAN HOME
20.30 JE, TU, IL, ELLE / EU, TI, EL, ELA

MARTES 18 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.45 ELISA
18.00 LE MAGE DU KREMLIN / THE WIZARD OF THE KREMLIN / O MAGO DO KREMLIN
21.00 ÁRVA / ORPHAN / ORFO
23.30 UN MUNDO RECOBRADO

SALÓN TEATRO

15.30 LES AMANTS DU PONT-NEUF / OS AMANTES DA PONT-NEUF

18.00 ANOCHE CONQUISTÉ TEBAS

20.15 PUNKU + PRESENTACIÓN

23.00 HELDIN / LATE SHIFT / QUENDA DE GARDA

NUMAX

15.45 BOG NEĆE POMOĆI / GOD WILL NOT HELP / DEUS NON AXUDARÁ

18.15 ¿DE QUÉ CASA ERES?

19.45 KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN

22.45 THERE'S ALWAYS TOMORROW / SEMPRE HAI UN MAÑÁ

AUDITORIO DE GALICIA

16.00 LES AMANTS RÉGULIERS / OS AMANTES HABITUAIS

19.30 SE, JIE / LUST, CAUTION / DESEXO, PERIGO

MERCORES 19 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

15.30 WHITE SNAIL / CARACOL BRANCO

17.45 IN DIE SONNE SCHAUEN / SOUND OF FALLING / SON DE CAÍDA

20.45 HELDIN / LATE SHIFT / QUENDA DE GARDA

22.45 PELÍCULA SORPRESA

SALÓN TEATRO

16.00 O CINEMA MILITANTE DE CARLOS ASOREY + OFICIO DE DESTERRO

17.45 DINTI DE LAPTE / MILK TEETH / DENTES DE LEITE

20.00 EMERGENCY EXIT + PRESENTACIÓN

22.30 ITT ÉRZEM MAGAM OTTHON / FEELS LIKE HOME / COMO NA CASA

NUMAX

15.45 PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD / CONFESIÓNS DUNHA MODELO

17.45 CURTAS GALEGAS: ALGO NOVO QUE CONTAR+ CIUDÁ DE LADRILLO + DANZA PROPIA + PURA + PRESENTACIÓN

19.45 UN FUTURO BRILLANTE + PRESENTACIÓN

22.00 PUNKU + PRESENTACIÓN

AUDITORIO DE GALICIA

16.30 BOYS DON'T CRY / OS RAPACES NON CHORAN

18.45 THE TOWERING INFERNO / O COLOSO EN CHAMAS

XOVES 20 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 LA PETITE DERNIÈRE / A IRMÁ PEQUENA

18.15 DREAMS (SEX LOVE) / SOÑOS EN OSLO

20.30 PREMIO CINEUROPA JONÁS TRUEBA + LOS ILUSOS + MINIATURAS

SALÓN TEATRO

16.00 WANDA

18.15 UN FUTURO BRILLANTE

20.15 PEE CHAI DAI KA / A USEFUL GHOST / UNHA PANTASMA ÚTIL

22.45 LA NOTTE DEI DIAVOLI / A NOITE DOS DEMOS

NUMAX

15.45 EYES OF LAURA MARS / OS OLLOS DE LAURA MARS

17.45 CAMP D'ÉTÉ / CAMPAMENTO DE VERÁN + PRESENTACIÓN

19.45 WHITE SNAIL / CARACOL BRANCO

22.00 ZHI WU XUE JIA / THE BOTANIST / O BOTÁNICO

AUDITORIO DE GALICIA

20.30 CONCERTO RFG. SING SING (PROXECCIÓN CON MÚSICA EN VIVO)

VENRES 21 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 MONSTRUO DE XIBALBA

18.00 O AGENTE SECRETO

21.30 MARATÓN GRAFTED / ENXERTO + THE EXORCIST II: THE HERETIC / O EXORCISTA II: O HEREXE + GET AWAY / DE ESCAPADA + IT FEEDS / ALIMÉNTASE + LAST STRAW + PELÍCULA SORPRESA + LA NOTTE DEI DIAVOLI / A NOITE DOS DEMOS

SALÓN TEATRO

15.45 TWO FOR THE ROAD / DOUS NA ESTRADA

18.00 LA DANSE DES RENARDS / WILD FOXES / O BAILE DOS RAPOSOS

20.00 PILLION

22.15 MÉTÉORS / METEOROS

AUDITORIO DE GALICIA

20.30 CONCERTO RFG. SING SING (PROXECCIÓN CON MÚSICA EN VIVO)

SÁBADO 22 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

17.00 NOUVELLE VAGUE

19.15 FATHER MOTHER SISTER BROTHER / PAI NAI IRMÁ IRMÁN

21.45 KONTINENTAL '25

SALÓN TEATRO

16.45 MÉTÉORS / METEOROS

19.00 ÁRVA / ORPHAN / ORFO

21.45 PEE CHAI DAI KA / A USEFUL GHOST / UNHA PANTASMA ÚTIL

DOMINGO 23 DE NOVEMBRO

TEATRO PRINCIPAL

16.00 CAMP D'ÉTÉ / CAMPAMENTO DE VERÁN

17.45 FATHER MOTHER SISTER BROTHER / PAI NAI IRMÁ IRMÁN

21.00 CLAUSURA. ASÍ CHEGOU A NOITE

SALÓN TEATRO

17.00 360 CURVAS + PRESENTACIÓN

19.15 KONTINENTAL '25

21.30 ESCALOFRÍO

CINEUROPA 39
AMOR.CINEMA.PÚBLICO

CINEUROPA 39

PREMIOS CINEUROPA



©Pablo Barreiro

PREMIO CINEUROPA JAIONE CAMBORDA

Nada en San Sebastián en 1983, Jaione Camborda consolidouse como unha das voces máis singulares e reveladoras do cinema español contemporáneo. Formada na prestixiosa FAMU (Escola de Cinema e Televisión da Academia de Artes Escénicas de Praga) e na Hochschule für Fernsehen und Film München (Universidade de Televisión e Cinema de Múnic), elixiu Galicia como territorio creativo, integrándose na corrente coñecida como Novo Cinema Galego, un movemento que conxuga realismo poético, exploración sensorial e unha procura persistente de identidade. Desde ese enclave atlántico, o seu cinema irradiou unha forza pouco común, atraendo a atención da crítica internacional e dun público ávido de autenticidade.

Camborda iniciou a súa traxectoria cinematográfica como directora de arte e máis tarde como coguionista de *Os fenómenos*, de Alfonso Zarauza, xunto a quen tamén asinou o guión de Ons. Entre o 2015 e o 2017 realizou as curtametraxes *Lilit*, *Nimbos*, *Proba de axilidade* e *Rapa das bestas*, pezas nas que xa se albiscaba a súa ollada precisa, intuitiva e profundamente sensorial. No 2019 debutou na longametraxe con Arima, unha obra que podería entenderse como o seu manifesto estético: unha exploración do invisible, do tremor que se agocha baixo a superficie das cousas, e unha aposta por unha narrativa onde a materia e o corpo adquiren un protagonismo insólito, como se a cámara respirase ao compás dos personaxes.

Apenas catro anos máis tarde, no 2023, deixou o mundo abraiado con *O corno*, coa que se converteu na primeira directora española en gañar a Cuncha de Ouro do Festival de San Sebastián. Máis ca un premio, aquel recoñecemento supuxo a confirmación dunha voz madura, dunha sensibilidade capaz de transformar o íntimo en universal e de traducir a emoción en forma cinematográfica.

O cinema de Jaione Camborda distínguese por unha poética do corpo e da materia. O físico adquire peso narrativo: a pel, a terra, a humidade, os xestos. En *O corno*, a escena inicial dun parto revela sen artificio a intensidade do humano, a fraxilidade e a forza primixenia que acompañan a vida. Esa materialidade, tratada cunha cámara próxima e silenciosa, converte cada imaxe en experiencia sensorial. A iso engádese un fondo arraigamento no territorio galego e na súa lingua, que lonxe de limitar o alcance do seu cinema, dótao dunha autenticidade que o eleva por riba de calquera fronteira.

A súa ollada cara ao feminino, a sororidade, a resistencia e a liberdade configuran un universo coherente e poderoso. María, a protagonista de *O corno*, encarna esa forza solidaria e subversiva que atravesa toda a película: a muller que asiste partos, que axuda en abortos clandestinos, que foxe para poder seguir vivindo con dignidade.

O éxito de Camborda responde a unha conxunción pouco frecuente: unha claridade de estilo, unha conexión emocional profunda co espectador e un momento histórico que reclama novas miradas. O seu triunfo é tamén o dunha xeración de creadoras que entenden o cinema como un espazo de resistencia, de tenrura e de verdade. Sorprende que, con só dúas longametraxes, alcanzase unha madurez expresiva tan plena, unha voz que parece nacer xa completamente formada.

O seu cinema non berra, pero ecoa. Non impón, pero transforma. Nun tempo en que o cinema busca reinventarse, Jaione Camborda emerxe cunha luz propia: unha autora que lle devolve sentido ao silencio, densidade aos xestos e fondura á emoción. A súa presenza renova a paisaxe cinematográfica española cunha autenticidade que conxuga a raíz e a modernidade, o íntimo e o colectivo, a terra e o corpo.

O seu ascenso fulgurante non anuncia só unha carreira prometedora: é, ante todo, a proba de que aínda existen olladas capaces de renovar a linguaxe cinematográfica desde a emoción e a materia. Que o seu sexa un camiño longo, fecundo e libre, como o das mulleres que filma. Porque Jaione Camborda non só conquistou a cima: fíxoa súa, e desde alí contempla o futuro coa serenidade de quen sabe que a arte verdadeira non necesita présa, só verdade.

Alejandra Trelles



©Pablo Hoyos

PREMIO CINEUROPA JONÁS TRUEBA

A historia de Jonás Trueba en Cineuropa nace nunha noite do 2010. Jonás chegaba a Compostela directo do que fora a noite anterior a premiére en Xixón da súa ópera prima, a longa *Todas las canciones hablan de mi.*

Moi novo aínda —non cumprira os trinta— viña co que imaxino é o proceso de descompresión inmediato a un debut. Lembro que comemos nunha das máis venerables tascas do Franco, cando este aínda non fora tomado por eses seres que nos xeran a moitos unha razoable turismofobia.

Acababamos de coñecernos pero a conversa axiña fluíu. Recordo que no xantar falamos de cinema e de literatura: de Tony Judt, que acababa de morrer, e de Jorge Semprún, que falecería uns meses despois. En realidade, vista hoxe, parece unha conversa postergada sobre a finitude do esquecido século XX e as súas ideoloxías fortes, sobre as que Judt e Semprún tanto escribiron e, no caso do segundo, marcaron boa parte da súa vida como revolucionario profesional.

Sentín un deses frechazos de afecto e proximidade nese primeiro encontro con Jonás Trueba. E entón caeu sobre os meus ombreiros con peso redobrado o asunto que me tiña preocupado desde aquela mañá. Estabamos a luns. A súa película íase proxectar esa mesma noite no Teatro Principal, no marco da última semana dese Cineuropa do 2010.

Pero é que —amais de ser luns e de chover con forza— á mesma hora celebrábase o primeiro gran clásico que enfrontaba o Barça de Guardiola co Madrid dun Mourinho que acababa de chegar. Creo que é o único Barça-Real Madrid que se xogou un luns en toda a historia da liga. A expectación ante ese primeiro enfrontamento entre o catalán e o portugués era case a que xerou o choque de Mohammad Alí contra George Foreman na Kinshasa de Mobutu, tan ben contada por Norman Mailer. E canto mellor me entendía conversando con Jonás, máis preocupante se me facía a previsible situación dun Principal con moitas butacas baleiras ante a irresistible competencia do fútbol.

Ademais —pensei—, este cineasta tan novo e tan culto será totalmente alleo a iso do fútbol. A ver como lle explico que a mingua de espectadores non se debe a un desapego pola súa ópera prima senón ao duelo de Guardiola e Mourinho.

Ás veces —e iso acontece moito na música do azar traxicómico que rodea os personaxes do cinema de Trueba— nada é o que parece. A vida —como o cinema— xoga aos dados cos nosos desexos. Chegado o momento da verdade, entrei con Jonás no Principal e o teatro estaba cheo a rebordar. Fixemos a presentación breve e saímos da sala.


Entón confeseille cal fora o meu temor ao longo do día. Non acabara de contarllo e xa estaba Jonás a preguntarme se non poderiamos atopar un bar onde ver o partido. Era un devoto do Barça de Pep Guardiola. E abofé vimos o partido e ademais gozamos tanto como o K.O. de Foreman en Zaire cos cinco goles que lle caeron a Mourinho. O retorno ao Principal para o coloquio foi unha festa. Saltamos das musas ao teatro e o sorriso non se nos borraba do rostro.

Tras ese serán de carambolas, sutís *turning points* de guión e indiscutible *happy ending*, Jonás Trueba volveu encher o Principal en máis ocasións. Pero aínda é o día en que lembramos aquel luns tormentoso e feliz como un agasallo do ceo.

Desde esa noite transcorreron quince anos e sete películas de Jonás. Cunha innegociable idea sobre o cinema como aventura de dimensións humanas, recoñecida en festivais como San Sebastián ou como en Cannes. Alí foi premiado na súa Quincena de Cineastas o ano pasado, nesa Francia onde as súas películas reciben nomeamentos aos César e as salas se enchen para gozar do seu cinema.

A súa obra foise expandindo en autocoñecemento e en sabedoría, que lle permitiron habitar iso tan relevante e celebratorio que é posuír un territorio de seu e moi ben definido no cinema español e europeo. É un microcosmos, ou unha cosmogonía, segundo se queira mirar. Non é Jonás, en ningún caso, un deus das pequenas cousas. Primeiro, porque o seu papel non é o do director totalitario, senón o do creador que non entende o seu cinema máis que como a interacción cuns actores que chegan a coescribir o guión a canda el. E cun equipo técnico de camaradas cómplices. Os ilusos por sempre. E non falemos de cinema das cousas pequenas. Porque as citas ou os traballos de amor nunca perdidos do cinema de Jonás Trueba incumben, conmoven, soan a verdade, a agridoces tranches de vie, a reinvencións do SOS sentimental. Ou á soidade das parellas que, como na súa última película, a magnífica *Volveréis*, descobren que o que ía ser o seu adeus é inmenso e contén multitudes. Como as que adoraban a Guardiola ou as que festexaron o cinema debutante de *Todas las canciones hablan de mí.* Como no felicísimo día da marmota, nesa película que adoramos, Jonás volve a Cineuropa. Preparémonos para un gran clásico.

José Luís Losa


©Locarno Film Festival

PREMIO CINEUROPA **KAMAL ALJAFARI**

Hai varios verbos que parecen inevitábeis á hora de escribir sobre o cinema de Kamal Aljafari. "Lembrar" é un deles, se cadra o máis obvio. O pasado desprégase na pantalla para axudarnos a ler o presente xa dende a súa primeira curta, *Visit Irak* (2003), que fai dunha oficina abandonada da liña aérea Iraqi Airways a perfecta metáfora para un país convertido nunha ausencia. Tamén a memoria familiar, o regreso ás orixes que representa *The roof* (2006), encomenda dunha televisión alemá que non lle gustou aos que a pagaron, decepcionados ao ver homes e mulleres que falaban calmadamente e se comportaban con normalidade: na súa visión colonialista, os palestinos debían actuar doutra maneira, talvez máis enfurecida e dramática. E, por suposto, a memoria histórica, o intelixente uso do material de arquivo para facer sátira da propaganda israelí que fomenta o entusiasmo polo exército en *Paradiso, XXXI, 108* (2022) ou para expoñer como o último século en Palestina foi un continuo de abuso e aniquilación, primeiro por parte da autoridade colonial británica, logo polo odio xenocida do sionismo. É iso o que conta *A fidai film* (2024), unha lección de cinema, a demostración de que xuntar un plano con outro chega a ser, algunhas veces, un sublime exercicio artístico e político. Imaxes contra o esquecemento, contra o intento abxecto de demolición material e inmaterial dunha nación.

Outro verbo de uso común é "resistir", a palabra intimamente cosida á pel das vítimas da ocupación. O pobo palestino, o pobo saharauí ou tantos outros que foron, son e serán. Unha vida de resistencia acaba por ser unha vida nun limbo, unha vida de espera entre unha traxedia e a seguinte, entre unha dor e outra, a cotiandade da desesperanza e a frustración, da expulsión inminente, como en *Port of Memory* (2009), case unha ficción. Mais a resistencia obstinada deriva en inspiradora disidencia. *With Hasan in Gaza* (2025), a súa última película que en certo sentido é a primeira, unha que filmou antes ca ningunha outra, alá no 2001, vai por aí. No contexto actual de destrución masiva emociona ver as crianzas de Gaza na praia de Gaza, emociona ver unha Gaza chea de cicatrices mais aínda en pé, un lugar vivo antes de que os promotores de odio fixeran o que mellor saben, matar. A Gaza que filmou Kamal pode non existir xa fisicamente, mais ficou gardada para sempre na memoria da humanidade.

Un terceiro verbo é "existir". Relaciónase con todo o anterior: as imaxes conxelan un "agora" que de forma inmediata se volve pasado, preservan corpos que xa non están. En *Recollection* (2015) reaparece a vida real que se ocultaba detrás das máis vulgares películas de acción, as paisaxes de fondo, a veciñanza que paseaba sen ser moi consciente de que por alí andaba un tal Chuck Norris. O cinema, a literatura, a arte en xeral, fai eternas as vidas. Fai eternas as bondades e as mesquindades, os rancores e os afectos, o horror e a beleza. Coa arte reconstruímos a existencia de quen nos antecedeu, conservámonos a nós mesmos e a quen virá despois de nós; preservamos a nosa especie, o que crea e o que destrúe, entendémonos mellor unhas persoas ás outras, aprendemos dos erros e dos acertos. É cuestión só de mirar, de escoitar, de atender, de comprender. De recoñecer o cinema como un mecanismo de existencia, de resistencia, de lembranza.

Martin Pawley



CINEUROPA 39

SECCIÓNS OFICIAIS

PROXECCIÓNS ESPECIAIS: INAUGURACIÓN E CLAUSURA

· MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT´S CAKE
A TORTA DO PRESIDENTE
· ASÍ CHEGOU A NOITE

SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO. CINEASTAS DO PRESENTE

· ANOCHE CONQUISTÉ TEBAS
· BAJO LAS BANDERAS, EL SOL
· BOG NEĆE POMOĆI / GOD WILL NOT HELP / DEUS NON AXUDARÁ
· CAMP D'ÉTÉ / CAMPAMENTO DE VERÁN
· DINTI DE LAPTE / MILK TEETH / DENTES DE LEITE
· ITT ÉRZEM MAGAM OTTHON / FEELS LIKE HOME COMO NA CASA
· LA DANSE DES RENARDS / WILD FOXE O BAILE DOS RAPOSOS
· MÉTÉORS / METEOROS
· PEE CHAI DAI KA / A USEFUL GHOST UNHA PANTASMA · ÚTIL
· PILLION
· PUNKU

SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

· AFFEKSJONVERDI / SENTIMENTAL VALUE VALOR SENTIMENTAL
· ÁRVA / ORPHAN / ORFO
· CIUDAD SIN SUEÑO
· COUTURE
· DREAMS (SEX LOVE) / SOÑOS EN OSLO
· DUSE
· ELISA
· EMERGENCY EXIT
· HELDIN / LATE SHIFT / QUENDA DE GARDA
· IN DIE SONNE SCHAUEN / SOUND OF FALLING SON DE CAÍDA
· KONTINENTAL '25
· L'ÉTRANGER / O ESTRANXEIRO
· LA GRAZIA / A GRAZA
· LA PETITE DERNIÈRE / A IRMÁ PEQUENA
· LA TOUR DE GLACE / A TORRE DE XEO
· LE MAGE DU KREMLIN / THE WIZARD OF THE KREMLIN O MAGO DO KREMLIN
· LES GENS D'À CÔTÉ / A XENTE DO LADO
· MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI
· NOUVELLE VAGUE
· O RISO E A FACA
· PAI NOSSO. OS ÚLTIMOS DIAS DE SALAZAR
· REFLET DANS UN DIAMOND MORT REFLEXO NUN DIAMANTE MORTO
· WHITE SNAIL / CARACOL BRANCO
· ZIKADEN / CICADAS / CIGARRAS

PANORAMA INTERNACIONAL

· EN EL CAMINO
· FATHER MOTHER SISTER BROTHER / PAI NAI IRMÁ IRMÁN
· KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN
· LA VIRGEN DE LA TOSQUERA
· MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT´S CAKE A TORTA DO PRESIDENTE
· NUESTRA TIERRA
· O AGENTE SECRETO
· O ÚLTIMO AZUL
· TABI TO HIBI / TWO SEASONS, TWO STRANGERS DÚAS ESTACIÓNS, DOUS DESCOÑECIDOS

DOCS CINEUROPA

· 360 CURVAS
· A FIDAI FILM / UN FILME FEDAÍN
· BAJO LAS BANDERAS, EL SOL
· BOORMAN AND THE DEVIL / BOORMAN E O DIAÑO
·¿DE QUÉ CASA ERES?
· DEUSES DE PEDRA
· ELOY DE LA IGLESIA, ADICTO AL CINE
· FLORES PARA ANTONIO
· LA MITAD DE MI FAMILIA
· NUESTRA TIERRA
· SEMPRE

PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

· 360 CURVAS
· ALGO NOVO QUE CONTAR
· ASÍ CHEGOU A NOITE
· CIUDÁ DE LADRILLO
· CRÓNICAS DUN NON
· DANZA PROPIA
· DEUSES DE PEDRA
· GRELEI RAÍCES NO TEU LAR
· LOLA (2025, A. Caeiro)
· O MEU NOME É CAMBA
· O SILENCIO HERDADO
· PURA
· TE SEPARAS MUCHO

SECCIÓNS OFICIAIS

PROXECCIÓNS ESPECIAIS

INAUGURACIÓN E CLAUSURA

INAUGURACIÓN

VENRES 7, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT'S CAKE
A TORTA DO PRESIDENTE (2025)



Hasan Hadi
Iraq, Estados Unidos, Qatar / 105 min / Ficción / Árabe

Ficha artística:
Baneen Ahmad Nayyef, Waheed Thabet Khreibat, Sajad Mohamad Qasem

Ficha técnica:
·Guión: Emmanuel Courcol, Irène Muscari
·Fotografía: Maxence Lemonnier
·Edición: Guerric Catala
·Produción: Marc Boudre

Sinopse:
No Iraq dos anos 90, mentres a poboación loita por sobrevivir baixo o réxime e as sancións de Sadam Husein, Lamia, unha nena de nove anos, emprende unha arriscada misión: conseguir os ingredientes necesarios para preparar a obrigatoria torta de aniversario do presidente. Acompañada do seu galo Hindi, deberá enfrontarse á escaseza, ao medo e á absurda burocracia dun sistema opresivo.
Hasan Hadi é un guionista e director iraquí nacido en Bagdad e criado no sur do país durante a guerra. Traballou como xornalista, produtor e profesor adxunto no programa de posgrao en cinema da Universidade de Nova York (NYU). En 2021 dirixiu a curtametraxe *Swimsuit*. Acadou, entre outros recoñecementos, os premios Sundance/NHK 2022 e o Black Family Production. Alén diso recibiu tamén as bolsas Gotham–Marcie Bloom, SFFILM Rainin, a do Instituto de Cinema de Doha e a Sundance Lab 2022.

CÁMARA DE OURO Á MELLOR ÓPERA PRIMA E PREMIO DO PÚBLICO NA QUINCENA DE CINEASTAS DO FESTIVAL DE CANNES 2025

CLAUSURA

DOMINGO 23, 21.00 | TEATRO PRINCIPAL

ASÍ CHEGOU A NOITE (2025)



Ángel Santos
España / 122 min / Ficción / Galego, castellano

Ficha artística:
Denis Gómez, Violeta Gil, Miquel Insua

Ficha técnica:
·Guión: Ángel Santos, Pablo García Canga
·Fotografía: Iván Castiñeiras
·Edición: Marcos Flórez
·Produción: Alfonso Zarauza, Ángel Santos, Daniel Froiz

Sinopse:
Un escultor establece o seu obradoiro nunha apartada zona rural da costa galega. Aos poucos vai illándose da súa contorna, cortando todo contacto con amigos e familiares. Cando unha antiga amante acuda ao seu encontro, provocará nel unha reflexión sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida.
Ángel Santos debutou na longametraxe con *Dos fragmentos / Eva* (2012). *As altas presións* (2014), a súa segunda película de ficción, foi estreada no Festival Internacional de Busan e obtivo o Premio Novas Ondas no Festival de Cine Europeo de Sevilla. Escribiu sobre cinema en *Miradas de Cine, Blogs & Docs* e *Shangri-la,* e é cofundador de Novos Cinemas, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, do que foi director artístico nas súas cinco primeiras edicións. Como docente, está implicado desde hai unha década no proxecto educativo *Cinema en Curso* (A Bao A Qu / CGAI).

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CINE DE XIXÓN 2025

CINEUROPA 39

SECCIÓNS OFICIAIS

A CONCURSO

CINEASTAS DO PRE-SENTE

A sección que define Cineuropa como festival internacional competitivo chega á súa quinta edición tras os premios outorgados en edicións anteriores a filmes como o noruegués *Armand* ou o estadounidense *Riddle of fire*. Once títulos compiten este ano polo Premio Cineastas do Presente, que concederá o xurado internacional formado pola crítica e profesora catalá Eulàlia Iglesias, o cineasta asturiano Ramón Lluís Bande e a produtora e comisaria arxentina Florencia de Mugica.

Estas once películas acadaron numerosos galardóns nos festivais máis destacados do circuíto internacional desta tempada e representan as cinematografías doutros tantos países: Francia, Bélxica, Croacia, España, Hungría, Reino Unido, Suíza, Romanía, Perú, Paraguai e Tailandia.

Deste último país procede *Unha pantasma útil*, gañadora da Semana da Crítica en Cannes e dos premios ao mellor guión e mellor director/a revelación no recente Festival de Cinema Fantástico de Sitges.

Do mellor do Festival de Cannes chegan tamén á nosa competición *La danse des renards*, gañadora do Premio Europa Lebel, o máximo galardón da Quincena de Cineastas; *Pillion*, merecedora do Premio ao Mellor Guión da sección *Unha certa ollada*; e *Météors*, incluída tamén na mesma sección de Cannes.

Da pasada Berlinale proceden o filme peruano *Punku* e mais a película paraguaia *Bajo las banderas, el sol*, na que Juanjo Pereira recupera —cun valiosísimo rescate dun arquivo de imaxes ata agora inéditas— a memoria do que foi unha ditadura latinoamericana que durante décadas semellaba quedar fóra do foco informativo: a de Alfredo Stroessner. *Bajo las banderas, el* sol recibiu o Premio da Crítica da sección Panorama de Berlín e o recoñecemento absoluto como mellor película na última edición do BAFICI (Festival Internacional de Cinema de Buenos Aires).

Outras dúas películas desta competición de cineastas emerxentes proceden da máis recente Mostra de Venecia: a romanesa *Milk teeth* participou na sección Horizontes, e a española *Anoche conquisté Tebas*, de Gabriel Azorín, foi seleccionada nas Xornadas dos Autores e tamén pola Seminci.

A produción croata *God will not help* participou no Festival de Locarno e alí recibiu o premio de interpretación para as súas actrices, a croata Ana Marija Veselčić e a chilena Manuela Martelli.

O filme húngaro *Feels like home*, unha alegoría sobre o réxime iliberal de Viktor Orbán con ecos do cinema político de Carlos Saura en títulos como *Ana y los lobos*, vén de recibir no Festival de Sitges o Premio Méliès de Prata á Mellor Película Europea.

VENRES 14, 20.00 | SALÓN TEATRO I CON PRESENTACIÓN
MARTES 18, 18.00 | SALÓN TEATRO

ANOCHE CONQUISTÉ TEBAS (2025)

Gabriel Azorín

España, Portugal / 112 min / Ficción / Portugués, galego, latín


Ficha artística:
Santiago Mateus, Pavle Čemerikić, Oussama Asfaraah, António Gouveia

Ficha técnica:
•Guión: Gabriel Azorín, Celso Giménez
•Fotografía: Giuseppe Truppi
•Edición: Ariadna Ribas
•Produción: Rodrigo Areias, Roi Carballido, Beli Martínez, Carlos Pardo Ros

Sinopse:
Nunha fría tarde de inverno, dous mozos portugueses, António e Jota, e un pequeno grupo de amigos cruzan a fronteira cara ás antigas termas romanas dunha zona rural galega. Mentres se bañan, acontece algo especial: o vapor, a noite e a auga parecen alterar o estado de ánimo dos presentes. Ao caer a escuridade, confésanse medos e agarimos ocultos. Entón descubrimos que non están soamente eles: noutro tempo, dous soldados romanos viven un momento semellante, cos mesmos temores e as mesmas dores. A auga, o espazo e o tempo convértense nun lugar de intimidade onde habita o medo a perder o mellor amigo e tamén o impulso de dicir o nunca dito.

Gabriel Azorín é diplomado en Dirección pola ECAM, onde tamén exerce como titor da especialidade de Documental. A súa curta de graduación, *Los galgos* (2011), estreouse na Seminci, no apartado dedicado á escola madrileña. Integrante do colectivo lacasinegra, os seus traballos participaron en festivais como San Sebastián, Entrevues, Festival dei Popoli, Sevilla ou Ficunam. A súa filmografía inclúe a mediometraxe *Los mutantes* (2016) e as curtametraxes *Mañana vendrá la bala* (2015) e *El ruido del universo* (2024). *Anoche conquisté Tebas* (2025) é a súa primeira longametraxe.

REMIO ANGUÍA DE OURO AO MELLOR GUIÓN E FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE VENECIA 2025



MÉRCORES 12, 20.00 | NUMAX I MESA DEBATE
LUNS 17, 20.00 | NUMAX

BAJO LAS BANDERAS, EL SOL (2025)

Juanjo Pereira

Paraguai, Arxentina, Francia, Estados Unidos, Alemaña / 90 min / Documental / Castelán

Ficha técnica:
•Guión: Juanjo Pereira
•Fotografía: Francisco Bouzas, Pascual Glauser
•Edición: Manuel Embalse
•Produción: Ivana Urizar, Gabriela Sabaté, Paula Zyngierman, Leandro Listorti, Juanjo Pereira

Sinopse:
A partir de 120 horas de imaxes de arquivo, este documental afonda na maquinaria oculta da ditadura de Alfredo Stroessner en Paraguai, un dos réximes máis longos da historia contemporánea. Desde a propaganda ata as emisións internacionais, o filme revela como os medios de comunicación moldearon o poder, controlaron a memoria colectiva e construíron un legado que aínda perdura hoxe.

Juanjo Pereira é director artístico e programador do Festival Internacional de Cine Contemporáneo de Asunción e deseñador de imaxe e son na Universidade de Bos Aires. Participou en programas internacionais como Berlinale Talents, Málaga Talents e IDFAcademy, e recibiu galardóns como o Premio Especial do Xurado no INAP, o FONDEC e o Premio Lumière. *Bajo las banderas, el sol*, é a súa ópera prima.

PREMIO DO PÚBLICO NA BERLINALE 2025
GRAN PREMIO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDIENTE DE BUENOS AIRES (BAFICI)



DOMINGO 16, 15.45 | SALÓN TEATRO
MARTES 18, 15.45 | NUMAX

BOG NEĆE POMOĆI / GOD WILL NOT HELP DEUS NON AXUDARÁ (2025)

Hana Jušić

Croacia, Italia, Romanía, Grecia, Francia, Eslovenia / 137 min / Ficción / Castelán, croata

Ficha artística:
Manuela Martelli, Ana Marija Veselčić, Filip Đurić, Mauro Ercegović Gracin, Nikša Butijer

Ficha técnica:
•Guión: Hana Jusic
•Fotografía: Jana Plećaš
•Edición: Jan Klemsche
•Produción: Diana Caravia, Didar Domehri, Ankica Juric Tilic, Ales Pavlin, Hrvoje Pervan, Stefano Sardo, Ada Solomon, Marija Stojanovic, Andrej Stritof, Yorgos Tsourgiannis, Ines Vasiljevic

Sinopse:
A comezos do século XX, Teresa, unha muller chilena, chega a unha remota comunidade de pastores no interior de Dalmacia, afirmando ser a viúva dun irmán emigrado. A súa presenza altera o equilibrio dun mundo regrado e illado, xerando desconfianza e inquedanza, pero tamén unha inesperada inspiración entre as mulleres.

Hana Jušić é unha directora e guionista croata coñecida polo seu enfoque realista e introspectivo. Escribiu e dirixiu varias curtametraxes antes de debutar na longametraxe con *Quit staring at my plate* (2016), galardoada con máis de trinta premios internacionais. Como guionista, destacou tamén coa serie *The last socialist artefact* (2021), gañadora do Premio á Mellor Serie en Series Mania e posteriormente emitida por ARTE e Filmin. O seu cinema explora con lucidez as dinámicas familiares, a clase social e as contradicións da identidade contemporánea.

LEOPARDO Á MELLOR INTERPRETACIÓN (MANUELA MARTELLI, ANA MARIJA VESELČIĆ) NO FESTIVAL DE LOCARNO 2025
PREMIO E SPECIAL POLA PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO NO FESTIVAL DE SARAJEVO 2025



XOVES 20, 17.45 | NUMAX I CON PRESENTACIÓN
DOMINGO 23, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

CAMP D'ÉTÉ / CAMPAMENTO DE VERÁN (2025)

Mateo Ybarra

Suíza, Francia / 78 min / Documental / Francés, inglés, alemán, italiano

Ficha técnica:
•Guión: Mateo Ybarra, Milan Alfonsi, Louis Rebetez
•Fotografía: Lucie Goldryng
•Edición: Rémi Langlade
•Produción: Mateo Ybarra, Madeline Robert

Sinopse:
En Suíza, o movemento scout non é unha reliquia do pasado, senón unha realidade viva e entusiasta. Este documental acompaña un grupo de mozos e mozas durante catorce días de convivencia nun campamento instalado nun val suízo, onde milleiros de adolescentes constrúen unha pequena vila temporal. A través das súas actividades —traballo en equipo, aprendizaxe, disciplina, reflexión e alegría compartida— o filme retrata o idealismo e o sentido ético que sustentan o espírito scout. Un retrato luminoso e cheo de vida sobre a amizade, a responsabilidade e o tránsito á madurez.

Mateo Ybarra é un cineasta suízo formado en realización na HEAD – Genève e na Universidade das Artes de Londres. En 2020 codirixiu, xunto a Raphaël Dubach, *LUX*, unha recreación dun simulacro do exército suízo que gañou un premio no Festival de Locarno. En 2022 presentou *Sur nos monts*, construída a partir de imaxes filmadas por soldados durante o servizo militar e galardoada con dous premios no Festival de Cinema Documental Ji.hlava, na República Checa.



LUNS 17, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 19, 17.45 | SALÓN TEATRO

DINTI DE LAPTE / MILK TEETH / DENTES DE LEITE (2025)

Mihai Mincan

Romanía, Francia, Dinamarca, Grecia, Bulgaria / 104 min / Ficción / Romanés

Ficha artística:

Emma Ioana Mogos, Marina Palii, Igor Babiac, Istvan Teglas

Ficha técnica:

•Guión: Mihai Mincan
•Fotografía: George Chiper
•Edición: Dragos Apetri
•Produción: Poli Angelova, Cyriac Auriol, Monica Hellström, Ioana Lascar, Adrian Moroca, Vlad Radulescu, Radu Stancu, Nikolay Todorov, Konstantinos Vassilaros

Sinopse:

Nos últimos meses do réxime comunista romanés, unha nena desaparece misteriosamente sen deixar rastro. A súa irmá de dez anos, Maria, convértese na última persoa en vela. A pequena tenta comprender o que aconteceu mentres o mundo ao seu redor se afunde no silencio, a paranoia e o medo.

Mihai Mincan é un director e guionista romanés que iniciou a súa carreira como xornalista nalgúns dos principais medios do seu país antes de dedicarse ao cinema. En 2008, co guión de *The Palm Lines*, foi seleccionado nos festivais de Locarno, Rotterdam e Cottbus. Posteriormente escribiu e dirixiu varias curtametraxes estreadas en importantes certames europeos, ademais de codirixir documentais para televisión. O seu debut na longametraxe, *To the north* (2022), presentouse na sección Horizontes do Festival de Venecia, onde gañou o premio Anguía de Ouro, e percorreu unha vintena de festivais internacionais.



LUNS 17, 22.15 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 19, 22.30 | SALÓN TEATRO

ITT ÉRZEM MAGAM OTTHON / FEELS LIKE HOME / COMO NA CASA (2025)

Gábor Holtai

Hungría / 125 min / Ficción / Húngaro

Ficha artística:

Rozi Lovas, Áron Molnár, Tibor Szervét, Dorka Gryllus

Ficha técnica:

•Guión: Attila Veres
•Fotografía: Dániel Szőke
•Edición: Gábor Holtai
•Produción: Ádám Farkas, Péter Fülöp, Zoltán Mártonffy

Sinopse:

Unha muller é secuestrada por unha familia delirante que está convencida de que é a súa filla desaparecida. Para sobrevivir, vese obrigada a seguirlles o xogo mentres procura desesperadamente unha saída a ese pesadelo.

Gábor Holtai é un director húngaro que reparte o seu tempo entre a dirección de series de televisión, traballos publicitarios e o desenvolvemento de proxectos tanto en Hungría como no Reino Unido. O éxito da súa curtametraxe *Second round* (2020) confirmou o seu interese polo cinema de xénero e consolidouno como unha das voces emerxentes do thriller e do terror europeo. No seu traballo combina unha posta en escena visualmente precisa cun humor escuro e unha clara preocupación polas cuestións sociais. *Feels like home* é a súa estrea na longametraxe.

PREMIO MÉLIÈS DE PRATA Á MELLOR PELÍCULA DE XÉNERO FANTÁSTICO NO FESTIVAL DE SITGES 202



MÉRCORES 12, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 21, 18.00 | SALÓN TEATRO

LA DANSE DES RENARDS / WILD FOXES / O BAILE DOS RAPOSOS (2025)

Valéry Carnoy

Bélxica, Francia / 92 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Samuel Kircher, Faycal Anaflous, Anna Heckel, Jef Jacobs

Ficha técnica:

•Guión: Jacques Akchoti, Valery Carnoy
•Fotografía: Arnaud Guez
•Edición: Damien Bouffioux, Suzana Pedro
•Produción: Inès Daïen Dasi, Julie Esparbes

Sinopse:

Nun internado deportivo, Camille, un mozo boxeador de gran talento, é salvado in extremis dun accidente mortal polo seu mellor amigo, Matteo. Aínda que os médicos aseguran que está curado, unha dor inexplicable comeza a apoderarse del, corroendo o seu corpo e a súa mente ata poñer en perigo os seus soños de grandeza e a súa relación co equipo. No cuadrilátero e nun mundo de homes, non hai lugar para a debilidade.

Valéry Carnoy é un cineasta belga formado no INSAS de Bruxelas. En 2018 graduouse coa curta *Ma planète*, unha comedia poética seleccionada en máis de 80 festivais internacionais e gañadora de numerosos premios. En 2021 dirixiu *Titan*, coprodución franco-belga que obtivo o Gran Premio Nacional no Festival de Curtametraxes de Bruxelas e máis de trinta galardóns, ademais de ser nomeada aos Premios Magritte e preseleccionada aos César.

PREMIO EUROPA CINEMAS LABEL Á MELLOR PELÍCULA EUROPEA E O PREMIO COUP DE CŒUR DA SACD DA QUINCENA DE CINEASTAS DO FESTIVAL DE CANNES 2025



VENRES 21, 22.15 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 22, 16.45 | SALÓN TEATRO

MÉTÉORS / METEOROS (2025)

Hubert Charuel

Francia / 111 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Paul Kircher, Idir Azougli, Salif Cissé

Ficha técnica:

•Guión: Hubert Charuel, Claude Le Pape
•Fotografía: Jacques Girault
•Edición: Valentin Charrier, Laurent Navarri, Julie Picouleau
•Produción: Stéphanie Bermann, Alexis Dulguerian

Sinopse:

Na Francia rural, tres amigos de toda a vida enfróntan destinos moi distintos: Tony converteuse no rei da construción, mentres Mika e Daniel seguen a ser reis de nada. Con grandes soños e pouca sorte, acaban meténdose en problemas unha vez máis. Sen saída, aceptan traballar para Tony nun vertedoiro nuclear.

Hubert Charuel criouse na contorna rural dunha familia de gandeiros leiteiros. Tras traballar no eido agrícola, formouse na prestixiosa La Fémis de París, onde se graduou en 2011. Logo de realizar varias curtas —entre elas *Diagonale du vide* e K-nada— en 2017 dirixiu a súa primeira longa, *Petit Paysan* (tamén coñecida como *Bloody Milk*), unha historia ambientada na paisaxe rural francesa que lle valeu o César á Mellor Ópera Prima en 2018.

SECCIÓN *UNHA CERTA OLLADA* DO FESTIVAL DE CANNES 2025



XOVES 20, 20.15 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 22, 21.45 | SALÓN TEATRO

PEE CHAI DAI KA / A USEFUL GHOST / UNHA PANTASMA ÚTIL (2025)

Ratchapoom Boonbunchachoke

Tailandia, Francia, Singapur, Alemaña / 130 min / Ficción / Tailandés

Ficha artística:
Davika Hoorne, Witsarut Himmarat, Apasiri Nitibhon, Wanlop Rungkumjud, Wisarut Homhuan

Ficha técnica:
•Guión: Ratchapoom Boonbunchachoke
•Fotografía: Pasit Tandaechanurat
•Edición: Chonlasit Upanigkit
•Produción: Cattleya Paosrijeroen, Soros Sukhum, Karim Aitouna, Zorana Musikic, May Odeh, Cod Satrusayang, Si En Tan

Sinopse:
Tras a morte dun empregado nunha fábrica familiar de electrodomésticos, un fenómeno inexplicable sacode o lugar: os espíritos comezan a posuír os aparellos. Mentres as autoridades preparan o peche da factoría, March, fillo do propietario e afundido pola perda da súa muller embarazada, Nat, descobre que o seu espírito regresou... encarnado nun aspirador. A relación entre ambos renace nunha nova e insólita forma, desafiando a lóxica e a concepción social dos fantasmas. Decidida a ser útil, Nat propón liberar a fábrica das almas errantes que a habitan.
Ratchapoom Boonbunchachoke é un cineasta e tailandés que traballa como guionista de televisión. En 2020 escribiu e dirixiu a curtametraxe *Red Aninsri; or, Tiptoeing on the Still Trembling Berlin Wall*, que destacou en festivais internacionais pola súa estética provocadora e a súa reflexión sobre identidade e a sexualidade. *Unha pantasma útil* (2025) é a súa primeira longametraxe.

GRAN PREMIO DA SEMANA DA CRÍTICA DO FESTIVAL DE CANNES 2025



SÁBADO 8, 18.00 | SALÓN TEATRO
VENRES 21, 20.00 | SALÓN TEATRO

PILLION (2025)

Harry Lighton

Irlanda, Reino Unido / 106 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Alexander Skarsgård, Harry Melling, Lesley Sharp

Ficha técnica:
•Guión: Harry Lighton. Baseado na novela de Adam Mars Jones
•Fotografía: Nick Morris
•Edición: Gareth C. Scales
•Produción: Clare Binns, Lucy Drury, Mark Gooder, Lee Groombridge, Ed Guiney, Pim Hermeling, Tobi Kyerematen, Andrew Lowe, Emma Norton, Louise Ortega, Savannah Power, Alexander Skarsgård, Elizabeth Small, Alison Thompson, Christian Vesper, Eva Yates

Sinopse:
Colin leva unha vida gris e rutineira pero a súa existencia dá un xiro inesperado cando coñece a Ray, o carismático e atractivo líder dunha banda de moteiros gais, que o introduce nun mundo de dominación, entrega e desexo. O que comeza como unha experiencia liberadora convértese nunha viaxe incómoda cara aos límites da identidade, a intimidade e o poder dentro da parella. *Pillion* é unha *feel good* movie que desarma as convencións da comedia costumista inglesa para falar sen pudor dos límites do amor e da vulnerabilidade dos roles nunha relación, aquí definidos por quen conduce a moto e quen vai de acompañante (*pillion*).
Harry Lighton é un director e guionista británico afincado en Londres. A súa primeira curtametraxe, *Sunday morning coming down* (2018), foi recoñecida polos BAFTA. A seguinte, *Wren Boys* (2017), tivo un amplo percorrido por festivais internacionais como Sundance, ademais de recibir nomeamentos aos premios BAFTA e BIFA. Nos últimos anos traballou con Oliver Hermanus en diversos proxectos, como *Living*, a serie *Mary & George* e unha longametraxe biográfica sobre Alexander McQueen de próxima estrea da que é guionista.

PREMIO AO MELLOR GUIÓN NA SECCIÓN *UNHA CERTA OLLADA* DO FESTIVAL DE CANNES 2025



MARTES 18, 20.15 | SALÓN TEATRO I CON PRESENTACIÓN
MÉRCORES 19, 22.00 I NUMAX I CON PRESENTACIÓN

PUNKU (2025)

Juan Daniel Fernández Molero

Perú, España / 132 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Ricardo Delgado, Hugo Sueldo, Maritza Kategari, Marcelo Quino

Ficha técnica:
•Guión: Juan Daniel Fernández Molero
•Fotografía: Johan Carrasco
•Edición: Juan Daniel Fernández Molero
•Produción: Verónica Ccarhuarupay, Juan Daniel Fernández Molero

Sinopse:
Na selva peruana, Meshia, unha adolescente *matsigenka*, atopa a Iván, un mozo desaparecido hai dous anos. Tras levalo ao hospital e reunilo coa súa familia, é acollida por eles e comeza a traballar no seu bar. Nesa nova contorna, Meshia enfróntase a un mundo de desexo, violencia e hipocrisía, mentres Iván, marcado polo silencio e por visións estrañas, tenta recompoñerse. En *Punku* ("porta" cun matiz metafísico en quechua), J.D. Fernández Molero retrata con lirismo e tensión a mocidade peruana entre a tradición e o capitalismo contemporáneo.
J. D. Fernández Molero é un cineasta, produtor e montador peruano. A súa filmografía inclúe *Reminiscencias* (2010), presentada no ciclo Luns Modernos do MoMA en 2011, e *Videofilia (y otros síndromes virales)*, gañadora do premio Tigre no Festival de Rotterdam en 2015 e candidata de Perú aos Óscar na súa 89ª edición. *Punku* (2025) é a súa segunda longametraxe de ficción.

SECCIÓN FORUM 2025 DA BERLINALE





SECCIÓN OFICIAL EUROPEA

A Sección Oficial Europea é, desde sempre, a meniña dos ollos deste festival. Desde as nosas orixes –cumprimos 39 edicións– nomes como Scola, Greenaway, Wenders, Kieslowski, Loach, Tavernier ou Chabrol concitaron riolas de espectadores que chegaban ata a praza do Toural. E como os festivais son fieis aos seus xenes e ás intuicións colectivas do seu público, así segue a ser agora, cando grazas a Internet xa non cómpre facer cola, mais os maiores aforos de Cineuropa se seguen a producir coas películas desta sección. De novo se congregan nela a maior parte dos autores máis importantes pola súa traxectoria e que acadaron importantes premios internacionais durante a tempada de festivais.

E cremos ser obxectivos se salientamos que a selección de 21 películas deste ano 2025 é a máis brillante da última década. Olivier Assayas e a súa adaptación *d'O mago do Kremlin*, con Jude Law como un moi crible Putin. Richard Linklater e a súa *Nouvelle Vague*, que se presentou en Cannes. *La petite dernière*, de Hafsia Herzi, que gañou tamén en Cannes o Premio á Mellor Actriz. Tamén de Cannes chegan o danés Joachim Trier e *Sentimental value*, que obtivo alí o Gran Premio do Xurado. E a outra gran revelación do festival, xunto ao noso Óliver Laxe, a alemá Masha Schilinski, Premio do Xurado con ese *Sound of falling* do que todo o mundo falaba na Croisette e segue a falar polo mundo adiante.

O palmarés da pasada Berlinale entra nesta sección case ao completo co Oso de Ouro que gañou o noruegués Dag Johan Haugerud con *Dreams (Sex Love)*, co Premio ao Guión doutro autor con firma, o romanés Radu Jude, e a súa *Kontinental '25*, co Premio á Contribución Artística obtido por Lucile Hadzihalilovic con *La tour de glace*, que protagoniza Marion Cotillard, e mais co regreso dun dos grandes veteranos do cinema francés, André Téchiné, con *Les gens d'à côté* e Isabelle Huppert.

Queren máis nomes para o dream team desta sección? Paolo Sorrentino e François Ozon. Ambos os dous chegan da Mostra de Venecia e son os únicos directores que repiten presenza con respecto á edición do 2024. Sorrentino faino coa que moitos consideran a súa mellor película, *La grazia*, que se alzou coa Copa Volpi ao Mellor Actor cun inmenso Toni Servillo. E Ozon faino coa súa adaptación *d'O estranxeiro* de Camus. Da sección oficial da Mostra traémoslles tamén outros tres pratos fortes: a nova película do autor *d'O fillo de Saúl*, László Nemes, titulada Orphan; a figura da lendaria actriz de teatro Eleonora Duse, epicentro de *Duse*, dirixida polo vangardista Pietro Marcello; e *Elisa*, de Leonardo Di Costanzo, cunha actriz, Barbara Ronchi, digna de todo o foco.

Hai moito máis: o retorno ao cinema adulto de Angelina Jolie con *Couture*, de Alice Winocour, ou outros dous impactos da Berlinale, *Mother's baby*, de Johanna Moder, e *Reflet dans un diamond mort*, o máis recente prodixio de Hélène Cattet e Bruno Forzani, con María de Medeiros e Fabio Testi. E, nela, un momento Adriano Celentano que compite polo premio á mellor secuencia da tempada. Tamén temos unha das triunfadoras do Festival de Locarno, *White snail*, Premio Especial do Xurado e Mellor Interpretación Principal para o seu actor e a súa actriz.

Como é marca do noso ADN, a fecunda e asombrosa produción de cinema portugués enriquécenos coa nova película do gran Pedro Pinho, *O riso e a faca*, mural opulento arredor do postcolonialismo en África que sacudiu Cannes. E con *Pai nosso*, ou algo así como o *Goodbye Lenin* que lle montaron ao ditador Oliveira Salazar nos últimos días da súa vida.

A representación do cinema español chega da man dun debutante na ficción e dun contrastado sénior. *Ciudad sin sueño*, de Guillermo Galoe, é unha absorbente construción épica dos heroes sen nome que habitan e aspiran a outro horizonte na Cañada Real madrileña. Por esa ollada desprovista de paternalismo, vibrante no seu seguimento de persoas/personaxes que crecen como ficción desde o rigor, obtivo o Premio ao Mellor Guión na Semana da Crítica de Cannes. E Galoe e o seu equipo –tan ligados a Galicia– presentarán a *première* de *Ciudad sin sueño* en Cineuropa. Tamén contaremos coa presenza do produtor e cineasta Lluís Miñarro, amigo no tempo do noso festival. Aquí presentou a Palma de Ouro por *Tío Boonmee lembra as súas vidas pasadas*, que el produciu. E tamén as súas películas *Familystrip* e *Stella Cadente.* Miñarro presentará en Cineuropa *Emergency exit*, a última película que protagonizou Marisa Paredes, cun elenco que inclúe a Naomi Kawase, Emma Suárez, Albert Pla, Arielle Dombasle e Aida Folch.

SÁBADO 8, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 9, 17.15 | TEATRO PRINCIPAL

AFFEKSJONVERDI / SENTIMENTAL VALUE / VALOR SENTIMENTAL (2024)

Joachim Trier

Noruega / 135 min / Ficción / Noruegués

Ficha artística:
Renate Reinsve, Stellan Skarsgård, Inga Ibsdotter Lilleaas

Ficha técnica:
•Guión: Joachim Trier, Eskil Vogt
•Fotografía: Kasper Tuxen
•Edición: Olivier Bugge Coutté
•Produción: Maria Ekerhovd, Andrea Berentsen Ottmar

Sinopse:
As irmás Nora e Agnes reencóntranse co seu pai afastado, o carismático Gustav, un antigo director de prestixio que lle ofrece a Nora, actriz de teatro, un papel na súa próxima película. Cando ela rexeita a proposta, descobre que o papel foi parar a unha nova e entusiasta estrela de Hollywood. De súpeto, as dúas irmás vense obrigadas a enfrontar a súa complexa relación co pai, mentres unha actriz estadounidense irrompe no centro da súa xa delicada dinámica familiar.

Joachim Trier é un director e guionista noruegués que provén dunha familia de cineastas. Na súa adolescencia foi campión nacional de *skate* e comezou a rodar os seus propios vídeos. Estudou na European Film College de Dinamarca e na National Film & Television School do Reino Unido. O seu debut, *Reprise* (2006), foi aclamado pola crítica e galardoado en numerosos festivais. É coñecido pola súa "Triloxía de Oslo", composta por *Oslo, 31 de agosto* (2011) e *A peor persoa do mundo* (2021), esta última nomeada ao Óscar ao Mellor Guión Orixinal e á Mellor Película Internacional. Outros títulos destacados son *Máis forte que as bombas* (2015) e *Thelma* (2017).

GRAN PREMIO DO XURADO NO FESTIVAL DE CANNES 2025



MARTES 18, 21.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 22, 19.00 | SALÓN TEATRO

ÁRVA / ORPHAN / ORFO (2025)

László Nemes

Hungría, Reino Unido, Alemaña, Francia / 132 min / Ficción / Húngaro

Ficha artística:
Bojtorján Barabas, Andrea Waskovics, Grégory Gadebois

Ficha técnica:
•Guión: László Nemes, Clara Royer
•Fotografía: Mátyás Erdély
•Edición: Péter Politzer
•Produción: Jori Eisen, Mike Goodridge, Martin Hampel, Gregory Jankilevitsch, Thanassis Karathanos, Ildikó Kemény, Michael Kupisk, Olivier Père, Alexander Rodnyansky, Yoav Rosenberg, Juliette Schrameck, Gábor Sipos, Klaudia Smieja, Judit Stalter, Ferenc Szále, J.D. Zacharias

Sinopse:
Budapest, 1957. Tras o levantamento contra o réxime comunista, o mozo Andor intenta reconstruír a súa vida cando regresa o seu presunto pai, a quen cría morto. Mais o home violento e autoritario que aparece nada ten que ver coa figura idealizada que Andor gardaba na memoria. A través desta historia íntima, László Nemes explora con fonda humanidade o trauma da infancia nun tempo de convulsión política, tecendo unha reflexión sobre a identidade, os vínculos familiares e as feridas dunha nación marcada pola historia.

László Nemes estudou Historia, Relacións Internacionais e Guión en París e traballou como asistente de dirección en Francia e Hungría. Posteriormente formouse en Dirección Cinematográfica na Universidade de Nova York. As súas curtametraxes —*Türelem, The Counterpart* e *The Gentleman Takes His Leave*— foron premiados en máis de cen festivais internacionais. O seu debut, *O fillo de Saúl* (2015), estreouse en Cannes, onde obtivo o Gran Premio do Xurado, ademais do Globo de Ouro e o Óscar á Mellor Película de Fala Non Inglesa. En 2018 presentou *Solpor* en Venecia, onde recibiu o Premio FIPRESCI.

SECCIÓN OFICIAL DA SEMINCI 2025
SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE VENECIA 2025



LUNS 10, 19.45 | TEATRO PRINCIPAL
CON PRESENTACIÓN

CIUDAD SIN SUEÑO / (2025)

Guillermo Galoe

España, Francia / 97 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Antonio Fernández Gabarre, Bilal Sedraoui, Jesús Fernández Silva, Luis Bertolo

Ficha técnica:
•Guión: Guillermo Galoe, Víctor Alonso-Berbel
•Fotografía: Rui Poças
•Edición: Victoria Lammers
•Produción: Lina Badenes, Manuel Calvo, David Casas Riesco, Marisa Fernández Armenteros, Marina García López, Inbar Horesh, Alex Lafuente, Antonello Novellino, Justin Pechberty, Anne-Dominique Toussaint

Sinopse:
Toni ten 15 anos e vive en Cañada Real, o asentamento irregular máis grande de Europa, nos arredores de Madrid. Orgulloso de pertencer á súa familia de chatarreiros, pasa os días xunto ao seu avó, ao que admira e segue a todas partes. Pero as máquinas de demolición achéganse á parcela na que vive e ameazan con arrasar todo o que coñecen. Mentres todo muda ao seu arredor, Toni debe elixir: enfrontarse a un futuro incerto ou aferrarse a un mundo que está a piques de desaparecer.

Guillermo Galoe é un cineasta madrileño cunha ollada firme sobre a realidade social, a memoria e as marxes urbanas. No 2016 o seu documental *Frágil equilibrio* gañou o Premio do Público no IDFA e o Goya ao Mellor documental. A súa curta *Aunque es de noche* foi seleccionada para a Palma de Ouro en Cannes, gañou o Goya á Mellor Curtametraxe de Ficción e formou parte da Selección Oficial dos César 2025. En 2020 Guillermo Galoe recibiu o Premio Princesa de Xirona das Artes e as Letras. *Ciudad sin sueño* é a súa primeira longametraxe de ficción e foi estreada na Semana da Crítica de Cannes.

PREMIO SACD AO MELLOR GUIÓN NA SEMANA DA CRÍTICA DE CANNES 2025
MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE BRUXELAS 2025



XOVES 13, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 15, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

COUTURE (2025)

Alice Winocour

Francia, Estados Unidos / 106 min / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:
Angelina Jolie, Louis Garrel, Ella Rumpf

Ficha técnica:
•Guión: Alice Winocour
•Fotografía: André Chemetoff
•Edición: Lilian Corbeille, Julien Lacheray
•Produción: Charles Gillibert, William Horberg, Angelina Jolie, Zhang Xin

Sinopse:
No medio do tumulto da Semana da Moda de París, entrecrúzanse os camiños de tres mulleres que loitan coas traxedias do mundo e coas incertezas das súas propias vidas. Maxime, unha directora de cinema estadounidense de corenta anos, recibe un diagnóstico de cancro; Ada, unha moza modelo do Sudán do Sur, foxe dun destino marcado para acabar nun ambiente frívolo; e Angèle, maquilladora francesa que traballa entre bastidores nos desfiles, soña con mudar de vida.

Alice Winocour é unha directora e guionista francesa formada na prestixiosa escola de cine La Fémis. Tras as curtametraxes *Kitchen* (2004), que competiu no Festival de Cannes, *Magic Paris* (2006) e *Piña Colada* (2009), Winocour dirixiu en 2012 a súa primeira longametraxe, *Augustine*, presentada na Semana da Crítica de Cannes e candidata a dous premios César. Posteriormente realizou o thriller *Maryland* (2015), co que regresou ao festival, desta volta na sección *Unha certa ollada*. Co seu terceiro filme, *Proxima* (2019), obtivo o Premio Especial do Xurado no Festival de San Sebastián. Seguiulle *Revoir Paris* (2022), que gañou o Premio SACD na Quincena de Cineastas de Cannes e o César á Mellor Actriz para Virginie Efira. *Couture* presentouse no Festival de Toronto.



LUNS 17, 20.00 | SALÓN TEATRO
XOVES 20, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL

DREAMS (SEX LOVE) SOÑOS EN OSLO (2024)

Dag Johan Haugerud

Noruega / 110 min / Ficción / Noruegués

Ficha artística:
Ella Øverbye, Selome Emnetu, Ane Dahl Torp, Anne Marit Jacobsen

Ficha técnica:
•Guión: Dag Johan Haugerud
•Fotografía: Cecilie Semec
•Edición: Jens Christian Fodstad
•Produción: Hege Hauff Hvattum, Yngve Sæther

Sinopse:
Johanne é unha moza que se namora perdidamente da súa profesora de francés, vivindo o seu primeiro amor intenso. Na vontade de preservar os seus sentimentos, comeza a documentar por escrito as súas emocións e experiencias. Cando a súa nai e a súa avoa len o que escribiu, reaccionan con sorpresa ante o contido íntimo, pero axiña quedan cativadas pola calidade literaria dos textos. Mentres debaten sobre a moralidade e as posibles consecuencias de publicar os escritos de Johanne, ela enfróntase ao contraste entre os ideais románticos e a realidade, mergullándose nunha viaxe de autodescubrimento, amor e sexualidade.

Dag Johan Haugerud é un director, guionista e escritor noruegués recoñecido pola súa capacidade para abordar temas sociais e emocionais con profundidade e sensibilidade. A súa ópera prima, *I belong*, gañou varios Premios Amanda —os principais galardóns do cinema noruegués—, incluídos os de mellor filme, guión e dirección. En 2019 dirixiu *Coidado cos nenos*, tamén premiada e recoñecida internacionalmente. A súa triloxía *Historias de Oslo*, composta por *Sexo, Soños e Amor*, explora as complexidades das relacións humanas e da identidade afectiva, cun enfoque marcado pola empatía e a diversidade.

OSO DE OURO E OS PREMIOS FIPRESCI E GUILD NA BERLINALE 2025



MARTES 11, 17.30 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 15, 17.45 | SALÓN TEATRO

DUSE (2025)

Pietro Marcello

Italia, Francia / 122 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:
Valeria Bruni Tedeschi, Noémie Merlant, Fausto Russo Alesi, Fanni Wrochna

Ficha técnica:
•Guión: Pietro Marcello, Letizia Russo, Guido Silei
•Fotografía: Marco Graziaplena
•Edición: Fabrizio Federico, Cristiano Travaglioli
•Produción: Benedetta Cappon, Carlo Degli Esposti, Marco Grifoni, Nicola Serra

Sinopse:
No crepúsculo da súa carreira, a lendaria actriz italiana Eleonora Duse enfróntase ao derradeiro acto da súa vida. Entre o final da Primeira Guerra Mundial e o ascenso do fascismo, decide volver ao escenario cando a súa saúde se debilita e a súa independencia se ve ameazada. O teatro convértese no seu refuxio e na súa forma de resistencia: cada palabra, cada xesto, é un desafío á decadencia e á brutalidade do tempo histórico que lle tocou vivir. A súa derradeira viaxe é a dun espírito que se nega a renunciar á verdade da arte e á forza da emoción.

Pietro Marcello é un cineasta italiano formado na Academia de Belas Artes de Nápoles. Tras realizar varias curta na década de 2000, estreou a súa primeira longametraxe, *Il Passaggio della linea* (2007), na sección Horizontes do Festival de Venecia. O recoñecemento internacional chegaría con *La bocca del lupo* (2009), premiada na Berlinale, no BAFICI e en Cinéma du Réel. Obras posteriores como *Bella e perduta* (2015) confirmárono como un dos autores máis singulares e poéticos do cinema europeo. Con *Martin Eden* (2019), a súa primeira obra de ficción, consolidou a súa reputación internacional: o filme obtivo a Copa Volpi ao mellor actor para Luca Marinelli e múltiples premios e nominacións. En obras recentes como *Per Lucio* (2021) e *Futura* (2021) continúa explorando o diálogo entre pasado e presente, realidade e imaxinación, que define toda a súa filmografía.

SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE VENECIA 2025
SECCIÓN OFICIAL NA SEMINCI 2025



DOMINGO 16, 22.30 | SALÓN TEATRO
MARTES 18, 15.45 | TEATRO PRINCIPAL

ELISA (2025)

Leonardo Di Costanzo

Italia, Suíza / 105 min / Ficción / Italiano, francés

Ficha artística:
Barbara Ronchi, Roschdy Zem, Diego Ribon, Valeria Golino

Ficha técnica:
•Guión: Leonardo di Costanzo, Bruno Oliviero, Valia
•Santella. Baseado nos estudos de criminoloxía de Adolfo Ceretti e Lorenzo Natali
•Fotografía: Luca Bigazzi
•Edición: Carlotta Cristiani
•Produción: Carlo Cresto-Dina, Manuela Melissano

Sinopse:
Elisa, de trinta e cinco anos, leva unha década na cadea, condenada por asasinar a súa irmá maior e queimar o seu corpo sen un motivo aparente. Case non lembra nada do crime, como se un veo de silencio separase o presente do pasado. Cando decide entrevistarse co criminólogo Alaoui e participar na súa investigación, iníciase entre ambos os dous un diálogo tenso e implacable no que as lembranzas comezan a agromar. A medida que reconstrúe a verdade e afronta a dor da culpa, Elisa albisca, talvez, o primeiro paso cara a unha posible redención.

Leonardo Di Costanzo é un director e guionista italiano recoñecido pola súa capacidade para explorar, cunha mirada sobria e profundamente humana, as tensións sociais e morais do seu país. Formado nos Ateliers Varan de París, iniciou a súa traxectoria no ámbito do documental antes de dar o salto á ficción. A súa primeira longametraxe de ficción, *L'intervallo* (2012), estreouse na sección Horizontes do Festival de Venecia e valeulle o David di Donatello ao mellor director novel. Con *L'intrusa* (2017), presentada na Quincena de Cineastas en Cannes, e *Ariaferma* (2021), galardoada co premio ao mellor guión nos David di Donatello, consolidou unha voz cinematográfica singular, atenta á intimidade e á responsabilidade moral dos seus personaxes.

PREMIO SIGNIS NO FESTIVAL DE VENECIA 2025



MÉRCORES 19, 20.00 | SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

EMERGENCY EXIT (2025)

Lluís Miñarro

España / 96 min / Ficción / Castelán


Ficha artística:
Marisa Paredes, Oriol Pla, Emma Suarez, Francesc Orella, Albert Pla

Ficha técnica:
•Guión: Lluís Miñarro
•Fotografía: Jimmy Gimferrer
•Edición: Diana Toucedo
•Produción: Lluís Miñarro

Sinopse:
Un vehículo dunha ruta tan enigmática como a súa traxectoria acolle catorce viaxeiros que non poden —ou non queren— baixar. Mentres percorren paisaxes irreais, entre o soño e a vixilia, cada un deles recrea un fragmento da súa identidade. Nesa viaxe liminal, entre a vida e a morte, a memoria e o esquecemento, acontecen encontros absurdos, confesións, máscaras e autenticidade. Este filme, dotado dun personalísimo realismo máxico con chiscadelas a Buñuel, foi a última aparición de Marisa Paredes na gran pantalla.

Lluís Miñarro é unha figura fundamental do cinema de autor europeo. Como director, presentou as súas longametraxes *Familystrip*, *Blow Horn*, *Stella Cadente* e *Love Me Not* en festivais de prestixio como Rotterdam, Locarno e Karlovy Vary. En 1989 fundou a produtora Eddie Saeta, coa que impulsou máis de corenta e cinco filmes de cineastas como Apichatpong Weerasethakul —que con *Tío Boonmee lembra as súas vidas pasadas* gañou a Palma de Ouro en Cannes 2010—, Manoel de Oliveira ou Albert Serra. O seu traballo, tanto como produtor como realizador, caracterízase pola aposta por un cinema libre, poético e arriscado, comprometido coa exploración artística e coa independencia creativa.

SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE XIXÓN 2025



MARTES 18, 23.00 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 19, 20.45 | TEATRO PRINCIPAL

HELDIN / LATE SHIFT / QUENDA DE GARDA (2025)

Petra Volpe

Suíza, Alemaña / 93 min / Ficción / Alemán

Ficha artística:
Leonie Benesch, Sonja Riesen, Alireza Bayram

Ficha técnica:
•Guión: Petra Volpe
•Fotografía: Judith Kaufmann
•Edición: Hansjörg Weißbrich
•Produción: Bastie Griese, Lukas Hobi, Peter Kreutz, Alexis Lieber, Reto Schärli

Sinopse:
Floria é unha enfermeira que traballa con gran dedicación e profesionalidade no servizo de cirurxía dun hospital suízo. Nunca comete erros, escoita con atención os seus pacientes mesmo nas situacións máis estresantes e está sempre dispoñible en caso de emerxencia. Pero na dura e, a miúdo, imprevisible realidade diaria do hospital, as cousas non sempre saen como se espera. Unha noite, ao comezar a súa quenda, a sala de urxencias está desbordada e falta persoal. Malia o ritmo frenético, Floria esfórzase por atender todos os pacientes, mais comete un erro fatal que pon en perigo toda a quenda. Comeza entón unha angustiosa carreira contrarreloxo.

Petra Volpe é unha guionista e directora suíza-italiana. Formouse en Arte en Zúric antes de traballar como montadora e estudar guión e dramaturxia na Academia de Cine Konrad Wolf de Potsdam-Babelsberg. Desde 2003 desenvolve unha prolífica carreira en cinema e televisión. Entre as súas obras máis salientables figuran *A orde divina* (2017), sobre a loita polo dereito ao voto feminino en Suíza, e a súa exitosa adaptación de *Heidi* (2015).

MELLOR FOTOGRAFÍA EN LONGAMETRAXE DOS DEUTSCHER KAMERAPREIS 2025



DOMINGO 16, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 19, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL

IN DIE SONNE SCHAUEN / SOUND OF FALLING / SON DE CAÍDA (2025)

Mascha Schilinski

Alemaña / 149 min / Ficción / Alemán

Ficha artística:
Hanna Heckt, Lena Urzendowsky, Susanne Wuest, Lea Drinda, Laeni Geiseler, Greta Krämer, Florian Geißelmann, Luise Heyer

Ficha técnica:
•Guión: Louise Peter, Mascha Schilinski
•Fotografía: Fabian Gamper
•Edición: Billie Mind, Evelyn Rack
•Produción: Burkhard Althoff, Henning Falk, Melvina Kotios, Lasse Scharpen, Lucas Schmidt, Maren Schmitt

Sinopse:
Catro nenas —Alma, Erika, Angelika e Lenka— pasan a súa mocidade nunha mesma granxa do norte de Alemaña. Ao longo dun século, a casa evoluciona, pero os ecos do pasado perduran nas súas paredes. Aínda que separadas polo tempo, as súas vidas comezan a reflectirse, trazando un vínculo invisible entre xeracións.

Mascha Schilinski é guionista e directora. Licenciouse no programa de Escrita de Guión da Escola de Cinema de Hamburgo-Berlín en 2008, antes de estudar Dirección na Academia de Cinema de Baden-Württemberg. Durante o seu segundo ano na Academia dirixiu a premiada mediometraxe *Die Katze (O gato)*. No terceiro, realizou a longametraxe *Die Tochter (A filla)*, estreada no Festival de Berlín en 2017, candidata ao Premio GWFF á Mellor Ópera Prima e proxectada en máis de corenta festivais internacionais, nos que obtivo varios galardóns.

PREMIO DO XURADO NO FESTIVAL DE CANNES 2025



SÁBADO 22, 21.45 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 23, 19.15 | SALÓN TEATRO

KONTINENTAL '25 (2025)

Radu Jude

Romanía, Brasil, Suíza, Reino Unido, Luxemburgo / 109 min / Ficción / Romanés

Ficha artística:
Eszter Tompa, Annamária Biluska, Marius Damian

Ficha técnica:
•Guión: Radu Jude
•Fotografía: Marius Panduru
•Edición: Catalin Cristutiu
•Produción: Adrien Chef, Ramona Grama, Andreas Roald, Rodrigo Teixeira, Alexandru Teodorescu, Paul Thiltges, Dan Wechsler, Jamal Zeinal Zade

Sinopse:
Orsolya é alguacil en Cluj, a principal cidade de Transilvania. Un día debe desafiuzar un home sen teito que vive no soto dun edificio. Un suceso inesperado desencadea unha crise moral que ela tentará resolver do mellor xeito posible.

Radu Jude é un director e guionista romanés recoñecido pola súa mirada crítica e irreverente sobre a historia e a sociedade contemporánea. Coa curtametraxe *O tubo co sombreiro* (2006) gañou máis de cincuenta premios internacionais. A estrea *d'A nación morta* en Locarno en 2017 marcou o seu debut no cinema documental. *Non me importa se pasamos á historia como bárbaros* (2018) obtivo o Globo de Cristal á mellor película e o Premio Europa Cinemas Label en Karlovy Vary. A súa longametraxe *Bad Luck Banging or Loony Porn* (2021) gañou o Oso de Ouro na Berlinale. Con *Non esperes demasiado do fin do mundo* (2023) acadou galardóns en festivais como Locarno e Xixón, ademais de ser candidata de Romanía aos Óscar 2024.

OSO DE PRATA AO MELLOR GUIÓN NA BERLINALE 2025
SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE XIXÓN



DOMINGO 9, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 15, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL

L'ÉTRANGER / O ESTRANXEIRO (2025)

François Ozon

Francia / 120 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
Benjamin Voisin, Rebecca Marder, Pierre Lottin

Ficha técnica:
•Guión: François Ozon. Baseado na novela de Albert Camus
•Fotografía: Manuel Dacosse
•Edición: Clément Selitzki
•Produción: François Ozon, Marie-Jeanne Pascal

Sinopse:
Arxel, 1938. Meursault, un home tranquilo e reservado duns trinta anos, asiste ao funeral da súa nai sen verter unha soa bágoa. Ao día seguinte inicia unha relación casual con Marie, unha compañeira de traballo, e regresa á súa rutina cotiá. Pero a súa vida muda cando o seu veciño, Raymond Sintès, o implica nos seus turbios asuntos. Nun día abafante de verán, un acontecemento tráxico nunha praia marcará para sempre o destino de Meursault.

François Ozon é un dos directores máis destacados e prolíficos do cinema francés contemporáneo. Formado na prestixiosa escola La Fémis, iniciou a súa carreira nos anos noventa con varias curtametraxes que xa anticipaban o seu gusto pola provocación e a ironía. O seu primeiro éxito internacional chegou con *Sitcom* (1998), seguido de títulos como *Sous le sable* (2000), *8 mulleres* (2002) ou *Swimming Pool* (2003), que consolidaron o seu estilo elegante e subversivo. Ao longo da súa filmografía explorou temas como o desexo, a identidade e a moral burguesa en obras como *Frantz* (2016), *Grâce à Dieu* (2019, Gran Premio do Xurado en Berlín) ou *Peter von Kant* (2022). En *L'Étranger* (2025), Ozon revisita o clásico de Camus con sensibilidade contemporánea e o seu característico equilibrio entre ambigüidade e emoción.

SECCIÓN OFICIAL FESTIVAL DE VENECIA
SECCIÓN PERLAK NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN



DOMINGO 16, 21.00 | TEATRO PRINCIPAL

LA GRAZIA / A GRAZA (2025)

Paolo Sorrentino

Italia / 133 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Toni Servillo, Anna Ferzetti, Orlando Cinque

Ficha técnica:

•Guión: Paolo Sorrentino
•Fotografía: Daria D'Antonio
•Edición: Cristiano Travaglioli
•Produción: Annamaria Morelli, Priscilla Pecetti, Andrea Scrosati, Paolo Sorrentino, Cristina Tacchino

Sinopse:

Mariano De Santis é o presidente da República Italiana. Viúvo, católico e pai de Dorotea —unha xurista como el—, afronta o final do seu mandato entre días rutineiros e silenciosos. Pero dúas solicitudes de indulto colocaranlle diante auténticos dilemas morais, nos que a razón de Estado e a súa vida privada se entrelazan de xeito inextricable. Impulsado pola dúbida e pola conciencia do deber, De Santis deberá tomar unha decisión definitiva, revelando o peso íntimo do poder e da responsabilidade.

Paolo Sorrentino é un dos cineastas italianos máis recoñecidos do panorama internacional contemporáneo. Tras abandonar os estudos de economía, iniciou a súa carreira cinematográfica coa comedia dramática *Un home de máis* (2001), na que xa se intuía o seu interese polos personaxes excéntricos e un ton melancólico e irónico. A súa filmografía combina artificio visual, humor satírico e reflexión sobre o poder, a beleza, a decadencia e a fe, cun estilo teatral, onírico e barroco que a crítica adoita comparar co de Fellini. Destacan *Il Divo* (2008), galardoada en Cannes; *A gran beleza* (2013), gañadora do Óscar á Mellor Película Internacional; *Un lugar onde quedar* (2011), *A mocidade* (2015) e *Esta é a man de Deus* (2021), tamén candidata ao Óscar.

COPA VOLPI AO MELLOR ACTOR (TONI SERVILLO) NO FESTIVAL DE VENECIA 2025



DOMINGO 16, 18.30 | SALÓN TEATRO
XOVES 20, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

LA PETITE DERNIÈRE / A IRMÁ PEQUENA (2025)

Hafsia Herzi

Francia, Alemaña / 106 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Nadia Melliti, Park Ji-min, Amina Ben Mohamed

Ficha técnica:

•Guión: Hafsia Herzi. Baseado na novela de Fatima Daas
•Fotografía: Jérémie Attard
•Edición: Géraldine Mangenot
•Produción: Julie Billy, Vanessa Ciszewski, Naomi Denamur, Olivier Père

Sinopse:

Fatima, de dezasete anos, a máis nova de tres irmás, procura o seu propio camiño con cautela. Mentres esperta aos seus desexos e descubre a súa atracción polas mulleres, tenta manter a lealdade cara á súa afectuosa familia franco-arxelina. Ao comezar a universidade en París, ábrese a novas amizades, experiencias e amores, mais enfróntase a un dilema fondo e intemporal: como ser fiel a si mesma cando reconciliar as distintas partes da propia identidade semella imposible?

Hafsia Herzi é unha actriz e directora francesa de orixe alxeriana e tunisiana. Deuse a coñecer coa película *A semente e a mula*, de Abdellatif Kechiche, pola que gañou o César á actriz revelación e o premio Marcello Mastroianni en Venecia. En 2019 debutou como directora con *Mereces un amor*, seleccionada na Semana da Crítica de Cannes, e en 2021 presentou no mesmo festival o seu segundo filme, *Boa nai*, unha homenaxe ás nais traballadoras dos barrios de Marsella onde medrou. Ao longo da súa carreira colaborou con cineastas como Bertrand Bonello, Radu Mihaileanu ou Patricia Mazuy, consolidándose como unha das voces máis persoais e comprometidas do cinema francés contemporáneo.

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ (NADIA MELLITI) E QUEER PALM NO FESTIVAL DE CANNES

CANDIDATO A VARIETY PIAZZA GRANDE AWARD NO FESTIVAL DE LOCARNO



VENRES 14, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 17, 22.00 | NUMAX

LA TOUR DE GLACE / A TORRE DE XEO (2025)

Lucile Hadžihalilović

Francia, Alemaña / 118 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Marion Cotillard, Clara Pacini, August Diehl

Ficha técnica:

•Guión: Lucile Hadzihalilovic, Geoff Cox
•Fotografía: Jonathan Ricquebourg
•Edición: Nassim Gordji Tehrani
•Produción: Muriel Merlin, Harald Steinwender

Sinopse:

Anos 70. Atraída polas luces da cidade, Jeanne, unha moza de dezaseis anos, foxe do fogar de menores onde vive nas montañas. Refúxiase nun estudio de cinema que explora ás agachadas durante a noite. Polo día, alí ródase *A Raíña das Neves*, protagonizada pola enigmática Cristina. Fascinada pola beleza e o tormento da actriz, Jeanne cae baixo o seu feitizo, e entre ambas nace unha atracción mutua. Pouco a pouco, a rapaza comeza a ocupar un papel cada vez máis importante na rodaxe, mentres os límites entre o decorado e o mundo real se esvaen nun xogo máxico e labiríntico.

Lucile Hadžihalilović estudou Historia da Arte antes de graduarse na escola de cinema IDHEC de París (hoxe La Fémis). O seu debut, *A boca de Jean-Pierre*, presentouse en Cannes en 1996. En 2004, *Inocencia* foi premiada en San Sebastián e Estocolmo, mentres que *Evolution* (2015) recibiu o Premio Especial do Xurado e o de Mellor Fotografía en San Sebastián, e o de Mellor Dirección en Dublín. *Earwig* (2021) volveu ser distinguida co Premio Especial do Xurado en San Sebastián. Ese mesmo ano foi galardoada co Premio Méliès á traxectoria no Festival de Sitges.

OSO DE PRATA Á MELLOR CONTRIBUCIÓN ARTÍSTICA NA BERLINALE 2025

MELLOR FILME NA SECCIÓN ZABALTEGI-TABAKALERA DO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 2025

MELLOR FILME NO FESTIVAL DE CINEMA FANTÁSTICO DE NEUCHÂTEL 2025



MÉRCORES 12, 19.30 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 18, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL

LE MAGE DU KREMLIN / THE WIZARD OF THE KREMLIN / O MAGO DO KREMLIN (2025)

Olivier Assayas

Francia / 152 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Paul Dano, Jude Law, Alicia Vikander

Ficha técnica:

•Guión: Emmanuel Carrère, Olivier Assayas
Baseado na novela de Giuliano da Empoli
•Fotografía: Yorick Le Saux
•Edición: Marion Monnier
•Produción: Olivier Delbosc

Sinopse:

No medio do caos postsoviético dos anos noventa, o mozo Vadim Baranov comeza a abrirse camiño como artista e produtor de televisión. A súa elocuencia e as súas conexións coas altas esferas lévano a converterse, da noite para a mañá, no asesor dun axente do KGB cun brillante futuro: Vladimir Putin. Desde as entrañas do poder, ambos os dous moldean a nova Rusia, desdebuxando os límites entre a verdade e a mentira.

Olivier Assayas é un dos cineastas franceses máis sobranceiros da súa xeración, recoñecido pola súa versatilidade e polo seu xeito de combinar a introspección, a modernidade e a reflexión política. A súa primeira longametraxe, *Désordre* (1986), recibiu o Premio FIPRESCI en Venecia. Despois chegaron títulos como *Fin août, début septembre* (1998), Concha de Prata á mellor actriz en San Sebastián; *Clean* (2004), premio á mellor actriz en Cannes; *L'heure d'été* (2008); *Après mai* (2012), premio ao mellor guión en Venecia; e *Clouds of Sils Maria* (2014), que competiu en Cannes. Con *Personal Shopper* (2016) obtivo o premio á mellor dirección no mesmo festival. Nos últimos anos presentou *Doubles vies* (2018) e *Wasp Network* (2019) en Venecia e este ano regresou á competición italiana con *The Wizard of the Kremlin*.



SÁBADO 8, 17.15 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 9, 20.00 | SALÓN TEATRO

LES GENS D'À CÔTÉ
A XENTE DO LADO (2024)

André Téchiné

Francia / 85 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
Isabelle Huppert, Hafsia Herzi, Nahuel Pérez Biscayart

Ficha técnica:
•Guión: André Téchiné, Régis de Martrin-Donos
•Fotografía: Georges Lechaptois
•Edición: Indy Adjovi, Milan Evrard,
•Produción: Sylvie Pialat, Benoît Quainon

Sinopse:
Lucie é especialista en policía científica e leva unha vida solitaria desde a morte da súa parella. A chegada dun matrimonio novo coa súa pequena filla á casa do lado devólvelle certa ilusión e afecto. Pero cando descobre que Yann, o pai, é un activista antipolicía con antecedentes penais, Lucie vese atrapada nun dilema moral entre a súa ética profesional e o seu desexo de axudar os seus veciños.

André Téchiné é un director e guionista francés. Antes de dirixir o seu primeiro filme, *Paulina marcha* (1969), colaborou como crítico de cinema na revista *Cahiers du Cinéma*. O seu estilo cinematográfico destaca pola exploración das emocións humanas, das relacións persoais complexas e dos conflitos entre o desexo e a moral, así como pola súa forma intimista e contida de retratalas. Entre as súas películas máis recoñecidas figuran *Hotel das Américas* (1981), *A miña estación favorita* (1993) e *Os xuncos salvaxes* (1994).

SECCIÓN PANORAMA 2024 BERLINALE 2025



SÁBADO 8, 20.15 | SALÓN TEATRO
LUNS 10, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI (2025)

Johanna Moder

Austria, Suíza, Alemaña / 107 min / Ficción / Alemán

Ficha artística:
Marie Leuenberger, Hans Löw, Claes Bang

Ficha técnica:
•Guión: Arne Kohlweyer, Johanna Moder
•Fotografía: Robert Oberrainer
•Edición: Karin Hammer
•Produción: FreibeuterFilm, Tellfilm, Match Factory Productions

Sinopse:
Julia, unha prestixiosa directora de orquestra, e o seu compañeiro, Georg, devecen por ter un fillo. Cando o doutor Vilfort, especialista en fertilidade, lles propón un tratamento experimental, por fin ven abrirse unha porta á esperanza. O embarazo avanza con éxito, pero o parto complícase e o bebé é trasladado de inmediato para recibir atención médica. Cando Julia o volve ver, algo non encaixa: séntese estrañamente afastada e comeza a dubidar de que ese neno sexa realmente seu. A sospeita medra, poñendo en risco o seu matrimonio.

Johanna Moder é unha guionista e directora austríaca. A súa primeira longametraxe, *High Performance*, gañou o prestixioso Premio do Público no Festival Max Ophüls de 2014. A súa segunda película, *Once Were Rebels*, tivo a súa estrea internacional no Festival de Cinema de Zúric, onde acadou o Premio do Xurado Ecuménico, ademais do galardón á Mellor Dirección no Festival Max Ophüls 2020 e o Premio Thomas Pluch ao Mellor Guión. Nos últimos anos dirixiu a súa primeira serie, *School of Champions*, o filme policial *Zeit zu beten*, protagonizado por Marie Leuenberger, e o telefilme *Ewig dein*.

SECCIÓN OFICIAL DA BERLINALE 2025
SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES



SÁBADO 15, 20.15 | TEATRO PRINCIPAL
SÁBADO 22, 17.00 | TEATRO PRINCIPAL

NOUVELLE VAGUE (2025)

Richard Linklater

Francia / 105 min / Ficción / Francés

Ficha artística:
Guillaume Marbeck, Zoey Deutch, Aubry Dullin

Ficha técnica:
•Guión: Holly Gent Palmo, Richard Linklater, Laetitia Masson, Vincent Palmo Jr., Michèle Pétin
•Fotografía: David Chambille
•Edición: Catherine Schwartz
•Produción: Mike Blizzard, Emmanuel Montamat, Laurent Pétin, Michèle Pétin, John Sloss

Sinopse:
A historia detrás da creación do movemento cinematográfico francés coñecido como Nouvelle Vague, centrándose na produción de *Ao final da escapada*, a innovadora película de Jean-Luc Godard de 1959.

Richard Linklater é un director, guionista e produtor estadounidense recoñecido pola súa capacidade para retratar o paso do tempo e a esencia da vida cotiá con sensibilidade e humor. A súa filmografía inclúe títulos emblemáticos como *Dazed and Confused* (1993), a triloxía formada por *Antes do amencer* (1995), *Antes do atardecer* (2004) e *Antes do anoitecer* (2013), *Escola de rock* (2003) e as innovadoras películas de animación *Waking Life* (2001) e *A Scanner Darkly* (2006). Con *Boyhood* (2014) consolidou a súa reputación internacional, gañando o Oso de Prata á Mellor Dirección en Berlín e seis candidaturas aos Óscar.

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CANNES 2025



SÁBADO 15, 21.00 | NUMAX
LUNS 17, 16.00 | NUMAX

O RISO E A FACA (2025)

Pedro Pinho

Portugal, Francia, Romanía, Brasil / 211 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:
Sérgio Coragem, Cleo Diára, Jonathan Guilherme

Ficha técnica:
•Guión: Pedro Pinho, Miguel Seabra Lopes, José Filipe Costa, Luisa Homem
•Fotografía: Ivo Lopes Araújo
•Edición: Karen Akerman, Cláudia Rita Oliveira, Rita M. Pestana
•Produción: Tiago Hespanha, Ioana Lascar, Tatiana Leite, Juliette Lepoutre, Pierre Menahem, Pedro Pinho, Filipa Reis, Radu Stancu

Sinopse:
Sérgio, un enxeñeiro ambiental portugués, viaxa a Guinea-Bissau para realizar un informe de impacto dun proxecto de construción de estradas. Atrapado entre a calor e o illamento, coñece a Diara e Guilherme, dúas persoas locais que tamén buscan o seu propio camiño. A medida que medran as tensións nunha relación tan próxima como ambigua, Sérgio comeza a comprender as dinámicas capitalistas e poscoloniais que envolven a súa misión. Os tres deberán enfrontarse a como as súas identidades se moldean e chocan nun mundo globalizado.

Pedro Pinho é un cineasta portugués polifacético formado na Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa e na École Louis-Lumière de París. En 2008 codirixiu o documental *Bab Sebta* (xunto con Frederico Lobo), e máis adiante fundou a produtora Terratreme Filmes, clave no panorama do cinema portugués contemporáneo. En 2017 deu o salto á ficción con *A fábrica de nada*, un filme social ambicioso que se estreou na Quincena de Cineastas de Cannes, onde recibiu o Premio FIPRESCI, e que acadou máis de vinte galardóns internacionais.

PREMIO MELLOR ACTRIZ (CLEO DIÁRA) NA SECCIÓN UNHA CERTA OLLADA DO FESTIVAL DE CANNES 2025



DOMINGO 9, 17.45 | NUMAX I CON PRESENTACIÓN
LUNS 10, 20.00 | NUMAX I CON PRESENTACIÓN

PAI NOSSO. OS ÚLTIMOS DIAS DE SALAZAR (2025)

José Filipe Costa

Portugal / 112 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:
Jorge Mota, Catarina Avelar, Vera Barreto

Ficha técnica:
•Guión: José Filipe Costa, Letícia Simões, Daniel Tavares de Oliveira
•Fotografía: Vasco Viana
•Edición: João Braz
•Produción: Filipa Reis

Sinopse:
Portugal, 1968. O ditador António de Oliveira Salazar cae da cadeira e sofre un derrame cerebral. Ao regresar ao seu palacio para recuperarse, xa non é presidente, mais ninguén lle revela a verdade: nin a súa fiel gobernanta, nin as criadas, nin o médico que o atende. Illado e atrapado entre a enfermidade e o delirio, Salazar aférrase á idea do poder, mentres a fronteira entre a realidade e a alucinación se esvae. Quere vencer á morte ou simplemente perpetuar a súa propia ilusión de autoridade?
José Filipe Costa é cineasta e docente. Doutorouse no Royal College of Art de Londres. A súa primeira longametraxe, *Un pracer, camaradas!*, estreouse en Locarno en 2019. Tamén dirixiu *Liña vermella* (2011) e *Entre muros* (2002). As súas películas foron seleccionadas en numerosos festivais internacionais, como Locarno, BFI London, Hot Docs, Viennale, Cinéma du Réel, IndieLisboa e Doclisboa. Alén da súa traxectoria como realizador, foi profesor visitante na Universidade Estatal de Río de Xaneiro en 2013 e impartiu docencia no IADE, ETIC, Instituto Politécnico de Tomar e no programa DocNomads de dirección de cinema documental (Erasmus Mundus).

PREESTREA EN BAFICI



LUNS 10, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL
MÉRCORES 12, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

REFLET DANS UN DIAMOND MORT / REFLEXO NUN DIAMANTE MORTO (2025)

Hélène Cattet, Bruno Forzani

Bélxica, Francia, Italia, Luxemburgo / 87 min / Ficción / Francés, italiano

Ficha artística:
Fabio Testi, Yannick Renier, Koen De Bouw, Maria de Medeiros

Ficha técnica:
•Guión: Hélène Cattet, Bruno Forzani
•Fotografía: Manuel Dacosse
•Edición: Bernard Beets
•Produción: Valérie Berlemont, Rémi Burah, Gilles Chanial, David Claikens, François Cognard, Tanguy Dekeyser, Pierre Foulon, Lionel Guedj, Philippe Logie, Dominique Marzotto, Simona Pellicioli, Olivier Père, Bart Van Langendonck, Alex Verbaere

Sinopse:
John D., un home de setenta anos que vive nun luxoso hotel da Costa Azul, séntese intrigado pola súa veciña, que lle recorda os seus anos máis salvaxes na Riviera durante a década de 1960. Naquel tempo era un espía nun mundo en expansión, cheo de perigos e promesas. Cando a muller desaparece misteriosamente, John vese obrigado a enfrontarse aos seus propios demos: volveron os seus antigos inimigos para sementar o caos no seu idílico universo?
Hélène Cattet e **Bruno Forzani** son unha parella de cineastas franceses afincados en Bruxelas. Traballan xuntos como guionistas e directores desde o comezo da súa traxectoria. Entre as súas obras máis destacadas atópanse *Amer* (2009), *L'étrange couleur des larmes de ton corps* (2013) e *Laissez bronzer les cadavres* (2017).

SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE BERLÍN
SECCIÓN OFICIAL NO FESTIVAL DE SITGES



MÉRCORES 19, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 20, 19.45 | NUMAX

WHITE SNAIL / CARACOL BRANCO (2025)

Elsa Kremser, Levin Peter

Austria, Alemaña / 115 min / Ficción / Ruso, bielorruso, inglés, chinés mandarín

Ficha artística:
Marya Imbro, Mikhail Senkov, Olga Reptukh

Ficha técnica:
•Guión: Elsa Kremser, Levin Peter
•Fotografía: Mikhail Khursevich
•Edición: Stephan Bechinger
•Produción: Burkhard Althoff, Aija Berzina, Mariam Bitsadze, David Bohun, Tina Börner, Camille Chanel, Heino Deckert, Natalia Dubitskaya, Lixi Frank, Martin Gerhard, Elsa Kremser, Klaus Lintschinger, Elina Losa, Vladimir Nefedov, Levin Peter, Julia Sengstschmid, Katrine Zeile

Sinopse:
Masha, unha modelo que soña cunha carreira en China, e Misha, un pintor que traballa nun depósito de cadáveres, inician unha relación profunda e tráxica. Unha delicada historia de amor entre dous seres marxinais que, ao trastornar o mundo do outro, descobren que non están tan sós como pensaban.
Elsa Kremser e **Levin Peter** son cineastas e colaboradores habituais que combinan documental e ficción cunha marcada sensibilidade poética. Formáronse na Filmakademie Baden-Württemberg e fundaron en 2016 a produtora vienesa Raumzeitfilm. O seu filme *Space Dogs* acadou proxección internacional tras a súa estrea en Locarno.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO LEOPARDO Á MELLOR INTERPRETACIÓN (MARYA IMBRO, MIKHAIL SENKOV) NO FESTIVAL DE LOCARNO 2025



DOMINGO 9, 17.45 | SALÓN TEATRO
LUNS 10, 22.45 | SALÓN TEATRO

ZIKADEN /CICADAS /CIGARRAS (2025)

Ina Weisse

Alemaña, Francia / 100 min / Ficción / Alemán, francés e inglés

Ficha artística:
Nina Hoss, Saskia Rosendahl, Vincent Macaigne, Thorsten Merten

Ficha técnica:
•Guión: Ina Weisse
•Fotografía: Judith Kaufmann
•Edición: Hansjörg Weißbrich
•Produción: Felix von Boehm, Katrin Jochimsen

Sinopse:
Unha muller que fai malabarismos para coidar dos seus pais anciáns e dun matrimonio en crise coñece a unha nai solteira. O seu inesperado vínculo lévaa a enfrontarse ás fendas da súa vida meticulosamente planificada.
Ina Weisse é unha consumada actriz, guionista e directora cunha carreira que abarca máis de tres décadas no teatro, a televisión e o cinema. Formada na Escola Otto Falckenberg de Múnic, a súa versatilidade e dedicación valéronlle numerosos premios nacionais e internacionais. Estudou filosofía en Heidelberg antes de perfeccionar o seu oficio como directora na Universidade de Hamburgo. Foi alí onde deixou a súa primeira pegada importante con *Alles Anders*, unha curtametraxe que obtivo o premio First Steps en 2002. O seu debut na longametraxe, *The Architect*, protagonizado por Josef Bierbichler, amosou a súa gran capacidade para contar historias e gañou o premio Max Ophüls ao mellor guión, entre outras distincións. En 2017, Weisse dirixiu a súa ollada perspicaz ao cinema documental, cun aclamado retrato do emblemático edificio berlinés, a Neue Nationalgalerie. O seu apaixonante drama psicolóxico *The Audition* estreouse con gran éxito no Festival de Cinema de Toronto en 2019 e proxectouse en numerosos festivais de todo o mundo.

SECCIÓN PANORAMA NA BERLINALE 2025



SECCIÓNS OFICIAIS

PANORAMA INTERNACIONAL

Esta sección só pode interpretarse como contraforte imprescindible da historia de Cineuropa. Pouco sentido tería confundir as raíces esenciais do festival, asentadas nas cinematografías do noso continente, coa exclusión de todo aquilo que se crea noutras partes do mundo. Moito antes de que se acuñasen conceptos como o multiculturalismo, parecíanos evidente que un achegamento ao mellor cinema creativo que se fai cada tempada non podía pechar os ollos ante o que está a suceder fóra de Europa. Así, aínda no século XX, a carón de nomes totémicos do festival —como Ken Loach, Kieslowski, Leigh, Kiarostami ou Angelopoulos— figuraban, en idéntico nivel de reclamo, Zhang Yimou, Takeshi Kitano, Jane Campion, Abel Ferrara ou Arturo Ripstein.

Este *travelling* polo mellor cinema realizado fóra de Europa ten agora tamén liña de continuidade na sección máis relevante de Cineuropa: a competición internacional de Cineastas do Presente (antes denominada Novas/os Cineastas).

Nesta edición 39ª as nove películas que conforman o Panorama Internacional suman un número e —sobre todo— un peso de grandes premios internacionais equivalentes aos da moito máis numerosa Sección Oficial Europea. Nada menos que dous premios máximos dos cinco festivais clase A principais: o León de Ouro obtido na Mostra hai un par de meses por Jim Jarmusch con *Father Mother Sister Brother*, protagonizada por Adam Sandler, Cate Blanchett, Tom Waits, Charlotte Rampling e Vicky Krieps; e o Leopardo de Ouro de Locarno gañado polo filme xaponés *Two seasons, two strangers*.

Amais diso, dúas películas brasileiras que conmocionaron a Berlinale e Cannes: a rebelión de mulleres antiidadista d'*O último azul*, que recibiu o Gran Premio do Xurado en Berlín; e a que para o noso equipo de programación é, talvez, a mellor película da tempada, *O axente secreto*, do gran Kleber Mendonça Filho. A súa lectura sobre a actividade dun revolucionario profesional no Recife do Brasil dos anos máis duros da ditadura militar domina toda unha sorte de claves que van alén do ata agora coñecido no cinema político. Kleber Mendonça procede a unha desromantización do papel do clandestino —nun *órdago* á grande á oscarizada *Ainda estou aqui*— e manexa rexistros de sarcasmo, humor negro, onirismo e drama, co seu subversivo protagonista en desafío aos *milicos* e ao caos universal que parece arrodealo. Da súa grandeza —sen dúbida, a mellor película de Cannes 2025, xunto ao *Sirāt*, do noso Óliver Laxe— só dan unha mínima mostra os seus premios como mellor director e mellor actor (inmenso Wagner Moura) na Croisette.

Tamén triunfou en Cannes e cativou multitudes a película iraquí *The President's Cake*, Cámara de Ouro á Mellor Ópera Prima para o seu director, Hasan Hadi, e Premio do Público na Quincena de Cineastas. Esas mesmas multitudes que espera atraer no Teatro Principal.

En el camino, do mexicano David Pablos, fixose co premio da segunda sección en importancia de Venecia, como mellor película da competición de Horizontes. A súa maneira de abordar este relato *on the road* dun mozo buscavidas que coñece e ten romances con camioneiros desafía os canons xa moi transitados do cinema da crueldade para ir varios pasos alén desa predestinación fatal do cinema de Reygadas, Amat Escalante ou Michel Franco.

E hai dobre representación —e de moi alto nivel— dese cinema arxentino que sangra pola ferida da guerra cultural á que o someteu ese cantante de *rock & bad roll* e en horas libres presidente na Casa Rosada chamado Javier Milei. *La virgen de la Tosquera*, de Laura Casabé, é a adaptación de dous relatos da escritora Mariana Enríquez polo sempre lúcido Benjamín Naishtat: unha inmersión na pobreza da provincia do Gran Buenos Aires a comezos dos 2000, cunha adolescente —queden co nome da súa debutante actriz, Dolores Oliverios, como doutra galaxia— que baixo unha crise de desamor parece animarse a entoar un revenge de folk-horror de fondura e autenticidade austral, como unha Carrie canchera saída como Cincenta de barrio das cuadras da miseria.

A outra presenza arxentina tradúcese no retorno de Lucrecia Martel, a autora latinoamericana máis influente do último cuarto de século con películas como *La ciénaga*, *La niña santa ou Zama*. Con *Nuestra tierra*, Martel achégase á traxedia e á ameaza de aniquilación por mor de intereses económicos do pobo chuschagasta, orixinario de Tucumán, situación ata agora globalmente descoñecida. Logo de 13 anos de traballo de campo, Lucrecia Martel compón —a partir do asasinato por parte dun terratenente do líder nativo Javier Chocobar— un relato do colonialismo que chega ata o presente, que atrapa e desvela a violencia estrutural do Estado apoiado no brazo xudicial. E que é lembranza das raíces dun pobo, que se vai asentando en imaxes, fotografías e relatos orais.

Este Panorama Internacional composto por nove das películas cumio desta tempada complétao un director xa de culto, Bi Gan (*Kaili Blues*, *Longa viaxe cara á noite*), quen coa mesmerizante *Resurrection*, que obtivo o Premio Especial do Xurado en Cannes, constrúe un relato cósmico que reivindica a arte de contar historias a partir da capacidade dunha muller para ir reinventando o mundo e tratar así de lograr que esperte o home que habita unha sorte de soño eterno.

DOMINGO 9, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL
XOVES 13, 17.15 | TEATRO PRINCIPAL

EN EL CAMINO (2025)

David Pablos

México / 93 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Victor Prieto, Osvaldo Sánchez

Ficha técnica:
•Guión: David Pablos
•Fotografía: Ximena Amann
•Edición: Jonathan Pellicer, Paulina del Paso
•Produción: José Antonio Acosta, Philippe Gompel, Birgit Kemner, Diego Luna, Enrique Nava, Inna Payán, Alessandro Pederzoli, Luis Salinas, Øyvind Stiauren, Andrea Vázquez Morales, Joakim Ziegler

Sinopse:
Veneno, un mozo vagabundo e rebelde, adoita frecuentar restaurantes de estrada onde se deita con camioneiros. Cunha necesidade urxente de atopar a alguén que o leve, coñece a Boneco, un condutor duro e reservado. Convénceo para que o introduza no hipermasculino mundo do transporte a longa distancia a través do norte de México. Durante a viaxe, entre ambos os dous agroma unha inesperada intimidade, mais as sombras do pasado de Veneno emerxen, poñendo en perigo a vida dos dous.

David Pablos formouse no Centro de Capacitación Cinematográfica da Cidade de México. Autor de curtametraxes, documentais e longametraxes, acadou gran repercusión con *As elexidas* (2015), galardoada con varios Premios Ariel, entre eles os de mellor dirección, guión e película. A súa filmografía destaca polo uso de actores non profesionais e por unha ollada intensa ás dinámicas sociais e persoais.

PREMIO MELLOR FILME NA SECCIÓN HORIZONTES E LEÓN QUEER DO FESTIVAL DE VENECIA 2025



SÁBADO 22, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 23, 17.45 | TEATRO PRINCIPAL

FATHER MOTHER SISTER BROTHER PAI NAI IRMÁ IRMÁN (2025)

Jim Jarmusch

Estados Unidos, Irlanda, Francia / 110 min / Ficción / Inglés, francés

Ficha artística:
Tom Waits, Adam Driver, Mayim Bialik, Charlotte Rampling, Cate Blanchett

Ficha técnica:
•Guión: Jim Jarmusch
•Fotografía: Frederick Elmes, Yorick Le Saux
•Edición: Affonso Gonçalves
•Produción: Joshua Astrachan, Conor Barry, Mélanie Biessy, Richard Bolger, Efe Cakarel, Edwina Casey, Arielle De Saint Phalle, Niamh Fagan, Charles Gillibert, Dietmar Güntsche, Jim Jarmusch, Michael Kölmel, Alex C. Lo, Carter Logan, Zane Meyer, Lorenzo Mieli, Annamaria Morelli, Elizabeth Niles, Catherine O'Flaherty, Laurent Perrot, Nina Poretzky, Jason Ropell, Marieke Tricoire, Derrick Tseng, Anthony Vaccarello, Atilla Salih Yücer

Sinopse:
Artellada en forma de tríptico, *Father Mother Sister Brother* explora as relacións entre fillos e fillas adultos e os seus pais, marcadas pola distancia emocional e os lazos silenciosos que os unen. Cada capítulo transcorre no presente e nun escenario distinto: Estados Unidos, Dublín e París. A través dun retrato íntimo e observacional, o filme constrúe unha comedia sutil, entretecida con fíos de melancolía, sobre o que permanece —ou se perde— dentro das familias.

Jim Jarmusch. Cineasta, guionista, produtor, actor, montador e compositor destacado do cine independente americano. Desde os anos 80 crea películas coa súa voz propia, como *Stranger Than Paradise, Down by Law, Mystery Train, Dead Man, Ghost Dog: The Way of the Samurai* ou *Broken Flowers,* caracterizadas polo seu estilo minimalista, unha narrativa pouco convencional, humor seco e influencias culturais diversas.

LEÓN DE OURO AO MELLOR FILME DO FESTIVAL DE VENECIA 2025



MÉRCORES 12, 19.30 | SALÓN TEATRO
MARTES 18, 19.45 | NUMAX

KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN (2025)

Bi Gan

China, Francia / 160 min / Ficción / Chinés

Ficha artística:
Jackson Yee, Shu Qi, Mark Chao

Ficha técnica:
•Guión: Bi Gan
•Fotografía: Dong Jingsong
•Edición: Bi Gan, Bai Xue
•Produción: Bi Gan, Charles Gillibert, Yang Lele, Jing Leng, Olivier Père, Zuolong Shan, Juan Wan

Sinopse:
Nun futuro no que a maioría da humanidade perdeu a capacidade de soñar, unha muller descobre que un ser extraordinario pode seguir percorrendo os mundos oníricos que os demais xa non poden alcanzar. Empregando o seu poder para adentrarse na mente do ser, accede ás súas visións sobre a historia chinesa, atravesando épocas, cinema e memoria. En cinco capítulos sensoriais, *Resurrección* opera como unha odisea visual sobre o cinema, o soño e a procura da eternidade.

Bi Gan é un director de cine, guionista, poeta e fotógrafo chinés. Debutou no mundo da curtametraxe de ficción con *South*. Dous anos despois realizou unha peza en branco e negro, *Diamond Sutra*, que foi considerada a mellor curta no 9º Festival de Cine Independente de China. A súa primeira longa, *Kaili Blues*, recibiu varios galardóns internacionais, entre eles o de Mellor Director nos Premios Cabalo de Ouro, o Premio FIPRESCI e o Montgolfière de Ouro. En 2018 escribiu e dirixiu a súa segunda película, *Longa viaxe cara a noite*, que tivo un exitoso percorrido por festivais de todo o mundo.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO NO FESTIVAL DE CANNES 2025
SECCIÓN OFICIAL NA SEMINCI



MARTES 11, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 16, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

LA VIRGEN DE LA TOSQUERA (2025)

Laura Casabé

Arxentina, México, España / 96 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Dolores Oliverio, Fernanda Echeverría, Luisa Merelas, Isabel Bracamonte, Candela Flores, Agustín Sosa

Ficha técnica:
•Guión: Benjamín Naishtat. Baseado nos relatos de Mariana Enríquez
•Fotografía: Diego Tenorio
•Edición: Ana Remón, Miguel Schverdfinger
•Produción: Ariana Aisenberg, Valeria Bistagnino, Ángeles Hernández, Livi Herrera, Alejandro Israel, Diego Martínez Ulanosky, David Matamoros, Tomás Eloy Muñoz

Sinopse:
Natalia, Mariela e Josefina son tres mozas inseparables que viven nun suburbio de Bos Aires e están perdidamente namoradas de Diego, o seu amigo da infancia. Cando el coñece a Silvia, maior e enigmática, Natalia, movida polos celos, recorre á súa avoa para lle botar un meigallo que rompa esa relación. Pero o que comeza como un xogo de maxia negra desencadea forzas alleas ao control de Natalia e esperta nela algo profundo e descoñecido.

Laura Casabé é unha realizadora audiovisual, guionista e directora arxentina. Convertida nunha das voces máis destacadas do cinema fantástico contemporáneo, a súa obra combina elementos do terror e do realismo social cunha mirada profundamente autoral. Debutou na longametraxe con *El hada buena, una fábula peronista* (2010), e consolidouse con *La valija de Benavídez* (2016) e *Los que vuelven* (2019), exhibidas en festivais como Sitges, FrightFest, Sanfic, BIFFF e Guadalaxara.

MELLOR PELÍCULA ARXENTINA NO BUENOS AIRES FESTIVAL NTERNACIONAL DE CINE INDEPENDIENTE (BAFICI) 2025
MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 2025



VENRES 7, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL I SESIÓN INAUGURAL
SÁBADO 15, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT'S CAKE / A TORTA DO PRESIDENTE (2025)

Hasan Hadi

Iraq, Estados Unidos, Catar / 105 min / Ficción / Árabe

Ficha artística:
Baneen Ahmad Nayyef, Waheed Thabet Khreibat, Sajad Mohamad Qasem

Ficha técnica:
•Guión: Hasan Hadi
•Fotografía: Tudor Vladimir Panduru
•Edición: Andu Radu
•Produción: Leah Chen Baker, Yanal Kassay

Sinopse:
No Iraq dos anos 90, mentres a poboación loita por sobrevivir baixo o réxime e as sancións de Sadam Husein, Lamia, unha nena de nove anos, emprende unha arriscada misión: conseguir os ingredientes necesarios para preparar a obrigatoria torta de aniversario do presidente. Acompañada do seu galo Hindi, deberá enfrontarse á escaseza, ao medo e á absurda burocracia dun sistema opresivo.

Hasan Hadi é un guionista e director iraquí nacido en Bagdad e criado no sur do país durante a guerra. Traballou como xornalista, produtor e profesor adxunto no programa de posgrao en cinema da Universidade de Nova York (NYU). En 2021 dirixiu a curtametraxe *Swimsuit*. Acadou, entre outros recoñecementos, os premios Sundance/NHK 2022 e o Black Family Production. Alén diso recibiu tamén as bolsas Gotham–Marcie Bloom, SFFILM Rainin, a do Instituto de Cinema de Doha e a Sundance Lab 2022.

CÁMARA DE OURO Á MELLOR ÓPERA PRIMA E PREMIO DO PÚBLICO NA QUINCENA DE CINEASTAS DO FESTIVAL DE CANNES 2025



MARTES 11, 17.30 | NUMAX
DOMINGO 16, 18.00 | NUMAX

NUESTRA TIERRA (2025)

Lucrecia Martel

Arxentina, Estados Unidos, México, Francia, Países Baixos, Dinamarca / 119 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Comunidade Chuschagasta

Ficha técnica:
•Guión: María Alché, Lucrecia Martel
•Fotografía: Ernesto de Carvalho
•Edición: Jerónimo Pérez Rioja, Miguel Schverdfinger
•Produción: Benjamín Domenech, Santiago Gallelli, Matías Roveda, Javier Leoz, Joslyn Barnes, Julio Chavezmontes, Leontine Petit, Erik Glijnis, Sandrine Dumas, Marie-Pierre Macia, Claire Gadea, Katrin Pors, Mikkel Jersin

Sinopse:
En 2009, un home e dous cómplices tentan desaloxar os membros da comunidade indíxena de Chuschagasta, no norte da Arxentina. Reclamando a propiedade da terra e armados con pistolas, matan o líder da comunidade, Javier Chocobar. O asasinato queda gravado en vídeo. Tras nove anos de protestas, en 2018 ábrese finalmente un proceso xudicial. Durante todo este tempo, os asasinos seguen libres. O filme combina as voces e fotografías da comunidade con imaxes dos tribunais para explorar a longa historia de colonialismo e espolio de terras que conduciu a este crime.

Lucrecia Martel. Logo de dirixir varias curtas, debutou na longametraxe con *La ciénaga* (Perlak, 2001), que competiu no Festival de Berlín, onde obtivo o Premio Alfred Bauer. O filme fixose tamén co Premio NHK en Sundance e o Cóndor de Prata á mellor ópera prima, entre outros galardóns. Competiu no Festival de Cannes coas súas dúas seguintes obras, *La niña santa* (2004) e *La mujer rubia* (2008), e estreou fóra de concurso en Venecia a súa cuarta longametraxe, *Zama* (2017), que recibiu o Cóndor de Prata á mellor película e mellor dirección e foi nomeada ao Goya á Mellor Película Iberoamericana. *Nuestra tierra* presentouse fóra de competición no pasado Festival de Venecia.

PREMIO Á MELLOR PELÍCULA DO BFI LONDON FILM FESTIVAL 2025
SECCIÓN HORIZONTES LATINOS DO FESTIVAL DE CINE DE SAN SEBASTIÁN 2025



XOVES 13, 19.15 | TEATRO PRINCIPAL
VENRES 21, 18.00 | TEATRO PRINCIPAL

O AGENTE SECRETO (2025)

Kleber Mendonça Filho

Brasil, Francia, Países Baixos, Alemaña / 158 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:
Wagner Moura, Maria Fernanda Cândido, Gabriel Leone

Ficha técnica:
•Guión: Kleber Mendonça Filho
•Fotografía: Evgenia Alexandrova
•Edición: Matheus Farias, Eduardo Serrano
•Produción: Dora Amorim, Olivier Barbier, Sol Bondy, Fred Burle, Fernanda Cordel, Erik Glijnis, Julian Haisch, Fionnuala Jamison, Martín Kalina, Elisha Karmitz, Nathanaël Karmitz, Emilie Lesclaux, Kleber Mendonça Filho, Wagner Moura, Olivier Père, Leontine Petit, Juliana Soares, Brent Travers

Sinopse:
En 1977, durante a ditadura militar brasileira, Marcelo, un profesor que foxe dun pasado turbulento, regresa á cidade de Recife coa esperanza de construír unha nova vida e reencontrarse co seu fillo. Pero axiña se decata de que a cidade está lonxe de ser o refuxio que busca: as forzas gobernamentais perséguenо e as ameazas de morte axéxano.

Kleber Mendonça Filho é un director, guionista, produtor e crítico de cinema brasileiro. As súas primeiras curtametraxes recibiron máis dun cento premios en Brasil e no estranxeiro. A súa primeira longametraxe, o documental *Crítico* (2008), foi seguida por *O Som ao redor* (2012), que obtivo 32 galardóns, foi seleccionada en máis de cen festivais internacionais e representou a Brasil nos Óscar 2014, sendo considerada polo *New York Times* unha das dez mellores películas do ano. Con *Aquarius* (2016) consolidou o seu prestixio internacional tras competir en Cannes e ser distribuída en máis de cen países. En 2019 codirixiu xunto a Juliano Dornelles *Bacurau*, que obtivo o Premio do Xurado no Festival de Cannes. O seu documental *Retratos fantasmas* (2023) tivo a súa estrea mundial na 76ª edición do certame francés.

MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR ACTOR (WAGNER MOURA) E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CANNES 2025



DOMINGO 16, 20.45 | SALÓN TEATRO
LUNS 17, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL

O ÚLTIMO AZUL (2025)

Gabriel Mascaro

Brasil, México, Chile, Países Baixos / 86 min / Ficción / Portugués

Ficha artística:
Denise Weinberg, Rodrigo Santoro, Miriam Socarrás

Ficha técnica:
•Guión: Gabriel Mascaro, Tibério Azul
•Fotografía: Guillermo Garza Morales
•Edición: Omar Guzmán, Sebastián Sepúlveda
•Produción: Rachel Daisy Ellis, Giancarlo Nasi, Simone Oliveira, Sandino Saravia Vinay, Marleen Slot

Sinopse:
Tereza, de 77 anos, viviu toda a súa vida nunha pequena cidade industrial da Amazonia ata que recibe unha orde oficial do goberno para trasladarse a unha colonia para maiores. Nese lugar illado, os anciáns son levados para "gozar" dos seus últimos anos, mentres a xeración nova pode dedicarse por completo á produtividade e ao progreso. Mais Tereza négase a aceptar ese destino imposto e emprende unha viaxe transformadora polos ríos e afluentes da selva amazónica para cumprir un último desexo antes de que lle arrebaten a liberdade: un acto de rebeldía que mudará o seu destino para sempre.

Gabriel Mascaro é un director, guionista, produtor e artista visual brasileiro. Tras licenciarse en Comunicación Social, comezou a realizar documentais recoñecidos internacionalmente, como *KFZ-1348* (2008), *Um Lugar ao Sol* (2009) e *Doméstica* (2012). A súa primeira longametraxe de ficción, *Ventos de agosto* (2014), estreouse en Locarno e marcou o inicio da súa proxección internacional. Con *Boi neon* (2015) consolidouse como unha das voces máis orixinais do novo cinema brasileiro, gañando o Premio Especial do Xurado na sección Horizontes do Festival de Venecia, ademais de múltiples recoñecementos en Toronto, Rotterdam e Mar del Plata. En 2019 presentou *Divino amor*, seleccionada no Festival de Sundance e na Berlinale. A súa obra destaca pola exploración sensual e política da identidade, a modernidade e o desexo no Brasil contemporáneo.

GRAN PREMIO DO XURADO E PREMIO DO XURADO ECUMÉNICO NA BERLINALE 2025
CANDIDATO AO MELLOR FILME NA SEMINCI



SÁBADO 8, 22.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 9, 22.00 | SALÓN TEATRO

TABI TO HIBI / TWO SEASONS, TWO STRANGERS / DÚAS ESTACIÓNS, DOUS DESCOÑECIDOS (2025)

Sho Miyake

Xapón / 89 min / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Shim Eun-kyung, Yumi Kawai, Mansaku Takada

Ficha técnica:

•Guión: Sho Miyake. Baseado no manga de Yoshiharu Tsuge
•Fotografía: Yuta Tsukinaga
•Edición: Keiko Okawa
•Produción: Masayoshi Johnai

Sinopse:

Nagisa e Natsuo coñécense no verán xunto ao mar. As súas miradas, baleiras e fráxiles, reflíctense mentres comparten palabras torpes e se adentran nun océano mollado pola chuvia. No inverno, Li, unha guionista en crise creativa, chega a unha vila cuberta de neve. Alí atopa unha pensión desolada rexentada polo enigmático Benzo. As súas conversas apenas conectan, pero dese silencio nace unha viaxe inesperada.

Sho Miyake é un director e guionista xaponés recoñecido pola súa capacidade para retratar historias de persoas situadas nas marxes da sociedade, cun estilo contido e profundamente humano. En 2012 dirixiu a súa primeira longametraxe, *Playback*, seleccionada para competir no Festival de Locarno. Máis tarde realizou *And your bird can sing* (2018) e *Small, slow but steady* (2022), presentada na sección Encontros da Berlinale. En 2024 estreou *All the long nights.*

LEOPARDO DE OURO DO FESTIVAL DE LOCARNO 2025





Compostela Cultura
compostelacultura.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

CINEUROPA 39

SECCIÓNS OFICIAIS

DOCS CINEUROPA

Para este festival, o cinema como articulación de situacións presentes e ao tempo como elemento base de decantación da memoria é unha función esencial: política, artística, vital. Foi así desde os mesmos inicios de Cineuropa, aínda no século XX. Cando Cineuropa nace, aínda rexía o mundo unha bipolaridade entre o capitalismo e o chamado socialismo real. Isto é, vivimos as dúas primeiras edicións do noso festival baixo unha guerra fría de última xeración que xa tendía a verse desconxelada polo que foi logo consunción do bloque do Leste. E no medio da celebración da edición de Cineuropa de 1989 produciuse, por sorpresa, a caída do Muro.

Convén expoñer isto porque esas raíces de Cineuropa, xusto no comezo da fin dese século XX das ideoloxías fortes, sen dúbida foron definitorias na nosa exacerbada vocación por explorar as pegadas do tempo a través do xénero documental. Boa parte do equipo basal do festival é fillo do pasado século. E a necesidade de recontar a Historia, antes de que logren sepultala, é unha necesidade, unha ansia.

Cremos que é un principio e unha complicidade que existe tamén en boa parte dos nosos espectadores, polo menos dos que xa facían cola a finais da década dos 80 na rúa Nova. Non é casual que entre os premios do público se poidan contar no histórico de Cineuropa triunfos como o da película de Jaime Camino *Los niños de Rusia* no 2001.

Indagaba Camino, nado en 1936, naqueles cativos do País Vasco, Cantabria e Asturias que, ante a caída da fronte do Norte, foron enviados polos seus pais á Unión Soviética –daquela país amigo da República- para os poñer a salvo da longa vitoria do franquismo.

Desde entón, cada ano, no perenne encontro con esta sección ou en extensións sociopolíticas en diferentes ciclos temáticos, a memoria obstinada foi esencial no noso programa.

Entre as once películas que ofrecemos nesta 39ª edición hai un predominio da exploración de situacións políticas de opresión, tantas veces silenciadas, que ven a luz nalgúns casos por primeira vez. Lucrecia Martel, a autora latinoamericana máis influente do último cuarto de século con películas como *La ciénaga*, *La niña santa* ou *Zama*, achega con *Nuestra tierra* a traxedia e a ameaza de aniquilación por mor de intereses económicos do pobo chuschagasta, orixinario de Tucumán, situación ata agora globalmente descoñecida. Logo de trece anos de traballo de campo, Lucrecia Martel compón –a partir do asasinato por parte dun terratenente do líder nativo Javier Chocobar– un relato do colonialismo que chega ata o presente, que atrapa e desvela a violencia estrutural do Estado apoiado no brazo xudicial. E que é lembranza das raíces dun pobo, que se vai asentando en imaxes, fotografías e relatos orais.

Non pode dicirse que a ditadura que sufriu Paraguai durante 35 anos (de 1954 a 1989) baixo o xugo de Alfredo Stroessner non fose do dominio público. Pero si é unha evidencia que, en contraste co resto de réximes militares que oprimiron América Latina na segunda metade do século XX –os de Brasil, Arxentina, Chile ou Uruguai, inmersos no Plan Cóndor–, case ninguén se lembraba de Stroessner. De non ser por unha soada novela de Augusto Roa Bastos –*Yo el Supremo*–, o coñecemento internacional da ditadura paraguaia tendería a fluír da zona de sombra ao esquecemento.

No pasado febreiro, na Berlinale, descubrimos unha obra valiosísima no seu rescate dese réxime, caracterizado por unha escaseza de imaxes ben escurantista. *Bajo las banderas, el sol*, de Juanjo Pereira, recupera todo un material de arquivo espallado polo mundo. E vemos a Stroessner na intimidade familiar ou en viaxes internacionais que resultan hoxe vergoñentas: unha xira por Europa na cal non só foi recibido na España de Franco –algo que entra dentro do imaxinable– senón na Francia do melifluo Georges Pompidou. Tamén contén a película imaxes da represión da poboación civil ou do golpe palatino que sufriu Stroessner a mans do seu consogro. Todo quedaba na casa. Este documental, que percorreu nestes meses o circuíto de festivais internacionais, chegará a Cineuropa a canda o seu director, Juanjo Pereira, que vai participar nun debate aberto ao público sobre as ditaduras silenciadas.

O noso Premio Cineuropa Internacional, o director palestino Kamal Aljafari, leva dúas décadas traballando nunha recuperación a través das imaxes dunha memoria fílmica da loita e a opresión do pobo palestino. *A fidai film*, a súa penúltima obra, foi premiada nas mecas do cinema documental, o FIDMarsella e o suízo Visions du Réel.

Galicia é protagonista de dúas excepcionais obras desta sección: *Deuses de pedra*, de Iván Castiñeiras, foi dando a coñecer –desde que gañou en maio o Play-Doc Tui e o Documenta Madrid– no seu percorrido por festivais internacionais a súa belísima e lúcida reflexión arredor da identidade, das fronteiras, desa natureza fronteiriza da Raia. Unha obra que afianza esa construción dunha paisaxe nunha riqueza fílmica irredutible desde o seu traballo cos 16 mm.

360 curvas rememora a loita dun pobo, o da Fonsagrada, na Galicia da *pax fraguiana* de 1991, unhas mobilizacións contra unha política que condenaba esta comarca lucense,

separada de Lugo por esas 360 curvas do título, á marxinación e ao declive demográfico.

Na sección Docs Cineuropa hai tamén tres obras que traballan igualmente a memoria a través da lembranza de cadansúa figura artística. Unha é a de Antonio Flores —e un pouco tamén do clan—na nova película do Premio Cineuropa Isaki Lacuesta, *Flores para Antonio.*

Por outra banda, o director e gañador de dous goyas Gaizka Urresti, coa lembranza da vida e obra de Eloy de la Iglesia, atrapa no seu retrovisor a ferida do tempo de cando as liberdades estaban aínda por conquistar. Este daguerrotipo visual do cineasta que mellor narrou en imaxes os dentes de serra da Transición nun documental que ten moita pero moita chicha, é como un mosaico sobre o máis parecido que tivo o noso cinema a un Pasolini desgarbado.

Finalmente, temos a figura de John Boorman en *Boorman and the devil*, documental estreado mundialmente na pasada Mostra de Venecia e que chega directamente a Cineuropa como estrea no noso país. Ao abordar a rodaxe da secuela dunha das películas totémicas dos 70, *O exorcista*, o filme vai perfilando unha idea de como a subversión era daquela aínda factible mesmo entre as películas de altísimo orzamento. *O exorcista II: o herexe* desatou os demos da crítica e do público, que non atoparon o que esperaban dunha segunda parte que non era tal. Por iso é moi fermosa a maneira na que vai tecendo os capítulos do que foi unha derrota comercial. Co paso do tempo, respírase como un acto de coraxe dun director, John Boorman, que desafiou a máquina de picar carne de Hollywood e que aínda vive para contalo. Non deixen de ver esta premiére, que abofé acompañaremos do rescate da versión sen recortes, difícil de ver, desa perla do malditismo titulada *O exorcista II.*



DOMINGO 23, 17.00 | SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

360 CURVAS (2025)


Alejandro Gándara, Ariadna Silva
España / 81 min / Documental / Galego

Ficha artística:
María Fernández Pérez, Víctor Méndez Fernández, Adrián Méndez Fernández, José Fernández, Ana Hernández, José Campos, Borja Campos, Marta Fernández Alvarez, Manuel Fernández López, Ángel Gegunde Díaz, Jorge López Álvarez, veciñanzas da Fonsagrada, de Cereixido e de Souto

Ficha técnica:
•Guión: Adrián Méndez, Manuel Lucas, Alejandro Gándara, Ariadna Silva
•Fotografía: Manuel Lucas Mariño
•Edición: Alba Domínguez Serén
•Produción: Xacio Baño, Tamara Canosa

Sinopse:
360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Esta estrada longa, difícil e sinuosa entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a inicios dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia nunhas revoltas sen precedentes, coñecidas popularmente como As Movidas.

Alejandro Gándara, Ariadna Silva son cineastas cunha marcada sensibilidade pola linguaxe documental e a relación co territorio. Alejandro Gándara codirixiu con Olaia Tubío a longametraxe *Dorothé na Vila*, finalista nos Premios Mestre Mateo, así como outros traballos con formatos documentais diversos. Ariadna Silva foi premiada polas curtas *Fricciónsand* e *O intruso*. As súas obras foron seleccionadas en festivais como Play-Doc ou Novos Cinemas. En 2024 iniciaron o seu primeiro proxecto conxunto: *360 curvas*.



VENRES 14, 18.15 | TEATRO PRINCIPAL

A FIDAI FILM / UN FILME FEDAÍN (2024)

Kamal Aljafari
Palestina, Alemaña, Qatar, Brasil, Francia/ 78 min / Documental / Árabe

Ficha artística:
Darin Dibsy, Kamal Aljafari

Ficha técnica:
•Guión: Kamal Aljafari, Ghassan Kanafani
•Fotografía: Kamal Aljafari
•Edición: Kamal Aljafari, Yannig Willmann
•Produción: Kamal Aljafari, Flavia Mazzarino

Sinopse:
No verán de 1982, o exército israelí invadiu Beirut e saqueou o Centro de Investigación Palestina, apropiándose dun arquivo que gardaba boa parte da memoria visual e documental da historia de Palestina. Décadas despois, *A fidai film* reconstrúe ese espolio e propón unha contranarrativa: un exercicio de sabotaxe cinematográfica que reclama e restaura as imaxes roubadas. A partir de fotografías e fragmentos ocultos nos arquivos israelís, Kamal Aljafari realiza unha escavación fílmica sobre a memoria, a resistencia e o poder do cinema como ferramenta de liberación.

Kamal Aljafari é un incansable colector de imaxes que dedica a súa filmografía á reconstrución da memoria ameazada do seu pobo, tanto desde o persoal como desde o colectivo. A súa obra —que inclúe *Port of memory* (2009), *Recollection* (2015), *An unusual summer* (2020) e *A fidai film* (2024)— conforma un percorrido radical e poético pola historia recente de Palestina. Movéndose entre o documental e o cine-ensaio, Aljafari filma desde a ausencia, revela o que xa non está e converte o arquivo nunha ferramenta política e estética. O seu traballo máis recente, *With Hasan in Gaza* (2025), estreouse no Festival de Locarno.

GRAN PREMIO DO XURADO EN VISIONS DU RÉEL



MÉRCORES 12, 20.00 | NUMAX | MESA DEBATE
LUNS 17, 20.00 | NUMAX

BAJO LAS BANDERAS, EL SOL (2025)

Juanjo Pereira
Paraguai, Arxentina, Francia, Estados Unidos, Alemaña / 90 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Paul Kircher, Idir Azougli, Salif Cissé

Ficha técnica:
•Guión: Juanjo Pereira
•Fotografía: Francisco Bouzas, Pascual Glauser
•Edición: Manuel Embalse
•Produción: Ivana Urizar, Gabriela Sabaté, Paula Zyngierman, Leandro Listorti, Juanjo Pereira

Sinopse:
A partir de 120 horas de imaxes de arquivo, este documental afonda na maquinaria oculta da ditadura de Alfredo Stroessner en Paraguai, un dos réximes máis longos da historia contemporánea. Desde a propaganda ata as emisións internacionais, o filme revela como os medios de comunicación moldearon o poder, controlaron a memoria colectiva e construíron un legado que aínda perdura hoxe.

Juanjo Pereira é director artístico e programador do Festival Internacional de Cine Contemporáneo de Asunción e deseñador de imaxe e son na Universidade de Bos Aires. Participou en programas internacionais como Berlinale Talents, Málaga Talents e IDFAcademy, e recibiu galardóns como o Premio Especial do Xurado no INAP, o FONDEC e o Premio Lumière. *Bajo las banderas, el sol*, é a súa ópera prima.

PREMIO DO PÚBLICO NA BERLINALE 2025
GRAN PREMIO DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDIENTE DE BUENOS AIRES (BAFICI)



DOMINGO 16, 20.30 | NUMAX
LUNS 17, 17.45 | SALÓN TEATRO

BOORMAN AND THE DEVIL BOORMAN E O DIAÑO(2025)

David Kittredge
Estados Unidos / 112 min / Documental / Inglés

Ficha artística:
John Boorman, Linda Blair, Louise Fletcher, Rospo Pallenberg, Karyn Kusama, Mike Flanagan, Joe Dante, Bilge Ebiri, Stephanie Zackarek, Simon Abrams, Jim Hemphill

Ficha técnica:
•Guión: David Kittredge
•Fotografía: Seamus Deasy, Ed Herrera, Alan Jacobsen, Elle Schneider
•Edición: David Kittredge
•Produción: Jim Fall, David Kittredge, Alan Koenigsberg, Travis Stevens

Sinopse:
Tras o éxito de *Point Blank* e *Deliverance*, a Warner Bros ofreceulle a John Boorman a oportunidade da súa vida: dirixir a secuela *d'O exorcista*, o fenómeno cinematográfico de William Friedkin de 1973. O resultado foi un dos maiores desastres da historia do cinema, un fracaso crítico e comercial que transformou a industria de Hollywood e estivo a piques de rematar coa carreira do director. O documental revisita aquel episodio a través das voces de Boorman, Linda Blair, Louise Fletcher, Karyn Kusama, Mike Flanagan e outros creadores, que reflexionan sobre a ambición do proxecto, a súa audacia formal e o valor de asumir grandes riscos artísticos.

David Kittredge é director, guionista, editor e produtor cunha sólida traxectoria no cinema de xénero e a cultura LGTBIQ+. Foi montador de *54: the director's cut* (2015), presentada no Festival de Berlín, e escribiu, dirixiu e coproduciu o seu primeiro filme, *Pornography: a thriller* (2009). Foi produtor executivo da serie *Queer for fear: the history of queer horror* (2022), candidata aos Premios Emmy.



VENRES 14, 21.15 | NUMAX
MARTES 18, 18.15 | NUMAX

¿DE QUÉ CASA ERES? (2025)

Ana Pérez-Quiroga

Portugal / 73 min / Documental / Portugués, ruso, castelán

Ficha artística:
Angela Petra Cabral

Ficha técnica:
•Guión: Susana Barata Gomes, Ana Pérez Quiroga
•Fotografía: Paulo Menezes
•Edición: Patrícia Saramago
•Produción: Joana Ferreira

Sinopse:
"De que casa es?" foi a pregunta que tiveron que responder case tres mil nenos e nenas españolas exiliadas na Unión Soviética durante a Guerra Civil. Este filme reconstrúe a historia dunha delas, Angelita Pérez, nai da directora, que pasou vinte anos en internados rusos ata licenciarse en Medicina en Moscova. A través das lembranzas compartidas entre a directora e a súa nai, a película trenza pasado e presente, historia e memoria, nun relato sobre a resistencia, o amor e a identidade. Revisitar o camiño de Angelita convértese nunha homenaxe á súa forza e nunha declaración de amor entre xeracións.

Ana Pérez-Quiroga é unha artista visual e performer portuguesa que vive e traballa en Lisboa. A súa obra, centrada na instalación, a fotografía, os obxectos e a arte de acción, aborda temas como a vida cotiá, a construción da identidade a través dos obxectos comúns e as cuestións de xénero. Expón regularmente desde 1999 en institucións nacionais e internacionais, e a súa obra forma parte de diversas coleccións públicas. Participou en residencias artísticas apoiadas por entidades como a Fundación Gulbenkian, a Fundación Oriente, o Institut Français du Portugal e a Cité Internationale des Arts de París, entre outras.



SÁBADO 15, 20.15 | SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

DEUSES DE PEDRA (2025)

Iván Castiñeiras

España, Portugal, Francia / 85 min / Documental / Portugués

Ficha artística:
Cinda Freitas, Mariana Freitas Tavares, Jaime Freitas Tavares, Manel Freitas Tavares, Pedro Freitas Tavares, Ricardo Freitas, Humberto Tavares

Ficha técnica:
•Guión: Iván Castiñeiras
•Fotografía: Iván Castiñeiras, Jorge Quintela, Alberto D. Centeno
•Edición: Antonio Trullén Funcia
•Produción: Iván Castiñeiras, Pedro Fernandes Duarte, André Gil Mata, Étienne Jaxel-Truer, Frederico Lobo, Cláudia Ribeiro, Ángel Santos, Emine Seker

Sinopse:
Mariana, unha nena de catro anos, descobre o mundo a través das palabras da súa mestra nunha das últimas escolas rurais da Raia, a fronteira entre Galicia e Portugal. Alí, os contos infantís confúndense coas lendas e coas historias que aínda habitan o territorio. O tempo pasa, e entre relato e relato, Mariana medra ata os dezasete anos, cando debe afrontar unha decisión importante: abandonar a aldea e separarse da súa nai para estudar no estranxeiro.

Iván Castiñeiras é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e en Cinema polo Conservatorio Nacional de Lisboa (ESTC). Completou a súa formación na École Louis-Lumière e en Le Fresnoy (París), así como nun posgrao en dirección de fotografía na ESCAC de Barcelona. Cineasta e director de fotografía, colaborou con cineastas como Miguel Cabral, Ángel Santos ou Diana Toucedo. Como director, asinou as curtametraxes *A raia* (2012), *Où est la jungle?* (2015), *Chemins battus* (2016) e *Trajectory Drift* (2018), nas que combina unha mirada documental e poética sobre o territorio, a memoria e o desprazamento.

MELLOR FILME GALEGO NO PLAY-DOC 2025
MELLOR FILME GALEGO NO INTERSECCIÓN 2025
PREMIO DO XURADO AO MELLOR FILME NACIONAL EN DOCUMENTA MADRID 2025



XOVES 13, 20.30 | NUMAX

ELOY DE LA IGLESIA, ADICTO AL CINE (2025)

Gaizka Urresti

España / 95 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
José Sacristán, Ángel Pardo, Fernando Guillén Cuervo, Gaspar Noé, José Luis Garci, Marisol Morcillo

Ficha técnica:
•Guión: Gaizka Urresti, Moisés Garrido, Juan Barrero
•Fotografía: Pepe Añón
•Edición: Juan Barrero
•Produción: Oihana Olea Suinaga, Julio Díez Cornejo

Sinopse:
Retrato dun cineasta valente, un *enfant terrible* nos seus inicios, combativo fronte á censura e sempre disposto a explorar os límites da liberdade de expresión. Cronista da cara máis escura da Transición, a súa traxectoria acabaría afundíndose nos infernos da drogadicción e no esquecemento durante máis dunha década. Repudiado por moitos, logrou finalmente saír do ostracismo e regresar ao seu verdadeiro vicio: o cinema, a adicción da que nunca conseguiu desenganchar.

Gaizka Urresti dirixiu *Un dios que ya no ampara* (2010), nomeada aos Goya á mellor curtametraxe documental, *Abstenerse agencias* (2014), que obtivo o Goya á Mellor Curta de Ficción, ou *El trastero* (2016). En 2019 dirixiu *Aute Retrato*, candidato ao Goya ao Mellor Documental, galardón que conseguiu en 2023 con *Labordeta, un hombre sin más*.



LUNS 10, 20.45 | SALÓN TEATRO
SÁBADO 15, 22.30 | SALÓN TEATRO

FLORES PARA ANTONIO (2025)

Isaki Lacuesta, Elena Molina

España / 98 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Alba Flores, Ana Villa, Rosario Flores, Lolita Flores

Ficha técnica:
•Guión: Isaki Lacuesta, Elena Molina
•Fotografía: Juana Jiménez
•Edición: Mamen Díaz, Alicia González Sahagún
•Produción: Charly Bujosa, Alba Flores, Bruna Hernando, Sara Montoliu, Ana Villa, Eduardo Villanueva, Clara Lago

Sinopse:
Unha filla dispón a buscar a verdade sobre quen foi o seu pai, un músico lendario falecido cando ela tiña oito anos. El é Antonio Flores; ela, a tamén recoñecida actriz Alba Flores. Despois da súa perda, Alba deixou de cantar, mais agora decide recuperar a súa voz e a súa historia, iniciando unha viaxe íntima e emocional a través de imaxes inéditas, entrevistas familiares e o legado musical do seu pai.

Isaki Lacuesta gañou a Cuncha de Ouro en San Sebastián con *Los pasos dobles* (2011) e *Entre dos aguas* (2018), e competiu tamén na Sección Oficial con *Los condenados* (Premio FIPRESCI, 2009), *Murieron por encima de sus posibilidades* (2014, fóra de concurso) e a serie *Apagón* (2022, fóra de concurso). Presentou *La noche que no acaba* (2010) e *El cuaderno de barro* (2011) en Zabaltegi, mentres que con *Un año, una noche* (Perlak, 2022) participou na Berlinale. A súa máis recente longametraxe, *Segundo premio* (codirixida con Pol Rodríguez), estreouse na sección Made in Spain (2024) tras gañar en Málaga a Biznaga de Ouro e as Biznagas de Prata á mellor dirección e montaxe, ademais de recibir tres premios Goya.

Elena Molina é directora e guionista. Asinou as longametraxes *Rêve de mousse* (2018) e *Remember my name* (2023), esta última galardoada co Premio do Público na sección de documentais do Festival de Málaga.



SÁBADO 8, 18.15 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN
MARTES 11, 20.00 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

LA MITAD DE MI FAMILIA (2024)

Ariel Wolf

Uruguai / 96 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Doris Hejer

Ficha técnica:
•Guión: Ariel Wolf. Baseado no libro de Doris Hejer
•Fotografía: Henry Ernst, Guillermo Vázquez, Francisco Pose, Ariel Wolf
•Edición: Ariel Wolf
•Produción: Laura Federici, Cecilia González, Marialís Esquivel, Jimena Rodríguez

Sinopse:
Durante o confinamento da pandemia, Ariel decide filmar a súa nai, Doris, unha recoñecida psicanalista. A través da súa voz, reconstrúe a complexa historia da súa familia xudía, que escapou de Alemaña, e tamén a dos parentes nazis que permaneceron aló. Entre o amor e o desamor dos seus pais —un xudeu e unha muller alemá, filla dun nazi— emerxe un retrato íntimo sobre a memoria, a culpa e a herdanza. A mestura de sangue entre vítimas e verdugos leva o director a preguntarse por que algo ocorrido hai oitenta anos segue marcando a súa vida, nun filme que indaga nos vínculos de poder, nas relacións entre pais e fillos e nas formas nas que os humanos aprendemos a convivir co peso do pasado.

Ariel Wolf é cineasta, camarógrafo e montador, cunha ampla traxectoria no ámbito do cinema e a televisión, que abrangue longametraxes, curtametraxes e documentais premiados. Formado na Escola de Cine do Uruguai (ECU), entre 1998 e 2000 codirixiu e coeditou, xunto a outros compañeiros, o filme colectivo *8 historias de amor,* considerado unha obra fundacional do novo cinema uruguaio.
Paralelamente á súa actividade creativa, desenvolveu un extenso labor docente e é tamén autor de varias coleccións de relatos, polos que recibiu numerosos premios literarios.



MARTES 11, 17.30 | NUMAX
DOMINGO 16, 18.00 | NUMAX

NUESTRA TIERRA (2025)

Lucrecia Martel

Arxentina, Estados Unidos, México, Francia, Países Baixos, Dinamarca / 119 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Comunidade Chuschagasta

Ficha técnica:
•Guión: María Alché, Lucrecia Martel
•Fotografía: Ernesto de Carvalho
•Edición: Jerónimo Pérez Rioja, Miguel Schverdfinger
•Produción: Benjamín Domenech, Santiago Gallelli, Matías Roveda, Javier Leoz, Joslyn Barnes, Julio Chavezmontes, Leontine Petit, Erik Glijnis, Sandrine Dumas, Marie-Pierre Macia, Claire Gadea, Katrin Pors, Mikkel Jersin

Sinopse:
En 2009, un home e dous cómplices tentan desaloxar os membros da comunidade indíxena de Chuschagasta, no norte da Arxentina. Reclamando a propiedade da terra e armados con pistolas, matan o líder da comunidade, Javier Chocobar. O asasinato queda gravado en vídeo. Tras nove anos de protestas, en 2018 ábrese finalmente un proceso xudicial. Durante todo este tempo, os asasinos seguen libres. O filme combina as voces e fotografías da comunidade con imaxes dos tribunais para explorar a longa historia de colonialismo e espolio de terras que conduciu a este crime.

Lucrecia Martel. Logo de dirixir varias curtas, debutou na longametraxe con *La ciénaga* (Perlak, 2001), que competiu no Festival de Berlín, onde obtivo o Premio Alfred Bauer. O filme fíxose tamén co Premio NHK en Sundance e o Cóndor de Prata á mellor ópera prima, entre outros galardóns. Competiu no Festival de Cannes coas súas dúas seguintes obras, *La niña santa* (2004) e *La mujer rubia* (2008), e estreou fóra de concurso en Venecia a súa cuarta longametraxe, *Zama* (2017), que recibiu o Cóndor de Prata á mellor película e mellor dirección e foi nomeada ao Goya á Mellor Película Iberoamericana. *Nuestra tierra* presentouse fóra de competición no pasado Festival de Venecia.

PREMIO Á MELLOR PELÍCULA DO BFI LONDON FILM FESTIVAL 2025
SECCIÓN HORIZONTES LATINOS DO FESTIVAL DE CINE DE SAN SEBASTIÁN 2025



MARTES 11, 18.30 | SALÓN TEATRO | CON PRESENTACIÓN
XOVES 13, 18.15 | NUMAX | CON PRESENTACIÓN

SEMPRE (2024)

Luciana Fina

Portugal / 108 min / Documental / Portugués

Ficha técnica:
•Guión: Luciana Fina
•Fotografía: Luciana Fina
•Edición: Luciana Fina
•Produción: Cinemateca Portuguesa, Museu do Cinema, Lafstudio

Sinopse:
Cincuenta anos despois da Revolución dos Caraveis, Luciana Fina revisita as imaxes de 1974 para repensar a transición do fascismo á liberdade e o proceso de construción dun novo país. A través do diálogo co arquivo, o filme rende homenaxe ao cinema que participou activamente na historia e recupera a posibilidade dun tempo extraordinario. Sempre percorre a opresión da ditadura e da súa policía política, as ocupacións estudantís de 1969, o levantamento do Movemento das Forzas Armadas e os soños, programas e desafíos do proceso revolucionario e da descolonización.

Luciana Fina é cineasta e artista visual italiana afincada en Lisboa desde 1991. Foi curadora de programas e edicións cinematográficas na Cinemateca Portuguesa e é investigadora na Facultade de Belas Artes da Universidade de Lisboa. Dirixiu o seu primeiro documental en 1997, integrándose na xeración de cineastas que revitalizaron o cinema documental en Portugal. A súa obra, que abrangue filmes e instalacións *site-specific*, preséntase regularmente en festivais e exposicións internacionais. En títulos como *Andromeda* (2023) e *Sempre*, explora o potencial poético do arquivo cinematográfico. En 2024 inaugurou *Sempre, a palavra, o sonho e a poesia na rua*, unha instalación creada para a Cinemateca Portuguesa con motivo do cincuentenario da Revolución dos Caraveis.





PANORAMA AUDIOVISUAL GALEGO

No seu momento, na primeira década deste século, en Cineuropa apostamos con firmeza polos primeiros indicios de que en Galicia agromaba unha xeración de olladas poderosísimas. Seguimos daquela as primeiras curtametraxes de Óliver Laxe ou de Lois Patiño, entre moitos outros, e as longametraxes de Alberte Pagán. Inauguramos a edición do 2007 coa primeira película de Alfonso Zarauza e a de 2008 con *Liste, pronunciado Líster*, de Margarita Ledo. Ao longo destes anos acompañamos tamén a traxectoria do noso gran autor heterodoxo, Alberto Gracia.

Os devanditos seis cineastas son xa posuidores do Premio Cineuropa —Alberto Gracia recibiuno o pasado ano—, e este ano o noso tributo celebra o cinema de Jaione Camborda, donostiarra-compostelá que levou a fonda raíz telúrica de O corno ata o cumio dun festival internacional de clase A. Con esta película gañou, no 2023, a Cuncha de Ouro do Festival de San Sebastián, converténdose na primeira cineasta do Estado español en acadar este recoñecemento.

Nesta edición continuamos o seguimento dalgúns dos pioneiros do *Novo Cinema Galego.* Teremos o pracer de ofrecer na nosa gala de clausura *Así chegou a noite*, a excelente e novísima película de Ángel Santos, autor esencial a quen seguimos en Cineuropa desde aquela excepcional curta titulada *O cazador.*

Presentaremos tamén *Deuses de pedra*, de Iván Castiñeiras, que foi algo así como a revelación da produción galega deste 2025, tras a súa acollida en festivais como Montevideo ou o BAFICI. A película gañou o premio principal no Play-Doc de Tui e en Documenta Madrid.

E estreamos *360 curvas*, unha obra de combate social e político que nos devolve o recordo do que foi a loita na comarca da Fonsagrada: as mobilizacións iniciadas en 1991, case ao comezo da *pax fraguiana*, para denunciar o abandono en materia de comunicacións e infraestruturas dun territorio que foi vendo como a súa poboación caía en picado. A memoria daquela loita, daquelas mobilizacións, deixa o sabor agridoce do que, aínda sen vencer, pagou a pena combater.

SE PRECISAS MÁIS INFORMACIÓN OU QUERES MERCAR AS TÚAS ENTRADAS FISICAMENTE, VISÍTANOS NA ZONA C

DOMINGO 23, 17.00 I SALÓN TEATRO

360 CURVAS (2025)

Alejandro Gándara, Ariadna Silva

España / 81 min / Documental / Galego

Ficha artística:

María Fernández Pérez, Víctor Méndez Fernández, Adrián Méndez Fernández, José Fernández, Ana Hernández, José Campos, Borja Campos, Marta Fernández Alvarez, Manuel Fernández López, Ángel Gegunde Díaz, Jorge López Álvarez, veciñanzas da Fonsagrada, de Cereixido e de Souto

Ficha técnica:

•Guión: Adrián Méndez, Manuel Lucas, Alejandro Gándara, Ariadna Silva
•Fotografía: Manuel Lucas Mariño
•Edición: Alba Domínguez Serén
•Produción: Xacio Baño, Tamara Canosa

Sinopse:

360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Esta estrada longa, difícil e sinuosa entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a inicios dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia nunhas revoltas sen precedentes, coñecidas popularmente como As Movidas.

Alejandro Gándara e **Ariadna Silva** son cineastas cunha marcada sensibilidade pola linguaxe documental e a relación co territorio. Alejandro Gándara codirixiu con Olaia Tubío a longametraxe *Dorothé na Vila*, finalista nos Premios Mestre Mateo, así como outros traballos con formatos documentais diversos. Ariadna Silva foi premiada polas curtas *Fricciónsa* e *O intruso*. As súas obras foron seleccionadas en festivais como Play-Doc ou Novos Cinemas. En 2024 iniciaron o seu primeiro proxecto conxunto: *360 curvas*.

DOMINGO 23, 21.00 I TEATRO PRINCIPAL I CLAUSURA

ASÍ CHEGOU A NOITE (2025)

Ángel Santos

España / 122 min / Ficción / Galego, castellano

Ficha artística:

Denis Gómez, Violeta Gil, Miquel Insua

Ficha técnica:

•Guión: Ángel Santos, Pablo García Canga
•Fotografía: Iván Castiñeiras
•Edición: Marcos Flórez
•Produción: Alfonso Zarauza, Ángel Santos, Daniel Froiz

Sinopse:

Un escultor establece o seu obradoiro nunha apartada zona rural da costa galega. Aos poucos vai illándose da súa contorna, cortando todo contacto con amigos e familiares. Cando unha antiga amante acuda ao seu encontro, provocará nel unha reflexión sobre o seu desexo de illamento e a necesidade dunha nova fuxida.

Ángel Santos debutou na longametraxe con *Dos fragmentos/ Eva* (2012). *As altas presións* (2014), a súa segunda película de ficción, foi estreada no Festival Internacional de Busan e obtivo o Premio Novas Ondas no Festival de Cine Europeo de Sevilla. Escribiu sobre cinema en *Miradas de Cine, Blogs & Docs* e *Shangri-la*, e é cofundador de Novos Cinemas, Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, do que foi director artístico nas súas cinco primeiras edicións. Como docente, está implicado desde hai unha década no proxecto educativo *Cinema en Curso* (A Bao A Qu / CGAI).

SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE CINE DE XIXÓN 2025





XOVES 13, 20.30 I SALÓN TEATRO I CON PRESENTACIÓN

CRÓNICAS DUN NON (2025)

Fernando Rodríguez

España / 70 min / Documental / Galego, castelán

Ficha artística:

Manuel Rivas, Martázul Busto, Duarte Crestar, Francisco Salgado, Encarna Otero, Guillerme Vázquez, Elías Rozas, Xoán Cordeiro Budiño, Carlos Blanco, Xosé García Lapido, Manuel Almenar, Camilo Nogueira, Xoán Antón Pérez-Lema, Cristina Álvarez, Nuria Grandío, Fernando Rodríguez

Ficha técnica:

•Guión: Fernando Rodríguez
•Fotografía: Álvaro Liste
•Edición: Miguel Romero, Luís Millares
•Produción: Ismael Romarís

Sinopse:

Fernando Rodríguez, coñecido como "Peñaño", reconstrúe en primeira persoa a historia do movemento da insubmisión en Galicia, que na década de 1990 se converteu nunha das máis significativas experiencias de desobediencia civil no Estado español. A través da súa propia experiencia —foi encarcerado en 1989 por negarse a cumprir o servizo militar— e das voces doutros protagonistas, o documental recupera a memoria dunha loita colectiva chea de inxenuidade, valentía e convicción, que contribuíu a abolir o servizo militar obrigatorio en 2001.

Fernando Rodríguez "Peñaño" é guionista, produtor e realizador, formado en Produción Audiovisual na Escola de Imaxe e Son da Coruña. Foi guionista e dialoguista da serie *4º sen ascensor* e de curtametraxes como *A loita* ou *A cadros*, ademais de producir documentais como *Entre Patifas, Seis estrelas* ou *Beiras, vivir dúas veces*. Tamén é autor de varios libros de poesía e narrativa, entre eles *A mala idea* (2002), *Miradas Ausencias* (2004, Premio Prados Ledesma), *Camiños* (2008), *El tiempo, todo locura* (2014) e *Querida Laura* (2020).

SÁBADO 15, 20.15 I SALÓN TEATRO I CON PRESENTACIÓN

DEUSES DE PEDRA (2025)

Iván Castiñeiras

España, Portugal, Francia / 85 min / Documental / Portugués

Ficha artística:

Cinda Freitas, Mariana Freitas Tavares, Jaime Freitas Tavares, Manel Freitas Tavares, Pedro Freitas Tavares, Ricardo Freitas, Humberto Tavares

Ficha técnica:

•Guión: Iván Castiñeiras
•Fotografía: Iván Castiñeiras, Jorge Quintela, Alberto D. Centeno
•Edición: Antonio Trullén Funcia
•Produción: Iván Castiñeiras, Pedro Fernandes Duarte, André Gil Mata, Étienne Jaxel-Truer, Frederico Lobo, Cláudia Ribeiro, Ángel Santos, Emine Seker

Sinopse:

Mariana, unha nena de catro anos, descobre o mundo a través das palabras da súa mestra nunha das últimas escolas rurais da Raia, a fronteira entre Galicia e Portugal. Alí, os contos infantís confúndense coas lendas e coas historias que aínda habitan o territorio. O tempo pasa, e entre relato e relato, Mariana medra ata os dezasete anos, cando debe afrontar unha decisión importante: abandonar a aldea e separarse da súa nai para estudar no estranxeiro.

Iván Castiñeiras é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e en Cinema polo Conservatorio Nacional de Lisboa (ESTC). Completou a súa formación na École Louis-Lumière e en Le Fresnoy (París), así como nun posgrao en dirección de fotografía na ESCAC de Barcelona. Cineasta e director de fotografía, colaborou con cineastas como Miguel Cabral, Ángel Santos ou Diana Toucedo. Como director, asinou as curtametraxes *A raia* (2012), *Où est la jungle?* (2015), *Chemins battus* (2016) e *Trajectory Drift* (2018), nas que combina unha mirada documental e poética sobre o territorio, a memoria e o desprazamento.

MELLOR FILME GALEGO NO PLAY-DOC 2025
MELLOR FILME GALEGO NO INTERSECCIÓN 2025
PREMIO DO XURADO AO MELLOR FILME NACIONAL EN DOCUMENTA MADRID 2025





VENRES 14, 18.15 I SALÓN TEATRON
CON PRESENTACIÓN

GRELEI RAÍCES NO TEU LAR (2025)

Adriana Páramo

España, Reino Unido / 61 min / Documental / Galego, castelán

Ficha artística:
Flako Estévez, Alexandro Bouzó, Guillermo Queiro, Ana Fontenla, Mª del Carmen Jorge, Manuel F. Landeiro, Lucía Amarelle, Javier Varela, Tatán, Darío Fernández Raposo, Andrés Giráldez

Ficha técnica:
•Guión: Adriana Páramo
•Fotografía: Adriana Páramo
•Edición: Adriana Páramo
•Produción: Adriana Páramo

Sinopse:
Despois de once anos fóra, Adriana regresa a Galicia para enfrontarse ao baleiro que deixa a morte da súa tía. Instálase na súa casa, un lugar cheo de recordos, e comeza a gravar o seu día a día. Alí sente, por primeira vez, o desexo de ser nai e decide emprender, en solitario, o camiño cara á maternidade. Nesta viaxe íntima, Adriana reconstrúese, dando forma a un novo fogar.

Adriana Páramo é directora e investigadora audiovisual. A súa curta *Anatomía dunha serea* (2022) destacou en festivais pola súa mirada de xénero, e *Illa Pedra* (2010) foi a primeira curta de ficción en galego con audiodescrición para persoas invidentes. Tamén creou videopoemas baseados na obra de Lara Dopazo, como *ovella* (2017). *Grelei raíces no teu lar* (2025), a súa primeira longametraxe documental, forma parte da súa tese doutoral na Royal Holloway University of London, onde investiga a representación do parto no cinema. O seu traballo explora a identidade, a maternidade e a representación. É cofundadora do *Galician Film Forum*, organización que exhibe cinema galego no Reino Unido, e conta con máis de dez anos de experiencia en produción audiovisual.



LUNS 10, 18.15 I SALÓN TEATRO
CON PRESENTACIÓN

LOLA (2025)

Antonio Caeiro

España / 91 min / Documental / Galego, castelán

Ficha artística:
Dolores Rodal Blanco

Ficha técnica:
•Guión: Antonio Caeiro
•Fotografía: Xan Lourenzo, Eloy Puga
•Edición: O Faiado
•Produción: Antonio Caeiro, Margarita Teijeiro

Sinopse:
Lola reconstrúe a historia de Dolores Rodal Blanco, veciña de Cangas do Morrazo, quen con só quince anos viu como o golpe de Estado de 1936 destruía o seu mundo. Filla dunha familia de sindicalistas perseguidos, tivo que sobrevivir xunto á súa irmá pequena mentres os seus pais permanecían encarcerados e os seus irmáns eran asasinados ou forzados ao exilio. O filme, concibido como unha *road movie*, é unha viaxe física e emocional polos lugares da memoria da protagonista, que funciona tamén como un retrato colectivo daqueles anos, tanto no ámbito local como no nacional.

Antonio Caeiro é realizador e traballador da imaxe, fundamentalmente autodidacta. Comezou a filmar aos quince anos, pouco despois da morte de Franco, un momento que marcaría a súa relación co audiovisual e coa memoria histórica. Tras unha etapa experimental con superochos e vídeos domésticos, orientou o seu traballo cara ao documental e á memoria oral. É autor de pezas como *Aillados* (1988), sobre a historia do campo de concentración da Illa de San Simón, *A memoria nos tempos do volfram* (2003), *A volta dos nove* (2014) ou *Eu tamén necesito amar* (2020). En 2008 fundou, xunto a Margarita Teijeiro, *O Faiado da Memoria*, proxecto dedicado á recuperación e difusión da historia cotiá de Vilagarcía e das súas xentes.

MELLOR DIRECCIÓN NO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) 2025



LUNS 10, 18.00 I NUMAX
CON PRESENTACIÓN

O MEU NOME É CAMBA (2025)

Aser Álvarez

España / 69 min / Documental / Castelán, galego

Ficha artística:
Juan Manuel García Bartolomé

Ficha técnica:
•Guión: Aser Álvarez
•Fotografía: Aser Álvarez
•Edición: Carlos Lapeña
•Produción: Aser Álvarez

Sinopse:
Este documental propón unha viaxe pola vida e a obra de Julio Camba, un dos xornalistas máis populares da primeira metade do século XX. A través da memoria e das voces de biógrafos, xornalistas, intérpretes e amizades, o filme reconstrúe o seu percorrido vital polas cidades nas que viviu e escribiu (Bos Aires, Istambul, Londres, París, Berlín, Roma, Lisboa e Nova York) mentres asistimos ao seu derradeiro baño na habitación 383 do Hotel Palace de Madrid, onde pasou os últimos trece anos da súa vida.

Aser Álvarez é cineasta, xornalista e produtor. Licenciado en Ciencias Políticas e Xornalismo, e mestrado polo diario *El País*, é especialista en comunicación audiovisual. Fundador do Festival de Cinema Carlos Velo e da produtora Arraianos Producións, desenvolve proxectos que combinan creación, investigación e divulgación cultural. O seu primeiro documental, *100 % CEF*, con Luis Tosar, foi a súa ópera prima e recibiu numerosos premios nacionais e internacionais. Desde entón dirixiu e produciu programas de televisión, publicidade e documentais, moitos deles centrados nos procesos creativos de artistas e na recuperación da memoria de personaxes esquecidos.



DOMINGO 16, 16.00 I NUMAX
CON PRESENTACIÓN

O SILENCIO HERDADO (2025)

Lucía Dapena

España / 83 min / Documental / Galego, castelán

Ficha técnica:
•Guión: Lucía Dapena, Liliana Díaz Castillo
•Fotografía: Lucía C. Pan, Lucía Dapena
•Edición: Juan Soto Taborda, Liliana Díaz Castillo
•Produción: Lucía Dapena, Paulina Martinez, Matheus Mello, Suso López

Sinopse:
Como falar do que non se conta? Lucía achégase á súa avoa Edilia na procura de respostas, mais só atopa silencio. Un silencio denso, doloroso, imposible de romper. Cando comprende que Edilia nunca lle dará as respostas que busca, ambas exploran os límites da palabra e da imaxe, convertendo ese silencio no seu lugar de encontro.

Lucía Dapena é unha cineasta galega especializada en cinema documental, formada na Universidade Pompeu Fabra. É cofundadora de La Selva. Ecosistema Creatiu, plataforma dedicada á creación e produción audiovisual. Como directora e guionista, participou no filme colectivo *Disonar* (2022), proxectado en certames como a Biennal del Pensament e a Mostra de Films de Dones de Barcelona ou MIDBO. É tamén coguionista da longametraxe *On eres quan hi eres?*, dirixida por Jana Montllor.

PREMIO AO MELLOR GUIÓN NO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) 2025



MARTES 11, 21.00 | SALÓN TEATRO I CON PRESENTACIÓN

TE SEPARAS MUCHO (2024)

Paula Veleiro

España / 67 min / Documental / Castelán, francés

Ficha artística:

José Luis Pérez Veleiro, Luz María López Castro, Joy Thomas, Paula Veleiro

Ficha técnica:

•Guión: Paula Veleiro
•Fotografía: Paula Veleiro
•Edición: Paula Veleiro
•Produción: Brais Romero Suárez

Sinopse:

En 1989, José Luis filma coa súa cámara a ruptura do seu matrimonio con Luz María, pouco despois de nacer a súa filla. Trinta anos máis tarde, esa filla, Paula, que vive en Francia coa súa moza Joy, rexistra tamén a súa propia separación. A partir destas dúas historias paralelas, o documental constrúe un diálogo íntimo entre pai e filla a través do tempo, entre o amor e a perda, entre quen filma e quen é filmado. Te separas mucho interrógase sobre o que permanece cando o amor se acaba e sobre a posibilidade de que o cine poida transformar a vida.

Paula Veleiro estudou Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago de Compostela e especializouse en Dirección Cinematográfica no CECC de Barcelona. En 2012 trasladouse a Francia, onde traballou na realización de videoclips, curtametraxes, concertos e tráileres. En 2019 comezou a desenvolver a súa primeira longametraxe documental, *Te separas mucho*. Na súa vontade de explorar diferentes linguaxes artísticas, inicia tamén unha nova etapa como cantante do grupo La rate timide e actualmente traballa na súa primeira novela.

PREMIO DO PÚBLICO NO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) 2025
PREMIO DO PÚBLICO NO FESTIVAL QUEER DE SICILIA 2025
PREMIO AMAE Á MELLOR MONTAXE DE PELÍCULA ESPAÑOLA NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE XIXÓN 2024





MÉRCORES 19, 17.45 I NUMAX I CON PRESENTACIÓN

ALGO NOVO QUE CONTAR (2025)

Paula Pereira

España / 20 min / Ficción / Galego

Ficha artística:

Lidia Veiga, Grial Montes, Elsa García, Manu Estévez, Alixa Ladson

Ficha técnica:

•Guión: Paula Pereira
•Fotografía: Miguel Gomar
•Edición: Lucía Estévez, Paula Pereira
•Produción: Lucía Estévez, Paula Pereira

Sinopse:

Xoana pasa o verán acompañada das súas amigas, entre as que está Emma, con quen mantén un romance secreto. Aínda virxe e presa das súas propias inseguridades, Xoana sente que debe dar o paso, pero o medo a decepcionar ou a non estar á altura, paralízaa.

Paula Pereira, graduada na Escola de Imaxe e Son de Vigo, é directora e montadora. En 2024 dirixiu o seu primeiro videoclip, *Hi, My Love* de Sabela Ramil. En 2023 gañou o Premio Novas Camadas no Festival de Cans coa súa primeira curtametraxe, *Despois de ti*, realizada no marco do obradoiro Illas Cíes Desafío Audiovisual, onde tamén obtivo o galardón á Mellor Curtametraxe. O seu filme *Prata* foi distinguido co Premio FasMuvis no Festival Internacional de Cine de Ourense 2023.

XI FESTIVAL DIRECTED BY WOMEN SPAIN, MATADERO, MADRID
FIC BUEU 2025

DANZA PROPIA (2025)

Andrea Zapata-Girau

España / 12 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Pilar Rodríguez, Rosa Carballo

Ficha técnica:

•Guión: Andrea Zapata-Girau
•Fotografía: Andrea Zapata-Girau
•Edición: Andrea Zapata-Girau
•Produción: Andrea Zapata-Girau
•Etalonaxe: Pablo Cayuela

Sinopse:

A partir das reflexións da antropóloga finlandesa Taina Kinnunen sobre as "biografías do tacto", a directora explora como as experiencias táctiles moldean as relacións humanas e culturais. No Chanfaina Lab atopou a oportunidade de recoller estes relatos en San Sadurniño, centrados en mulleres con profesións que implican contacto físico e emocional. A través de Pilar Rodríguez, reflexóloga, e Rosa Carballo, avoa e muller de gran forza vital, a cineasta reflexiona sobre o material humano, a familia e o ancestral.

Andrea Zapata-Girau é cineasta, montadora, educadora e música. A súa obra, situada na intersección entre a ficción e a non ficción, explora a relación entre o cinema, as humanidades, a música e a arte contemporánea, abordando cuestións como as dinámicas familiares e comunitarias, a dislocación cultural e a fe. As súas películas proxectáronse en múltiples festivais e espazos de referencia internacional. Entre os seus principais traballos destacan o documental musical *Guitarra de palo* (2013), as curtametraxes *Jiskra* (2007), *Aava* (2016), *Dictée 14' 32''* (2023), *Ruovesi* (2023) e a mediometraxe *Imatra* (2025).

CIUDÁ DE LADRILLO (2024)

Carlota Álvarez

España / 11 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Teresa González, Erundina González, Maruja Vázquez, Peregrina Fernández

Ficha técnica:

•Guión: Carlota Álvarez
•Fotografía: Carlota Álvarez
•Edición: Carlota Álvarez
•Produción: Carlota Álvarez

Sinopse:

Un retrato íntimo da memoria e do esquecemento nunha aldea do interior de Galicia. A directora regresa a Pieles, na parroquia de Oseira, para reencontrarse co pasado familiar e coas poucas veciñas que aínda lembran o tempo en que máis dunha vintena de familias labregas habitaban o lugar. A través das súas voces e de materiais de arquivo, a curta reconstrúe unha historia colectiva marcada polo despoboamento e pola resistencia da memoria rural.

Carlota Álvarez é graduada en Xornalismo e Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela. No eido profesional, ten experiencia como redactora en varios medios, así como nos departamentos de comunicación e produción de entidades culturais. É cofundadora de *O Faiado Podcast*, proxecto no que traballa nas áreas de son e edición. Tamén colaborou en produción como *Señora, por favor (making of)* e realizou pezas propias como *Zafirada*, unha curtametraxe de animación. Desde 2025 desempeña labores de comunicación e xestión de redes sociais no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS).

PREMIO NOVAS CAMADAS NO FESTIVAL DE CANS 2025

PURA (2024)

Carmen Méndez

España / 25 min / Documental / Galego

Ficha artística:

Pilar Rodríguez, Rosa Carballo

Ficha técnica:

•Guión: Carmen Méndez
•Fotografía: Carmen Méndez
•Edición: Eloy Domínguez Serén
•Produción: Carmen Méndez, Suso Méndez

Sinopse:

Unha muller volve á casa para lembrar(se) e recoñecerse. Colle unha cámara e filma por primeira vez. O retrato da súa nai e da súa avoa é tamén o seu propio retrato. Grazas a elas, reconcíliase co lugar e coas lembranzas.

Carmen Méndez é actriz e directora. Estréase na dirección con esta curtametraxe documental de carácter autobiográfico. No ámbito interpretativo, conta cunha ampla traxectoria en teatro, televisión e cinema. En televisión destacou polo seu traballo durante sete tempadas na serie da *Pazo de Familia*, personaxe polo que foi finalista en dúas ocasións aos Premios Mestre Mateo como Mellor Actriz Secundaria. Tamén participou en *El Faro, Serramoura, Augas secas, Élite* e *Saudade de ti*. No cinema interveu, entre outras, nas longametraxes *Tres*, de Juanjo Giménez Peña, *Bad Investigate*, da produtora portuguesa Lightbox Filmes, e protagonizou *Pelerinaxes*, documental dirixido por Simone Saibene.

PREMIO MESTRE MATEO Á MELLOR CURTAMETRAXE DE IMAXE REAL 2025
PREMIO SUPERNOVA E PREMIO CÁTEDRA CRUZ ROJA USC DO FESTIVAL CURTOCIRCUÍTO 2024
MELLOR CURTAMETRAXE GALEGA E PREMIO DO PÚBLICO DO FESTIVAL CINE DE ROCA



CINEUROPA 39

XURADOS



EULÀLIA IGLESIAS

Barcelona, 1972

Xornalista e crítica de cinema. É profesora do Departamento de Estudos da Comunicación da Universidade Rovira i Virgili de Tarragona, onde imparte as materias de Historia do audiovisual e de Teoría e análise do cinema e da televisión. É tamén membro do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* e colabora regularmente no xornal *Ara* e en cabeceiras como *Fotogramas, Filmtopia* e *Rockdelux*, entre outras publicacións.

Eulàlia Iglesias é autora de diversos capítulos en libros colectivos sobre cineastas como Rainer Werner Fassbinder, Muriel Box, Dorothy Arzner, Jacques Becker, M. Night Shyamalan, Bong Joon-ho, Joseph Losey, Francis Ford Coppola, Max Ophüls, Paul Schrader, Barbet Schroeder, Hong Sang-soo, Claude Chabrol, Georges Franju ou Larry Clark, entre outros. Forma tamén parte dos comités de programación da Seminci e do D'A – Festival Internacional de Cinema d'Autor de Barcelona.



RAMÓN LLUÍS BANDE

Xixón, 1972

É cineasta e escritor e un dos máis destacados expoñentes actuais do cinema de non ficción en España. A súa obra, de forte vocación política e poética, explora a memoria histórica, o territorio e as voces da resistencia antifascista asturiana. Entre as súas películas destacan títulos como *El fulgor* (2002), *Estratexa* (2003), *De la Fuente* (2004), *El paisano. Un retratu colectivu* (2005), *La carta de Bárbara* (2007), *Llende* (2012), *Equí y n'otru tiempu* (2014), *El nome de los árboles* (2015), *Vida vaquera* (2016), *Aún me quedan balas para dibujar* (2017), *Escoréu, 24 d'avientu de 1937* (2017), *Cantares de una revolución* (2018), *Vaca mugiendo entre ruinas* (2020), *Contracampos* (2022) ou *Retaguardia* (2024). Os seus últimos libros publicados son *Cuaderno de la revolución* (2019), *Cuaderno de la guerra* (2021), *El paisaxe belixerante* (2024) e *Cuaderno de la retaguardia* (2024).

Nos últimos anos, os seus traballos documentais presentáronse en Cineuropa e noutros festivais internacionais, espertando un notable interese entre o público e propiciando intensos debates tras as proxeccións.



FLORENCIA DE MUGICA

Bos Aires, 1985

Produtora. Licenciada en Arte Dramática, especializouse en cinema e produción. Posúe un mestrado en Distribución e Negocio Audiovisual e en Comisariado de Cinema pola Elías Querejeta Zine Eskola (EQZE). En 2014 fundou Bomba Cine, dedicada a acompañar cineastas emerxentes nas súas primeiras e segundas longametraxes. As súas producións foron estreadas e premiadas en festivais como a Berlinale, San Sebastián, Mar del Plata, BAFICI, BFI London, Valdivia e Doclisboa. Produciu títulos como *La noche* (2016), *La verdad interior* (2018), *Mamá, mamá, mamá* (2020), *Misión a Marte* (2022), *Bird* (2023) e *Una sombra oscilante* (2024). Actualmente reside en España, desde onde impulsa proxectos entre Europa e América Latina, en colaboración con distintos programas. Desde 2023 forma parte do departamento de industria da Seminci.

XURADO OFICIAL

ESTE É O XURADO NOVO DE CINEUROPA 39!


TEÑEN NAS SÚAS MANS A COMPOSICIÓN DO SEU PROPIO PALMARÉS COAS SEGUINTES CATEGORÍAS:

- MELLOR PELÍCULA
- MELLOR DIRECCIÓN
- MELLOR GUIÓN
- MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA
- MELLOR INTERPRETACIÓN MASCULINA


Alicia Ruiz Galdo


César López Vázquez


Irene Álvarez Pardal


João Rebocho


Lola Toval Bacelo


Lucía Martínez Grobas


Marie González Martínez

OS PREMIOS DO XURADO NOVO SERÁN DE CARÁCTER HONORÍFICO E DARANSE A COÑECER NA GALA DE CLAUSURA DO FESTIVAL



CINEUROPA 39

SECCIÓNS PARALELAS

PREMIOS CINEUROPA

· ARIMA
· LOS ILUSOS
· MINIATURAS
· WITH HASSAN IN GAZA / CON HASSAN EN GAZA

LATIDOAMERICANO

· LA VIRGEN DE LA TOSQUERA
· MONSTRUO DE XIBALBA
· MORICHALES
· PERROS
· PUNKU
· TESIS SOBRE UNA DOMESTICACIÓN
· UN FUTURO BRILLANTE
· UN MUNDO RECOBRADO

FANTASTIQUE COMPOSTELA

· BOORMAN AND THE DEVIL / BOORMAN E O DIAÑO
· ESCALOFRÍO
· IT FEEDS / ALIMÉNTASE
· KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN
· LA NOTTE DEI DIAVOLI / A NOITE DOS DEMOS
· MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI
· THE EXORCIST II: THE HERETIC / O EXORCISTA II: O HEREXE

MARATÓN

· GET AWAY / DE ESCAPADA
· GRAFTED / ENXERTO
· IT FEEDS / ALIMÉNTASE
· LA NOTTE DEI DIAVOLI / A NOITE DOS DEMOS
· LAST STRAW
· THE EXORCIST II: THE HERETIC / O EXORCISTA II: O HEREXE

FAYE DUNAWAY: O TALENTO CONVULSO

· BONNIE AND CLYDE / BONNIE E CLYDE
· CHINATOWN
· EYES OF LAURA MARS / OS OLLOS DE LAURA MARS
· HURRY SUNDOWN / A NOITE DESEXADA
· LA MAISON SOUS LES ARBRES / A CASA BAIXO AS ÁRBORES
· LITTLE BIG MAN / PEQUENO GRAN HOME
· MOMMIE DEAREST / QUERIDÍSIMA MAMÁ
· NETWORK / UN MUNDO IMPLACABLE
· PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD / CONFESIÓNS DUNHA
· MODELO
· SUPERGIRL
· THE THOMAS CROWN AFFAIR
O CASO THOMAS CROWN
· THE TOWERING INFERNO / O COLOSO EN CHAMAS
· THREE DAYS OF THE CONDOR
OS TRES DÍAS DO CÓNDOR
· VOYAGE OF THE DAMNED / A VIAXE DOS MALDITOS

AS COUSAS DO QUERER

· A BRIGHTER SUMMER DAY / UN DÍA DE VERÁN
· A SINGLE MAN / UN HOME SOLTEIRO
· BOYS DON'T CRY / OS RAPACES NON CHORAN
· BRIEF ENCOUNTER / BREVE ENCONTRO
· CAROL
· CHIKAMATSU MONOGATARI / OS AMANTES CRUCIFICADOS
· ÉL
· FAR FROM HEAVEN / LONXE DO CEO
· FILM D'AMORE E D'ANARCHIA / AMOR E ANARQUÍA
· IL PORTIERE DI NOTTE / O PORTEIRO DE NOITE
· IN THE MOOD FOR LOVE / DESEXANDO AMAR
· JE, TU, IL, ELLE / EU, TI, EL, ELA
· JULES ET JIM / JULES E JIM
· KEEP THE LIGHTS ON / MANTÉN AS LUCES ACESAS
· KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE
O ROMANCE E A CULPA
· KUNG-FU MASTER
· L'AMOUR L'APRÈS-MIDI
O AMOR DESPOIS DO MEDIODÍA
· L'IMPORTANT C'EST D'AIMER / O IMPORTANTE É AMAR
· LA FEMME D'À CÔTÉ / A MULLER DO LADO
· LES AMANTS DU PONT-NEUF / OS AMANTES DA PONT-NEUF
· LES AMANTS RÉGULIERS / OS AMANTES HABITUAIS
· LOLA (1961, J. Demy)
· LOVE IN THE AFTERNOON / ARIANE
· LOVE STREAMS / CORRENTES DE AMOR
· MA SAISON PRÉFÉRÉE / A MIÑA ESTACIÓN PREFERIDA
· MAURICE
· MILDRED PIERCE / ALMA EN SUPLICIO
· OBSESSION / FASCINACIÓN
· PORTRAIT OF JENNIE / JENNIE
· SE, JIE / LUST, CAUTION / DESEXO, PERIGO
· SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE
· SUNDAY BLOODY SUNDAY
DOMINGO, MALDITO DOMINGO
· THE CRYING GAME / XOGO DE BÁGOAS
· THE GHOST AND MRS. MUIR
A PANTASMA E A SEÑORA MUIR
· THERE'S ALWAYS TOMORROW / SEMPRE HAI UN MAÑÁ
· TWO FOR THE ROAD / DOUS NA ESTRADA
· UN COEUR EN HIVER / UN CORAZÓN EN INVERNO
· VIAGGIO IN ITALIA / QUEREREITE SEMPRE
· WANDA

CINEUROPA MIÚDA

· MONSTRUO DE XIBALBA
· ZHI WU XUE JIA / THE BOTANIST / O BOTÁNICO

SECCIÓNS PARALELAS

PELÍCULAS PREMIOS CINEUROPA

MARTES 11, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

WITH HASAN IN GAZA
CON HASAN EN GAZA (2025)

Kamal Aljafari

Palestina, Alemaña, Qatar / 106 min / Documental / Árabe

Ficha artística:
Marya Imbro, Mikhail Senkov, Olga Reptukh

Ficha técnica:
•Guión: Kamal Aljafari
•Fotografía: Kamal Aljafari
•Edición: Kamal Aljafari
•Produción: Flavia Mazzarino

Sinopse:
En 1989, durante a Primeira Intifada palestina, Kamal Aljafari foi encarcerado pola ocupación israelí, onde coñeceu a Abdel Rahim. Doce anos despois, viaxa á Franxa de Gaza coa única axuda dun nome, unha fotografía, un guía local (Hasan) e unha cámara MiniDV, na procura do seu antigo compañeiro de cela. A partir das tres cintas gravadas naquela viaxe, *With Hasan in Gaza* constrúe, dúas décadas máis tarde, un poderoso ensaio sobre a perda, a memoria e a resistencia. As imaxes, cheas de vida e beleza, captan a dignidade do cotián —os rostros, as voces, os lugares— fronte á devastación dun territorio condenado á ruína. Unha reflexión cinematográfica sobre a memoria, a perda e o paso do tempo, que captura unha Gaza do pasado e vidas que quizais xa nunca volvan atoparse.
Kamal Aljafari é un incansable colector de imaxes que dedica a súa filmografía á reconstrución da memoria ameazada do seu pobo, tanto desde o persoal como desde o colectivo. A súa obra —que inclúe *Port of memory* (2009), *Recollection* (2015), *An unusual summer* (2020) e *A fidai film* (2024)— conforma un percorrido radical e poético pola historia recente de Palestina. Movéndose entre o documental e o cine-ensaio, Aljafari filma desde a ausencia, revela o que xa non está e converte o arquivo nunha ferramenta política e estética. *With Hasan in Gaza* (2025) estreouse no Festival de Locarno.



VENRES 14, 20.00 | TEATRO PRINCIPAL

ARIMA (2019)

Jaione Camborda

España / 77 min / Ficción / Galego

Ficha artística:
Melania Cruz, Nagore Arias, Rosa Puga Davila, Iria Parada, Tito Asorey, Mabel Rivera

Ficha técnica:
•Guión: Jaione Camborda
•Fotografía: Alberte Branco
•Edición: Marcos Flórez
•Produción: Alfonso Zarauza, Carlos M. Carbonell, Jaione Camborda

Sinopse:
Arima é o que se albisca entre a néboa, o que se intúe pero non se alcanza a ver con claridade: un soño, unha lembranza, un desexo. A chegada inesperada de dous forasteiros altera a vida de catro mulleres e dunha nena nun pequeno lugar. Un deles foxe do outro, agochándose como unha presenza espectral e incerta; o outro, ferido e armado, espertará nas mulleres medos e pulsións ocultas. Entre o real e o imaxinado, entre o pesadelo e o soño, *Arima* debuxa un territorio de misterio onde o desexo e o medo se confunden.
Jaione Camborda é unha cineasta que traballa desde a materia, o corpo e a memoria para crear narrativas sensoriais profundamente vinculadas ao territorio. Formada na FAMU de Praga e na HFF de Múnic, desenvolveu un cine de experimentación plástica a través de curtas premiadas antes de consolidar a súa propia voz no panorama cinematográfico. A súa primeira longametraxe, *Arima* (2019), destacouse pola súa atmosfera envolvente e pola exploración da identidade e do misterio. *C'O corno* (2023), sobre unha parteira nunha viaxe de fuxida e resistencia, converteuse na primeira directora española en gañar a Cuncha de Ouro do Festival de San Sebastián. As súas películas proxectáronse en máis de 60 países e en festivais como Toronto, BFI London, Busan ou San Sebastián.

MELLOR PELÍCULA NA SECCIÓN ESCÁNER DO FESTIVAL MÁRGENES 2019
MELLOR DIRECCIÓN DA SECCIÓN AS NOVAS ONDAS DO FESTIVAL DE CINE DE SEVILLA 2019



XOVES 20, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

LOS ILUSOS (2013)

Jonás Trueba

España / 93 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Francesco Carril, Aura Garrido, Vito Sanz, Mikele Urroz, Isabelle Stoffel, Luis Miguel Madrid

Ficha técnica:
•Guión: Jonás Trueba
•Fotografía: Santiago Racaj
•Edición: Marta Velasco
•Produción: Javier Lafuente, Jonás Trueba

Sinopse:
Los ilusos é unha película sobre o desexo de facer cinema, ou sobre o que fan algúns cineastas cando non fan cinema; sobre perder o tempo e o tempo perdido; sobre conversas, bebedeiras, comidas e rutinas; sobre os paseos ao saír do cinema; sobre estar namorado; sobre estar só e estar con amigos, construíndo futuros recordos para unha película futura.

XOVES 20, 20.30 | TEATRO PRINCIPAL

MINIATURAS (2011)

Jonás Trueba

España / 36 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Óscar Fernández Orengo, Bárbara Lennie, Javier Rebollo

Ficha técnica:
•Edición: Marta Velasco e Jonás Trueba

Sinopse:
Imaxes e sons rexistrados por Jonás Trueba entre 2007 e 2009 coa cámara do seu teléfono móbil, cunha resolución de 3 megapíxeles...: un tempo de espera, entre amigos e en soidade, antes da rodaxe da súa primeira longametraxe, *Todas las canciones hablan de mí*; pero tamén o bosquexo dun libro, *Las ilusiones*, e do que despois sería o seu segundo filme, *Los ilusos*. A través dunha multipantalla, despregando diferentes planos que se combinan de maneira intuitiva, cada espectador pode rematar de facer a súa propia montaxe e, talvez, volver mirar unha imaxe por segunda ou terceira vez, como se puidésemos reter o tempo, polo menos outro segundo máis...

Jonás Trueba é autor dos filmes como *Todas las canciones hablan de mí* (2010), *Los ilusos* (2013), *Los exiliados románticos* (2015), *La reconquista* (2016), *La virgen de agosto* (2019), *Quién lo impide* (2021), *Tenéis que venir a verla* (2022) e *Volveréis* (2024), estreada na Quincena de Cineastas de Cannes e gañadora do Premio Europa Cinemas Label. O seu cinema, intimista e poético, foi recoñecido con galardóns como o Goya á Mellor Película Documental ou o Premio Ollo Crítico de Cinema, ademais de en festivais como Málaga, Karlovy Vary ou San Sebastián. Tamén é coguionista de *Más pena que gloria*, *Vete de mí* e *El baile de la victoria*, e autor dos libros *Las ilusiones* (2013) e *El viento sopla donde quiere* (2025). Compaxina o cinema coa docencia e a escritura, e é cofundador de Los ilusos films, produtora de todas as súas películas, e apoiou proxectos de cineastas como Itsaso Arana e José Luis Guerin.





SECCIÓNS PARALELAS

LATIDO-AMERICANO

MARTES 11, 23.00 | TEATRO PRINCIPAL
DOMINGO 16, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

LA VIRGEN DE LA TOSQUERA (2025)

Laura Casabé

Arxentina, México, España / 96 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Dolores Oliverio, Fernanda Echeverría, Luisa Merelas, Isabel Bracamonte, Candela Flores, Agustín Sosa

Ficha técnica:
•Guión: Benjamín Naishtat. Baseado nos relatos de Mariana Enríquez
•Fotografía: Diego Tenorio
•Edición: Ana Remón, Miguel Schverdfinger
•Produción: Ariana Aisenberg, Valeria Bistagnino, Ángeles Hernández, Livi Herrera, Alejandro Israel, Diego Martínez Ulanosky, David Matamoros, Tomás Eloy Muñoz

Sinopse:
Natalia, Mariela e Josefina son tres mozas inseparables que viven nun suburbio de Bos Aires e están perdidamente namoradas de Diego, o seu amigo da infancia. Cando el coñece a Silvia, maior e enigmática, Natalia, movida polos celos, recorre á súa avoa para lle botar un meigallo que rompa esa relación. Pero o que comeza como un xogo de maxia negra desencadea forzas alleas ao control de Natalia e esperta nela algo profundo e descoñecido.

Laura Casabé é unha realizadora audiovisual, guionista e directora arxentina. Convertida nunha das voces máis destacadas do cinema fantástico contemporáneo, a súa obra combina elementos do terror e do realismo social cunha mirada profundamente autoral. Debutou na longametraxe con *El hada buena, una fábula peronista* (2010), e consolidouse con *La valija de Benavídez* (2016) e *Los que vuelven* (2019), exhibidas en festivais como Sitges, FrightFest, Sanfic, BIFFF e Guadalaxara.

- MELLOR PELÍCULA ARXENTINA NO BUENOS AIRES FESTIVAL NTERNACIONAL DE CINE INDEPENDIENTE (BAFICI) 2025
- MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE SITGES 2025



DOMINGO 9, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 21, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

MONSTRUO DE XIBALBA (2024)

Manuela Irene

México / 76 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Gibrán Alonzo, Rogelio Ojeda González, Manuel Irene

Ficha técnica:
•Guión: Manuela Irene
•Fotografía: Damián Aguilar
•Edición: Liora Spilk Bialostozky, Manuela Irene, Federico Veiroj
•Produción: Damián Aguilar, Manuela Irene, Daniel Loustaunau

Sinopse:
Un neno curioso e imaxinativo chamado Rogelio pasa unha tempada na vila da súa coidadora, Eduarda, na península de Iucatán. Alí, entre xogos e novas amizades, comeza a descubrir un universo máxico onde as fronteiras entre o real e o fantástico se volven difusas. Fascinado polas lendas locais e atraído polo misterio da morte, o rapaz acaba convencido de que un ancián solitario do lugar podería ser o temido monstro de Xibalba, espírito do inframundo maia.

Manuel Irene é unha cineasta e guionista mexicana. A súa curtametraxe *Un xesto* (2015) foi seleccionada en festivais como Morelia, Cinélatino Toulouse e Shorts México. En 2018 rodou en Colombia *Sol del llano* e coeditou *El paraíso de la serpiente*, ambas incluídas na selección oficial do XVII Festival Internacional de Cine de Morelia. Con *Monstruo de Xibalba*, Irene consolida unha mirada autoral que combina o realismo e a fábula para explorar a infancia, a morte e o imaxinario popular latinoamericano.



MÉRCORES 12, 18.15 | NUMAX

MORICHALES (2024)

Chris Gude

Colombia, Estados Unidos / 83 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Jorge Gaviria

Ficha técnica:
•Guión: Benjamín Naishtat. Relato: Mariana Enríquez
•Fotografía: Chris Gude
•Edición: Chris Gude, Felipe Guerrero
•Produción: Felipe Guerrero, Chris Gude

Sinopse:
Nas extensas chairas da Güiana venezolana, as palmeiras de *moriche* —árbores sagradas e fonte de vida para as comunidades locais— esténdense sobre unha terra atravesada pola cobiza. Baixo o seu manto húmido agóchase o ouro que atrae mineiros e aventureiros, transformando o ecosistema nun escenario de resistencia e ruína. Un narrador percorre o territorio desde as minas máis remotas ata as ribeiras do Orinoco, e as súas reflexións, combinadas con ilustracións e pinturas fotoquímicas, debuxan o mapa dunha extracción frenética que cuestiona a relación do ser humano coa natureza e o legado extractivista que modela esa paisaxe.

Chris Gude é director e artista visual. A súa ópera prima, *Mambo Cool* (2013), estreouse no FIDMarseille e gañou o premio á Mellor Longametraxe no Festival Fronteira de Goiânia (Brasil), proxectándose en máis de corenta festivais internacionais. O seu segundo filme, *Mariana* (2017), tamén estreado no FIDMarseille, recibiu o Premio "Carlos Velo" ao Mellor Director no OUFF 2017 e foi exhibido en numerosos festivais de América Latina, Europa e Estados Unidos. *Morichales* é a súa terceira longametraxe, filmada ao longo de trece anos.

- MELLOR LONGAMETRAXE COLOMBIANA NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE CARTAXENA DE INDIAS (FICCI) 2025
- MELLOR DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA E MELLOR MÚSICA ORIXINAL NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DA PROVINCIA DE BOS AIRES (FICPBA) 2025



MÉRCORES 12, 17.30 | SALÓN TEATRO

PERROS (2025)

Gerardo Minutti

Uruguai / 102 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Néstor Guzzini, María Elena Pérez, Marcelo Subiotto

Ficha técnica:
•Guión: Gerardo Minutti
•Fotografía: Matías Lasarte
•Edición: Manuel Ferrari
•Produción: Santiago López Rodríguez, Hernán Musaluppi, Diego Robino, Sandino Saravia Vinay, Lilia Scenna

Sinopse:
Durante un verán abafante, os Saldaña aceptan coidar a casa e o can dos seus veciños, os Pernas. O que comeza como unha tarefa inofensiva convértese nunha oportunidade para vivir, por uns días, unha vida allea. Mais a desaparición inesperada do animal desencadea un conflito violento e degradante entre ambas as familias, no que afloran a envexa, o resentimento e a hipocrisía.

Gerardo Minutti é licenciado en Comunicación Social e traballou durante dez anos como xornalista cultural. En 2013 foi bolseiro do Ministerio de Educación e Cultura de Uruguai a través do Fondo de Estímulo á Formación e Creación Artística, onde desenvolveu un proxecto de guión baixo a titoría de Pablo Stoll, Laura Santullo e Sandino Saravia. Desa experiencia xurdiu a primeira versión de Perros, o seu debut en longametraxe. En 2018 rodou a curta de ficción *Hogar*, que recibiu a Mención Especial do Xurado no Festival de Biarritz Amérique Latine (Francia) e foi seleccionada na Competición Oficial Iberoamericana do Festival Internacional de Cine de Guadalajara (México).

- PREMIO Á MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (MARÍA ELENA PÉREZ) NO FESTIVAL DE MÁLAGA



MARTES 18, 20.15 | SALÓN TEATRO I CON PRESENTACIÓN
MÉRCORES 19, 22.00 I NUMAX I CON PRESENTACIÓN

PUNKU (2025)

Juan Daniel Fernández Molero

Perú, España / 132 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Ricardo Delgado, Hugo Sueldo, Maritza Kategari, Marcelo Quino

Ficha técnica:
•Guión: Juan Daniel Fernández Molero
•Fotografía: Johan Carrasco
•Edición: Juan Daniel Fernández Molero
•Produción: Verónica Ccarhuarupay, Juan Daniel Fernández Molero

Sinopse:
Na selva peruana, Meshia, unha adolescente *matsigenka*, atopa a Iván, un mozo desaparecido hai dous anos. Tras levalo ao hospital e reunilo coa súa familia, é acollida por eles e comeza a traballar no seu bar. Nesa nova contorna, Meshia enfróntase a un mundo de desexo, violencia e hipocrisía, mentres Iván, marcado polo silencio e por visións estrañas, tenta recompoñerse. En *Punku* ("porta" cun matiz metafísico en quechua), J.D. Fernández Molero retrata con lirismo e tensión a mocidade peruana entre a tradición e o capitalismo contemporáneo.

J. D. Fernández Molero é un cineasta, produtor e montador peruano. A súa filmografía inclúe *Reminiscencias* (2010), presentada no ciclo Luns Modernos do MoMA en 2011, e *Videofilia (y otros síndromes virales)*, gañadora do premio Tigre no Festival de Rotterdam en 2015 e candidata de Perú aos Óscar na súa 89ª edición. *Punku* (2025) é a súa segunda longametraxe de ficción.

SECCIÓN FORUM 2025 DA BERLINALE



DOMINGO 9, 20.15 | NUMAX
MARTES 11, 22.45 | SALÓN TEATRO

TESIS SOBRE UNA DOMESTICACIÓN (2024)

Javier Van de Couter

Arxentina, México / 113 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Camila Sosa Villada, Alfonso Herrera, Carlos Cano, Romina Escobar

Ficha técnica:
•Guión: Laura Huberman, Camila Sosa Villada, Javier van de Couter. Baseado na novela de Camila Sosa Villada
•Fotografía: Luciano Badaracco
•Edición: Mariana Rodríguez
•Produción: Gael García Bernal, Laura Huberman, Ramiro Pavón, Mónica Pérez

Sinopse:
Unha actriz travesti, estrela do teatro porteño, alcanza o éxito profesional e económico e decide, xunto co seu home —un avogado acomodado—, adoptar un fillo. Mais ese soño de plenitude comeza a esfarelarse cando o pasado reaparece e a "domesticación" da súa vida parece poñer en risco a súa liberdade.

Javier Van de Couter é guionista e director. Gañou o Premio Konex 2021 e o Premio Coral ao Mellor Guión Inédito pola súa ópera prima *Mía* (2011), tamén distinguida co Premio Maguey no Festival de Guadalajara. A súa película *Implosión* (2021) obtivo o Gran Premio á Mellor Película Arxentina no BAFICI. Autor e director de series como *La celebración* e *Historia de un clan*.

MENCIÓN ESPECIAL EN BAFICI 2025
PREMIO Q-HUGO DE OURO Á MELLOR PELÍCULA LGBTQ DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE CHICAGO 2024



MÉRCORES 19, 19.45 | NUMAX I CON PRESENTACIÓN

UN FUTURO BRILLANTE (2025)

Lucía Garibaldi

Uruguai, Arxentina, Alemaña / 98 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Martina Passeggi, Soledad Pelayo, Sofía Gala, Alfonso Tort

Ficha técnica:
•Guión: Lucía Garibaldi, Federico Alvarado
•Fotografía: Arauco Hernández Holz
•Edición: Sebastián Schjaer
•Produción: Isabel García, Pancho Magnou Arnabal

Sinopse:
Nun pequeno barrio gris, suspendido fóra do tempo, Elisa, unha moza intelixente e curiosa de dezaoito anos, é elixida para ir traballar ao Norte, unha honra que enorgullece á súa familia e á comunidade enteira. Porén, ninguén regresa dese lugar: tamén a súa irmá maior marchou e nunca volveu. Mentres a nai aforra desesperadamente para gañar na lotaría e reunirse coas fillas, Elisa comeza a cuestionar se marchar é realmente o mellor destino.

Lucía Garibaldi é unha guionista e directora uruguaia. O seu debut na longametraxe, *Los tiburones* (2019), gañou o Premio Cine en Construcción no Festival de San Sebastián e o Premio á Mellor Dirección no Festival de Sundance, onde tivo a súa estrea internacional. O filme percorreu máis de cincuenta festivais —entre eles Karlovy Vary, Busan, Habana, Londres e Lima— e recibiu máis de dez galardóns, incluíndo Mellor Guión, Mellor Actriz e o Premio Especial do Xurado en Guadalaxara, o Grand Prix Coup de Cœur en Toulouse e o Premio ao Mellor Primeiro Filme en Lima.

PREMIO Á MELLOR PELÍCULA NA SECCIÓN VIEWPOINTS DO FESTIVAL DE TRIBECA 2025



LUNS 10, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL
MARTES 18, 23.30 | TEATRO PRINCIPAL

UN MUNDO RECOBRADO (2024)

Laura Bondarevsky

Arxentina, Uruguai / 74 min / Documental / Castelán

Ficha artística:
Verónica Gérez, Carla Moscatelli, Victoria Martínez, Laura Paredes, Marzia Migliora

Ficha técnica:
•Guión: Laura Bondarevsky, Luciano Bertone
•Fotografía: Christian Colace
•Edición: Bruno Curl
•Produción: Javier Díaz, Soledad San Julián, Micaela Solé

Sinopse:
A directora Laura Bondarevsky reconstrúe en *Un mundo recobrado* a historia de Yenia Dumnova, a súa avoa adoptiva, unha muller admirada polo seu compromiso, sensibilidade e integridade ética. A través de testemuños, recreacións ficcionais e os espazos que marcaron a súa vida, a cineasta traza un mapa emocional que é tamén unha indagación persoal sobre o exilio, o tempo, a familia, o arte e a morte.

Laura Bondarevsky é unha directora e guionista arxentina cunha ampla traxectoria no ámbito audiovisual. Colaborou con cineastas como Juan José Campanella, Fernando Meirelles, Fernando Trueba e Bruno Stagnaro. Dirixiu a serie de ficción Circulado e participou como coordinadora e guionista na serie *Música en América Latina*. Entre as súas obras figuran *Panzas, Chevocachai* e *Cosecha*. Recentemente foi galardoada co Premio Ópera Prima de Ficción do INCAA polo seu proxecto *Río muerto*, a súa primeira longametraxe de ficción, prevista para rodarse entre 2026 e 2027. Actualmente traballa na dirección da serie *Quema coches*, escrita por Luciano Bertone e producida por Navajo Films.



SECCIÓNS PARALELAS

FANTASTIQUE COMPOSTELA

DOMINGO 16, 20.30 | NUMAX
LUNS 17, 17.45 | SALÓN TEATRO

BOORMAN AND THE DEVIL BOORMAN E O DIAÑO(2025)

David Kittredge

Estados Unidos / 112 min / Documental / Inglés

Ficha artística:
John Boorman, Linda Blair, Louise Fletcher, Rospo Pallenberg, Karyn Kusama, Mike Flanagan, Joe Dante, Bilge Ebiri, Stephanie Zackarek, Simon Abrams, Jim Hemphill

Ficha técnica:
•Guión: David Kittredge
•Fotografía: Seamus Deasy, Ed Herrera, Alan Jacobsen, Elle Schneider
•Edición: David Kittredge
•Produción: Jim Fall, David Kittredge, Alan Koenigsberg, Travis Stevens

Sinopse:
Tras o éxito de *Point Blank* e *Deliverance*, a Warner Bros ofreceulle a John Boorman a oportunidade da súa vida: dirixir a secuela *d'O exorcista*, o fenómeno cinematográfico de William Friedkin de 1973. O resultado foi un dos maiores desastres da historia do cinema, un fracaso crítico e comercial que transformou a industria de Hollywood e estivo a piques de rematar coa carreira do director. O documental revisita aquel episodio a través das voces de Boorman, Linda Blair, Louise Fletcher, Karyn Kusama, Mike Flanagan e outros creadores, que reflexionan sobre a ambición do proxecto, a súa audacia formal e o valor de asumir grandes riscos artísticos.



DOMINGO 23, 21.30 | SALÓN TEATRO

ESCALOFRÍO (1978)

Carlos Puerto

España, México / 82 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Ángel Aranda, Sandra Alberti, Mariana Karr

Ficha técnica:
•Guión: Carlos Puerto
•Fotografía: Andrés Berenguer
•Edición: Pedro del Rey
•Produción: Francisco Ariza, Alfredo Casado, Juan Piquer Simón
•Pavón, Mónica Pérez

Sinopse:
Unha parella nova, Ana e Andrés, acepta pasar un día na casa de campo doutros amigos, Bruno e Berta, que acaban de reencontrar. O que comeza como unha escapada tranquila convértese nunha noite de terror: unha sesión de ouija, segredos do pasado, practicas satánicas e un aquelarre que arrastra os protagonistas cara a unha espiral de violencia e loucura.



SÁBADO 15, 15.30 | SALÓN TEATRO
VENRES 21, 21.30 | TEATRO PRINCIPAL

IT FEEDS / ALIMÉNTASE (2025)

Chad Archibald

Canadá / 102 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Ashley Greene, Ellie O'Brien, Juno Ruddell, Shawn Ashmore

Ficha técnica:
•Guión: Chad Archibald
•Fotografía: Jeff Maher
•Edición: Chad Archibald, Mike Gallant
•Produción: Chad Archibald, Cody Calahan, Morris Chapdelaine, Evan Ottoni, William G. Santor

Sinopse:
Cynthia Winstone, unha psiquiatra con dons clarividentes, posúe a capacidade de penetrar na mente dos seus pacientes e obrigalos a enfrontar os seus traumas máis ocultos. Pero cando recibe a visita de Riley, unha moza que asegura estar sendo devorada por unha entidade demoníaca, o seu don convértese nunha maldición. Coa axuda da súa filla Jordan e dun pai desesperado, Cynthia deberá adentrarse nunha viaxe ao inferno interior da rapaza —e tamén ao seu propio— antes de que o mal acabe con eles.



MÉRCORES 12, 19.30 | SALÓN TEATRO
MARTES 18, 19.45 | NUMAX

KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN (2025)

Bi Gan

China, Francia / 160 min / Ficción / Chinés

Ficha artística:
Jackson Yee, Shu Qi, Mark Chao

Ficha técnica:
•Guión: Bi Gan
•Fotografía: Dong Jingsong
•Edición: Bi Gan, Bai Xue
•Produción: Bi Gan, Charles Gillibert, Yang Lele, Jing Leng, Olivier Père, Zuolong Shan, Juan Wan

Sinopse:
Nun futuro no que a maioría da humanidade perdeu a capacidade de soñar, unha muller descobre que un ser extraordinario pode seguir percorrendo os mundos oníricos que os demais xa non poden alcanzar. Empregando o seu poder para adentrarse na mente do ser, accede ás súas visións sobre a historia chinesa, atravesando épocas, cinema e memoria. En cinco capítulos sensoriais, *Resurrección* opera como unha odisea visual sobre o cinema, o soño e a procura da eternidade.



XOVES 20, 22.45 | SALÓN TEATRO
VENRES 21, 21.30 | TEATRO PRINCIPAL

LA NOTTE DEI DIAVOLI A NOITE DOS DEMOS (1972)

Giorgio Ferroni

Italia, España / 91 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:
Gianni Garko, Agostina Belli, Roberto Maldera

Ficha técnica:
•Guión: Romano Migliorini, Gianbattista Mussetto, Eduardo Manzanos. Baseado nun conto de Aleksei Tolstoi
•Fotografía: Manuel Berenguer
•Edición: Gianmaria Messeri
•Produción: Eduardo Manzanos, Luigi Mariani

Sinopse:
Nunha noite escura, un home ferido e sen memoria chamado Nicola é atendido nun hospital tras aparecer vagando polos bosques da antiga Iugoslavia. A través de *flashbacks*, descóbrense os seus pasos: tras sufrir un accidente, acepta a hospitalidade dunha familia illada que agocha un segredo macabro. Mentres o medo medra e os bosques gardan susurros antigos, Nicola tenta fuxir dunha terríbel maldición vampírica que o persegue.



SÁBADO 8, 20.15 | SALÓN TEATRO
LUNS 10, 22.30 | TEATRO PRINCIPAL

MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI (2025)

Johanna Moder

Austria, Suiza, Alemaña / 107 min / Ficción / Alemán

Ficha artística:
Marie Leuenberger, Hans Löw, Claes Bang

Ficha técnica:
•Guión: Arne Kohlweyer, Johanna Moder
•Fotografía: Robert Oberrainer
•Edición: Karin Hammer
•Produción: FreibeuterFilm, Tellfilm, Match Factory Productions

Sinopse:
Julia, unha prestixiosa directora de orquestra, e o seu compañeiro, Georg, devecen por ter un fillo. Cando o doutor Vilfort, especialista en fertilidade, lles propón un tratamento experimental, por fin ven abrirse unha porta á esperanza. O embarazo avanza con éxito, pero o parto complícase e o bebé é trasladado de inmediato para recibir atención médica. Cando Julia o volve ver, algo non encaixa: séntese estrañamente afastada e comeza a dubidar de que ese neno sexa realmente seu. A sospeita medra, poñendo en risco o seu matrimonio.

SECCIÓN OFICIAL DA BERLINALE 2025
SECCIÓN OFICIAL DO FESTIVAL DE SITGES



DOMINGO 16, 20.30 | NUMAX
VENRES 21, 21.30 | TEATRO PRINCIPAL

THE EXORCIST II: THE HERETIC O EXORCISTA II: O HEREXE (1977)

Giorgio Ferroni

Italia, España / 91 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:
Gianni Garko, Agostina Belli, Roberto Maldera

Ficha técnica:
•Guión: Romano Migliorini, Gianbattista Mussetto, Eduardo Manzanos. Baseado nun conto de Aleksei Tolstoi
•Fotografía: Manuel Berenguer
•Edición: Gianmaria Messeri
•Produción: Eduardo Manzanos, Luigi Mariani

Sinopse:
Anos despois dos acontecementos d'*O exorcista*, esta nova entrega segue o padre Philip Lamont, enviado polo Vaticano para investigar a misteriosa morte de Merrin, o sacerdote que expulsou o demo do corpo da nena Regan. Agora adolescente, Regan parece recuperada, pero aínda arrastra lembranzas e forzas ocultas que desafían toda explicación racional.





CINEUROPA 39

SECCIÓNS PARALELAS

MARATÓN

MARATÓN I VENRES 21, 21.30 I TEATRO PRINCIPAL

GRAFTED / ENXERTO (2024)

Sasha Rainbow

Nova Zelanda / 96 min / Ficción / Inglés, chinés

Ficha artística:

Joyena Sun, Jess Hong, Eden Hart

Ficha técnica:

•Guión: Mia Maramara, Lee Murray, Hweiling Ow, Sasha Rainbow
•Fotografía: Tammy Williams
•Edición: Fauze Hassen
•Produción: Murray Francis, Leela Menon

Sinopse:

Wei, unha estudante de intercambio chinesa, inicia unha bolsa nunha universidade neozelandesa coa esperanza de continuar a investigación pioneira que deixou o seu pai falecido. A medida que loita por encaixar no seu novo entorno e entre compañeiras que a menosprezan, Wei decide levar o seu traballo sobre enxertos de pel a extremos macabros.

THE EXORCIST II: THE HERETIC O EXORCISTA II: O HEREXE (1977)

John Boorman

Estados Unidos / 117 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Linda Blair, Richard Burton, Louise Fletcher, Max von Sydow

Ficha técnica:

•Guión: William Goodhart
•Fotografía: William A. Fraker
•Edición: Tom Priestley
•Produción: John Boorman, Richard Lederer, Charles Orme

Sinopse:

Anos despois dos acontecementos d'*O exorcista*, esta nova entrega segue o padre Philip Lamont, enviado polo Vaticano para investigar a misteriosa morte de Merrin, o sacerdote que expulsou o demo do corpo da nena Regan. Agora adolescente, Regan parece recuperada, pero aínda arrastra lembranzas e forzas ocultas que desafían toda explicación racional.

MELLOR DIRECCIÓN NO FESTIVAL DE CINEMA DE TERROR DE BROOKLYN 2024





GET AWAY / DE ESCAPADA (2024)

Steffen Haars

Reino Unido, Canadá, Estados Unidos, Finlandia / 86 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Nick Frost, Aisling Bea, Sebastian Croft, Maisie Ayres

Ficha técnica:

•Guión: Nick Frost
•Fotografía: Joris Kerbosch
•Edición: Brian Ent
•Produción: Maxime Cottray, Nick Frost, John Hegeman, Miles Ketley, Lee Kim, Nick Spicer, Aram Tertzakian

Sinopse:

Cada verán, Richard organiza coidadosamente as vacacións familiares, buscando recunchos rurais de Europa onde atopar calma e autenticidade. Este ano decide levar a súa esposa, Susan, e os seus fillos adolescentes, Jessie e Sam, a Svalta, unha illa remota de Suecia. Mais o que prometía ser unha escapada tranquila convértese axiña nun pesadelo: os veciños reciben con hostilidade aos visitantes e prepáranse para celebrar o *Karantan*, unha festividade ancestral que rememora un episodio de canibalismo e fame. Mentres medran as ameazas e se sospeita da presenza dun asasino agochado na illa, a familia descobre que pode formar parte dun antigo ritual do que é imposible fuxir.



IT FEEDS / ALIMÉNTASE (2025)

Chad Archibald

Canadá / 102 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Ashley Greene, Ellie O'Brien, Juno Ruddell, Shawn Ashmore

Ficha técnica:

•Guión: Chad Archibald
•Fotografía: Jeff Maher
•Edición: Chad Archibald, Mike Gallant
•Produción: Chad Archibald, Cody Calahan, Morris Chapdelaine, Evan Ottoni, William G. Santor

Sinopse:

Cynthia Winstone, unha psiquiatra con dons clarividentes, posúe a capacidade de penetrar na mente dos seus pacientes e obrigalos a enfrontar os seus traumas máis ocultos. Pero cando recibe a visita de Riley, unha moza que asegura estar sendo devorada por unha entidade demoníaca, o seu don convértese nunha maldición. Coa axuda da súa filla Jordan e dun pai desesperado, Cynthia deberá adentrarse nunha viaxe ao inferno interior da rapaza —e tamén ao seu propio— antes de que o mal acabe con eles.



LAST STRAW (2023)

Alan Scott Neal

Estados Unidos / 83 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Jessica Belkin, Taylor Kowalski, Joji Otani-Hansen, Christopher M. Lopes, Jeremy Sisto

Ficha técnica:

•Guión: Taylor Sardoni
•Fotografía: Andrey Nikolaev
•Edición: Nathan Whiteside
•Produción: Daniel Brandt, Cole Eckerle, Dane Eckerle, Michael Giannone, Phil Keefe, Levon Panek, Taylor Sardoni, Sam Slater

Sinopse:

Nunha zona rural dos Estados Unidos, Nancy traballa nun restaurante de estrada do seu pai, atrapada nunha rutina que semella non ter saída. Pero todo cambia cando, durante a súa quenda nocturna, un grupo de homes enmascarados irrompe no local, dando comezo a unha noite de terror e supervivencia.



PELÍCULA SORPRESA

LA NOTTE DEI DIAVOLI
A NOITE DOS DEMOS (1972)

Giorgio Ferroni

Italia, España / 91 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Gianni Garko, Agostina Belli, Roberto Maldera

Ficha técnica:

•Guión: Romano Migliorini, Gianbattista Mussetto, Eduardo
•Manzanos. Baseado nun conto de Aleksei Tolstoi
•Fotografía: Manuel Berenguer
•Edición: Gianmaria Messeri
•Produción: Eduardo Manzanos, Luigi Mariani

Sinopse:

Nunha noite escura, un home ferido e sen memoria chamado Nicola é atendido nun hospital tras aparecer vagando polos bosques da antiga Iugoslavia. A través de *flashbacks*, descóbrense os seus pasos: tras sufrir un accidente, acepta a hospitalidade dunha familia illada que agocha un segredo macabro. Mentres o medo medra e os bosques gardan susurros antigos, Nicola tenta fuxir dunha terríbel maldición vampírica que o persegue.





FAYE DUNAWAY: O TALENTO CONVULSO

FAYE DUNAWAY: O TALENTO CONVULSO

Non coñecín ningunha actriz que posuíse e condensase o espírito dun tempo como Faye Dunaway. Eran quen de dominar o universo do cinema e os seus imaxinarios dun xeito absoluto, global e, case se podería dicir, despótico. E de facelo non xa como *prima inter pares* entre as actrices coetáneas, senón por acadar un estrato excelso, inalcanzable mentres durou aquel reinado seu. Non vivín o efecto Greta Garbo. Baseándome no que deixaron escrito persoas respectadas como Homero Alsina, Manuel Puig ou Guillermo Cabrera Infante, disque Garbo foi a única que se deu feito dona da pantalla e dunha época tal e como o fixo Faye Dunaway. De ser así, ambas compartirían outra característica fundamental: a brevidade desa aura nunca máis repetida. Greta Garbo, se nos cinguimos ao período do cinema sonoro, rodou desde *Anna Christie* en 1930 catorce longametraxes antes da súa xa lendaria desaparición en 1942.

Faye Dunaway apareceu nas pantallas en 1967, protagonizou quince películas e, en 1979, mergullada na espiral da súa bipolaridade, do seu carácter conflitivo e dunha medicación que alterou bruscamente a fisionomía do seu rostro, foi pouco menos que rexeitada polo *establishment* de Hollywood.

Pero vaiamos ao comezo, á boina *garçon* coa que encarnou a Bonnie Parker e coa que, metaforicamente, se abalanzou sobre un público que nunca vira nada ao xeito, no que foi nada menos que o nacemento do Novo Hollywood. En realidade, o seu debut pola porta grande debera producirse en *A manda humana*, un ano antes. Pero o produtor, *o xudeu polaco* Sam Spiegel, considerouna "demasiado aldeá" e escolleu a Jane Fonda para un papel que, ironicamente, era precisamente o dunha aldeá.

Poucos meses despois da estrea de *A manda humana*, Otto Preminger dirixiu *A noite desexada*, o seu mega drama sureño, sospeitosamente semellante ao filme de Arthur Penn. E aí si contou con Faye Dunaway. O filme foi un fracaso, pero ela xa atopara o seu camiño. Desta volta conseguiu traballar con Arthur Penn e, para convencer a Warren Beatty de que podía ser a súa esvelta e sofisticada *partenaire* en *Bonnie and Clyde*, encheuse de pastillas adelgazantes. E xa non parou.

Tras protagonizar xunto a Steve McQueen *O caso Thomas Crown*, elevouse á cima do cool. Pero non quedou aí. Retorceu o cliché da sofisticación para marabillar a Elia Kazan na nunca valorada abondo *O compromiso*. Repetiu con Arthur Penn no *anti-western Pequeno Gran Home*. Xa daquela, o seu carisma —esa condensación de influxos incontrolables de actriz sobrehumana— impoñíase sobre calquera reproche polos seus caprichos nas rodaxes. Protagonizou a obra mestra de Jerry Schatzberg *Confesións dunha modelo,* cinema de autor que o gran público non soubo apreciar.

E logo embebeu a fatalidade sublime de *Chinatown*. Na súa rodaxe as pelexas e desafíos ás tácticas sadomasoquistas de Polanski acabaron por lle outorgar o sambenito da actriz máis odiada de Hollywood. Como un desafío a esa sona é como se entende que protagonizase o alter ego de Marilyn Monroe na adaptación para a televisión de *Despois da caída,* a obra de Arthur Miller, filme lamentablemente inatopable.

Logo fixo caixa aceptando ser a esposa de Paul Newman nunha das barrocas cerimonias do cinema de catástrofes producidas por Irwin Allen, *O coloso en chamas.* E tamén lle foi ben como compañeira de Robert Redford en *Os tres días do cóndor.*

Un ano despois asumiu o cáustico papel da executiva agresiva do mundo da televisión entendida como un inferno, escrito polo ilustre guionista Paddy Chayefsky para *Un mundo implacable.* Era o rol dunha muller que se permitía contratar un gigoló ou xogar, como cun *kleenex* usado, co que fora o gran galán do Hollywood clásico, William Holden. Iso non lle impediu gañar o Óscar. Na *mañá seguinte*, o mundo rendíase aos seus pés, tal e como inmortalizou graficamente a famosa foto titulada *A mañá seguinte*, obra da súa parella, o británico Terry O'Neill. Nela vese a Faye Dunaway espertando sentada xunto a unha gran piscina, co chan cuberto polos titulares dos principais xornais do mundo que proclamaban o seu triunfo.

En realidade, a "mañá seguinte" deu comezo o pesadelo. Porque, malia o fascinante e megalómano da proposta, *A viaxe dos malditos* —a historia do barco St. Louis e a súa pasaxe de xudeus fuxindo da Alemaña nazi cara á Habana— foi masacrada na sala de montaxe, e o que se estreou resultou incomprensible. Para este ciclo recuperamos a versión íntegra, e poderán ver a Faye Dunaway bailando o vals con aqueloutro tolo marabilloso e efémero que foi Oskar Werner. O thriller *Os ollos de Laura Mars,* no que o seu protagonismo era absoluto, tampouco foi un éxito.

E entón chegou a debacle. Aceptou con ilusión interpretar a Joan Crawford na adaptación do libro no que a filla da estrela do vello Hollywood relataba as aberracións e os malos tratos de todo tipo aos que fora sometida por el. Pero os excesos do guión e a caracterización *family monster* de Faye Dunaway xeraron a tormenta perfecta. O público ría a gargalladas durante as proxeccións. Bette Davis, inimiga histórica de Joan Crawford, deu o titular: *"Podes sentar a calquera nesta cadeira e dirache que Faye Dunaway é absolutamente imposible"*. E a cacería desatouse. Eran moitos, e tiñan moitas ganas. Concedéronlle o Razzie á peor interpretación do ano por ese papel, e foi nominada outras catro veces nos 80, chegando a ser proposta ao Razzie á peor actriz da década. Os 90 non foron mellores.

Xa neste século, Andrew Lloyd Webber despediuna do que ía ser o seu voo do fénix, como protagonista do musical *Sunset Boulevard.* Foi esvaecendo entre rumores sobre o seu mal estado mental. Só a lembramos agora polo quilombo do Óscar equivocado a *La La Land.* Ese malentendido feito decrepitude compartiuno con Warren Beatty. El fora quen a conducira no seu primeiro paso cara á lenda en *Bonnie and Clyde.* E alí estaban de novo ambos os dous, desde Hollywood para o mundo, anunciando a ruína.

No Festival de Cannes do ano pasado estreouse un pequeno documental sobre ela. Se foi unha homenaxe, non o pareceu. Proxectárono na pequena sala Buñuel, onde apenas un cento dos que un día fomos prisioneiros do seu talento convulso aplaudimos a súa presenza.

Supoño que este foi o final. Como Garbo, corenta anos despois, Faye Dunaway rachou os esquemas de machismo e moralina de Hollywood en calquera das súas etapas. Rebelouse e non a deron controlado. En pouco máis dunha década e unha ducia de películas deixou o seu ADN de creatividade fermosa e subversiva ata a medula. Ese ao que lle rendemos tributo no festival.

A CULTURA
É UN DEREITO
DACORUNA.GAL
Deputación
DA CORUÑA

MARTES 11, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

BONNIE AND CLYDE
BONNIE E CLYDE (1967)

Arthur Penn

Estados Unidos / 111 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Warren Beatty, Faye Dunaway, Michael J. Pollard, Gene Hackman, Estelle Parson

Ficha técnica:

•Guión: Robert Benton, David Newman
•Fotografía: Burnett Guffey
•Edición: Dede Allen
•Produción: Warren Beatty

Sinopse:

Nos anos da Gran Depresión, Bonnie Parker, unha camareira insatisfeita coa súa vida, coñece a Clyde Barrow, un ladrón carismático e impulsivo. Xuntos emprenden unha fuxida a través do Medio Oeste, asaltando bancos e converténdose en lenda mediática mentres o seu amor e a súa violencia medran a partes iguais.

- MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (ESTELLE PARSONS) E MELLOR FOTOGRAFÍA NOS ÓSCAR 1968
- MELLOR PROMESA (FAYE DUNAWAY) NOS BAFTA 1968
- PREMIO AO MELLOR GUIÓN NOS PREMIOS DO SINDICATO DE GUIONISTAS (1968) E NO CÍRCULO DE CRÍTICOS DE NOVA YORK (1967)



XOVES 13, 22.15 | NUMAX

CHINATOWN (1974)

Roman Polanski

Estados Unidos / 131 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Jack Nicholson, Faye Dunaway, John Huston, Perry Lopez, John Hillerman, Darrell Zwerling

Ficha técnica:

•Guión: Robert Towne
•Fotografía: John A. Alonzo
•Edición: Sam O'Steen
•Produción: C. O. Erickson, Robert Evans

Sinopse:

Jake Gittes, un detective privado especializado en infidelidades, é contratado por unha muller que afirma sospeitar do seu home. O que semella un caso rutineiro convértese axiña nunha complexa rede de enganos, conspiracións e poder, onde a auga, o deserto e o control político de Los Ángeles se entrelazan cun segredo familiar devastador.

Chinatown é unha das obras mestras do cinema dos setenta, que redefine o xénero negro desde a súa mirada máis amarga.

- MELLOR GUIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1975
- MELLOR PELÍCULA, MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR GUIÓN, E MELLOR ACTOR PRINCIPAL NA CATEGORÍA DE DRAMA (JACK NICHOLSON) NOS GLOBO DE OURO 1975
- MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR GUIÓN E MELLOR ACTOR (JACK NICHOLSON) NOS BAFTA 1975



SÁBADO 8, 16.00 | NUMAX
XOVES 20, 15.45 | NUMAX

EYES OF LAURA MARS
OS OLLOS DE LAURA MARS (1978)

Irvin Kershner

Estados Unidos / 104 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Faye Dunaway, Tommy Lee Jones, Brad Dourif, Raul Julia, René Auberjonois

Ficha técnica:

•Guión: John Carpenter, David Zelag Goodman. Baseado nunha historia de John Carpenter
•Fotografía: Victor J. Kemper
•Edición: Michael Kahn
•Produción: Jack H. Harris, Jon Peters, Laura Ziskin

Sinopse:

Laura Mars, unha fotógrafa de Nova York famosa polas súas imaxes provocadoras de violencia e erotismo, comeza a ter inquietantes visións: ve a través dos ollos dun asasino mentres este comete os seus crimes. A medida que as mortes se achegan ao seu círculo máis íntimo, Laura tenta distinguir entre a inspiración artística e a obsesión, entre a realidade e a alucinación.

- MELLOR VESTIARIO NOS PREMIOS SATURN 1979



XOVES 13, 15.30 | NUMAX

HURRY SUNDOWN
A NOITE DESEXADA (1967)

Otto Preminger

Estados Unidos / 146 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Faye Dunaway, Michael Caine, Jane Fonda, John Phillip Law, Robert Hooks

Ficha técnica:

•Guión: Horton Foote, Thomas C. Ryan. Baseado na novela de Bert e Katya Gilden
•Fotografía: Milton R. Krasner, Loyal Griggs
•Edición: Tony de Zarraga, Louis R. Loeffler, James D. Wells
•Produción: Otto Preminger

Sinopse:

Tras o remate da Segunda Guerra Mundial, Henry Warren, un terratenente ambicioso, tenta facerse coas leiras dos seus veciños para construír un gran complexo agrícola. Mais atópase coa resistencia de dous pequenos propietarios: Rad McDowell, un veterano branco empobrecido, e Reeve Scott, un agricultor negro decidido a defender a súa herdanza familiar. O conflito entre eles, alimentado pola cobiza, a hipocrisía e o racismo estrutural, convértese nun espello das tensións sociais dun país que se resiste ao cambio.

- PREMIO Á MELLOR PROMESA (FAYE DUNAWAY) NOS BAFTA 1968



DOMINGO 9, 22.30 | NUMAX
LUNS 17, 15.45 | SALÓN TEATRO

LA MAISON SOUS LES ARBRES
A CASA BAIXO AS ÁRBORES (1971)

René Clément

Francia, Italia / 96 min / Ficción / Francés, inglés

Ficha artística:
Faye Dunaway, Frank Langella, Barbara Parkins, Karen Blanguernon, Raymond Gérôme

Ficha técnica:
•Guión: René Clément, Daniel Boulanger, Sidney Buchman, Eleanor Perry. Baseado nunha historia de Arthur Cavanaugh
•Fotografía: Andréas Winding
•Edición: Françoise Javet, Christiane Lack, Jean Ravel
•Produción: Sidney Buchman, Georges Casati, Robert Dorfmann, Bertrand Javal, Roger H. Lewis

Sinopse:
Philip Hallard, un experto en espionaxe industrial retirado, vive en París coa súa muller, Jill, e cos seus dous fillos nunha aparente tranquilidade, traballando agora como informático. Pero esa paz esváese cando unha poderosa organización secreta secuestra os nenos para obrigalo a regresar ao seu antigo oficio.



LUNS 17, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA

LITTLE BIG MAN
PEQUENO GRAN HOME (1970)

Arthur Penn

Estados Unidos / 139 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Dustin Hoffman, Faye Dunaway, Martin Balsam, Richard Mulligan, Chief Dan George

Ficha técnica:
•Guión: Calder Willingham. Baseado na novela de Thomas Berger
•Fotografía: Harry Stradling Jr.
•Edición: Dede Allen
•Produción: Gene Lasko, Stuart Millar

Sinopse:
Jack Crabb, un ancián de 121 anos, relata a un historiador a súa incrible vida, na que asegura ter sido o único supervivente da batalla de Little Bighorn onde morrera o xeneral Custer. Criado entre colonos e indios cheiéns, Jack vai pasando dun mundo a outro, asumindo identidades contraditorias —trampulleiro, soldado, explorador, guerreiro indíxena— mentres presencia o nacemento e a destrución do mito do Oeste americano.

MELLOR ACTOR SECUNDARIO (CHIEF DAN GEORGE) NOS PREMIOS LAUREL 1971
MELLOR ACTOR SECUNDARIO (CHIEF DAN GEORGE) DA ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CINEMA DE ESTADOS UNIDOS (1971) E DA ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE CINEMA DE NOVA YORK (1970)



XOVES 13, 18.00 | SALÓN TEATRO

MOMMIE DEAREST
QUERIDÍSIMA MAMÁ (1981)

Frank Perry

Estados Unidos / 129 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Faye Dunaway, Steve Forrest, Diana Scarwid, Mara Hobel, Howard Da Silva, Rutanya Alda

Ficha técnica:
•Guión: Frank Perry, Frank Yablans, Tracy Hotchner, Robert Getchell. Baseado no libro de Christina Crawford
•Fotografía: Paul Lohmann
•Edición: Peter E. Berger
•Produción: David Koontz, Neil A. Machlis, Terry O'Neill, Frank Yablans

Sinopse:
Baseado nas memorias de Christina Crawford, filla adoptiva da estrela de Hollywood Joan Crawford, o filme reconstrúe a relación entre ambas desde a infancia ata a idade adulta. Detrás da aparencia glamurosa e disciplinada da actriz agóchase unha muller dominada pola frustración, a ambición e o abuso emocional. Entre festas, rodaxes e arroutadas de furia, a historia revela o lado máis escuro da fama e da maternidade no sistema de estudios de Hollywood.



LUNS 10, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA

NETWORK
NETWORK, UN MUNDO IMPLACABLE (1976)

Sidney Lumet

Estados Unidos / 121 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Faye Dunaway, William Holden, Peter Finch, Robert Duvall, Beatrice Straight

Ficha técnica:
•Guión: Paddy Chayefsky
•Fotografía: Owen Roizman
•Edición: Alan Heim
•Produción: Fred C. Caruso, Howard Gottfried

Sinopse:
Howard Beale, veterano presentador dun informativo, é despedido cando baixa a audiencia do seu popular programa. Antes de abandonar a canle, e ante o asombro de todos, anuncia en directo que vai suicidarse diante das cámaras. O seu arrebato provoca unha enorme expectación entre o público e os seus compañeiros, converténdose nun fenómeno televisivo sen precedentes.
Entre a sátira e o drama, o filme expón con ferocidade a relación entre información, poder e espectáculo, anticipando o cinismo mediático das décadas seguintes.

MELLOR ACTRIZ PRINCIPAL (FAYE DUNAWAY), MELLOR ACTOR PRINCIPAL (PETER FINCH), MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (BEATRICE STRAIGHT) E MELLOR GUIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1977
MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR GUIÓN, MELLOR ACTRIZ (FAYE DUNAWAY) E MELLOR ACTOR (PETER FINCH) NOS GLOBO DE OURO 1977
MELLOR ACTOR (PETER FINCH) NOS BAFTA 1978



SÁBADO 8, 22.30 | SALÓN TEATRO
MÉRCORES 19, 15.45 | NUMAX

PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD
CONFESIÓNS DUNHA MODELO (1970)

Jerry Schatzberg

Estados Unidos / 105 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Faye Dunaway, Barry Primus, Viveca Lindfors, Barry Morse, Roy Scheider

Ficha técnica:
•Guión: Carole Eastman. Baseado nunha historia de Jerry Schatzberg e Carole Eastman
•Fotografía: Adam Holender
•Edición: Evan A. Lottman
•Produción: Frank Caffey, John Foreman

Sinopse:
Lou Andreas Sand, unha antiga modelo recluída nunha casa á beira do mar, acepta contar a súa historia a un amigo fotógrafo que quere facer unha película sobre ela. A través da súa voz e da súa memoria fragmentada, reconstrúese o ascenso e a caída dunha muller atrapada entre a beleza, a fama e a inestabilidade emocional.



SÁBADO 15, 17.00 | AUDITORIO DE GALICIA

SUPERGIRL (1984)

Jeannot Szwarc

Reino Unido, Estados Unidos, Países Baixos / 125 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Helen Slater, Faye Dunaway, Peter O'Toole, Mia Farrow, Simon Ward

Ficha técnica:
•Guión: David Odell
•Fotografía: Alan Hume
•Edición: Malcolm Cooke
•Produción: Timothy Burrill, Ilya Salkind

Sinopse:
Kara, curmá de Superman, escapa da cidade de Argo, un fragmento supervivente de Krypton, para recuperar un poderoso artefacto que mantén con vida o seu mundo. Ao chegar á Terra, adopta a identidade dunha estudante humana, Linda Lee, e descobre os seus propios poderes mentres tenta deter os plans dunha feiticeira que quere dominar o planeta.



LUNS 10, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

THE THOMAS CROWN AFFAIR
O CASO THOMAS CROWN (1968)

Norman Jewison

Estados Unidos / 102 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Steve McQueen, Faye Dunaway, Paul Burke, Jack Weston, Yaphet Kotto

Ficha técnica:
•Guión: Alan Trustman
•Fotografía: Haskell Wexler
•Edición: Hal Ashby, Byron 'Buzz' Brandt, Ralph E. Winters
•Produción: Norman Jewison, Steve McQueen, Walter Mirisch

Sinopse:
Thomas Crown, un elegante home de negocios de Boston, organiza con precisión un roubo millonario sen implicarse directamente, movido só pola emoción do desafío. A súa perfecta estratexia esperta a sospeita de Vicki Anderson, unha brillante investigadora de seguros que, fascinada por el, inicia un perigoso xogo de sedución e intelixencia.

MELLOR CANCIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1969
MELLOR CANCIÓN ORIXINAL NOS GLOBO DE OURO 1969



MÉRCORES 19, 18.45 | AUDITORIO DE GALICIA

THE TOWERING INFERNO
O COLOSO EN CHAMAS (1974)

John Guillermin

Estados Unidos / 165 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Steve McQueen, Paul Newman, William Holden, Faye Dunaway, Susan Blakely, Fred Astaire

Ficha técnica:
•Guión: Stirling Silliphant. Baseado nas novelas The tower de Richard Martin Stern e The glass inferno de Thomas N. Scortia e Frank M. Robinson
•Fotografía: Fred J. Koenekamp
•Edición: Carl Kress, Harold F. Kress
•Produción: Irwin Allen

Sinopse:
Durante a inauguración dun rañaceos de 138 plantas en San Francisco, un fallo eléctrico provoca un incendio devastador que pon en perigo centos de persoas atrapadas no interior. O arquitecto do edificio e o xefe dos bombeiros unen esforzos para salvar tantas vidas como sexa posible mentres a catástrofe medra en intensidade. Con espectaculares efectos visuais e un elenco estelar encabezado por Paul Newman, Steve McQueen e Faye Dunaway, *O coloso en chamas* converteuse nun dos filmes máis emblemáticos do cine de desastres dos anos setenta.

MELLOR MONTAXE, MELLOR FOTOGRAFÍA E MELLOR CANCIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1975
MELLOR ACTOR DE REPARTO (FRED ASTAIRE) E NOVA PROMESA FEMININA (SUSAN FLANNERY) NOS GLOBO DE OURO 1975
MELLOR FILME ESTRANXEIRO NOS PREMIOS DAVID DI DONATELLO 1975
MELLOR ACTOR SECUNDARIO (FRED ASTAIRE) E MELLOR MÚSICA NOS BAFTA 1976



MÉRCORES 12, 20.15 | AUDITORIO DE GALICIA

THREE DAYS OF THE CONDOR OS TRES DÍAS DO CÓNDOR (1975)

Sydney Pollack

Estados Unidos / 117 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Robert Redford, Faye Dunaway, Cliff Robertson, Max von Sydow, John Houseman

Ficha técnica:

•Guión: Lorenzo Semple Jr., David Rayfiel. Baseado na novela de James Grady
•Fotografía: Owen Roizman
•Edición: Don Guidice
•Produción: Stanley Schneider

Sinopse:

Joe Turner, analista da CIA que traballa revisando novelas en busca de mensaxes cifradas, regresa un día á oficina e atopa todos os seus compañeiros asasinados. A partir dese momento convértese nun fuxitivo, sen saber en quen pode confiar, mentres tenta descubrir quen ordenou a matanza e por que. A medida que se achega á verdade, descobre a maquinaria secreta e paranoica do poder nos anos setenta.

VENRES 14, 18.15 | NUMAX

VOYAGE OF THE DAMNED A VIAXE DOS MALDITOS (1976)

Stuart Rosenberg

Reino Unido, Estado Unidos / 155 min / Ficción / Inglés, alemán

Ficha artística:

Faye Dunaway, Oskar Werner, James Mason, Orson Welles, Max von Sydow, Lee Grant, Fernando Rey, Jonathan Pryce

Ficha técnica:

•Guión: Steve Shagan, David Butler. Baseado na novela de Gordon Thomas e Max Morgan-Witts
•Fotografía: Billy Williams
•Edición: Tom Priestley
•Produción: Robert Fryer

Sinopse:

En 1939, o transatlántico alemán St. Louis parte de Hamburgo con 937 xudeus a bordo, rumbo a Cuba, fuxindo da persecución nazi. Cando o barco chega ao seu destino, o goberno cubano négase a aceptar os refuxiados, e tamén os Estados Unidos e Canadá lles pechan as portas. Mentres a desesperanza medra entre os pasaxeiros e a tripulación, o capitán tenta manter a dignidade e evitar unha traxedia anunciada.

PLACA DE OURO PARA SYDNEY POLLACK NOS PREMIOS DAVID DI DONATELLO 1976



MELLOR ACTRIZ DE REPARTO (LEE GRANT) NOS GLOBO DE OURO 1977



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
CONSORCIO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA

HISTORIAS

2025/26 30 ANIVERSARIO

CINEUROPA 39

SECCIÓNS PARALELAS

AS COUSAS DO QUERER

VENRES 14, 18.15 | AUDITORIO DE GALICIA

A BRIGHTER SUMMER DAY
UN DÍA DE VERÁN (1991)

Edward Yang

Taiwán / 237 min / Ficción / Chinés, taiwanés, inglés

Ficha artística:
Chang Chen, Lisa Yang, Kuo-Chu Chang, Elaine Jin

Ficha técnica:
•Guión: Edward Yang, Mingtang Lai, Alex Yang
•Fotografía: Longyu Zhang, Hui-Kung Chang
•Edición: Po-Wen Chen
•Produción: Sui Je Cheng, Hung-Tze Jan, Feng-Chyt Jiang, Wei-Yen Yu

Sinopse:
Taiwán, comezos dos anos sesenta. Xiao, fillo dun funcionario que vive baixo o medo constante á represión política, pasa os días entre a escola, a familia e as rúas dun barrio onde as bandas xuvenís se enfrontan pola supervivencia e o poder. A amizade, o primeiro amor e a violencia mestúranse nun tempo de incerteza e frustración colectiva.
A brighter summer day é unha obra monumental sobre a perda da inocencia e a construción dunha identidade nun país dividido entre tradición e modernidade. Cunha posta en escena minuciosa e unha fonda sensibilidade moral, Edward Yang compón o retrato inesquecible dunha xeración atrapada entre a memoria e o desencanto.

PREMIO ESPECIAL DO XURADO E PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE CINE DE TOQUIO 1991
MELLOR PELÍCULA ESTRANXEIRA NOS PREMIOS KINEMA JUNPO 1993



DOMINGO 9, 15.45 | NUMAX

A SINGLE MAN
UN HOME SOLTEIRO (2009)

Tom Ford

Estados Unidos / 99 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Colin Firth, Julianne Moore, Matthew Goode

Ficha técnica:
•Guión: Tom Ford, David Scearce. Baseado na novela de Christopher Isherwood
•Fotografía: Eduard Grau
•Edición: Joan Sobel
•Produción: Jason Alisharan, Tom Ford, Andrew Miano, Robert Salerno, Chris Weitz

Sinopse:
Os Ánxeles, 1962. George Falconer é un profesor universitario británico que tenta comprender o sentido da vida tras a morte de Jim, o seu compañeiro sentimental. A dor e o baleiro empúrrano cara a unha decisión definitiva, mais ao longo dun día cheo de encontros e lembranzas, a presenza da súa amiga Charley e a beleza efémera do mundo poñerán á proba o seu desexo de rendición.

PREMIO AO MELLOR ACTOR (COLIN FIRTH) NOS BAFTA 2009
COPA VOLPI AO MELLOR ACTOR (COLIN FIRTH) NO FESTIVAL DE VENECIA 2009



LUNS 10, 15.45 NUMAX
MÉRCORES 19, 16.30 AUDITORIO DE GALICIA

BOYS DON'T CRY
OS RAPACES NON CHORAN (1999)

Kimberly Peirce

Estados Unidos / 114 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Hilary Swank, Chloë Sevigny, Peter Sarsgaard

Ficha técnica:
•Guión: Kimberly Peirce, Andy Bienen
•Fotografía: Jim Denault
•Edición: Tracy Granger, Lee Percy
•Produción: Jill Footlick, John Hart, Caroline Kaplan, Pamela Koffler, Eva Kolodner, Jon Marcus, Jonathan Sehring, Jeffrey Sharp, Brad Simpson, John Sloss, Morton Swinsky, Christine Vachon

Sinopse:
Ambientada en Nebraska, esta poderosa dramatización real recrea a historia de Brandon Teena, un mozo trans que, baixo a aparencia dun home, tenta construír unha nova vida nunha pequena comunidade rural. O filme explora o amor, a identidade e a violencia, e acende unha luz sobre a vulnerabilidade e a coraxe de quen se enfronta ao rexeitamento e á discriminación.

MELLOR ACTRIZ (HILARY SWANK) NOS ÓSCAR 2000
MELLOR ACTRIZ (HILARY SWANK) NOS GLOBO DE OURO 2000



LUNS 10, 20.30 | AUDITORIO DE GALICIA

BRIEF ENCOUNTER
BREVE ENCONTRO (1945)

David Lean

Reino Unido / 85 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Celia Johnson, Trevor Howard, Stanley Holloway

Ficha técnica:
•Guión: David Lean, Anthony Havelock-Allan, Ronald Neame. Baseado na obra teatral de Noël Coward
•Fotografía: Robert Krasker
•Edición: Jack Harris
•Produción: Noël Coward, Anthony Havelock-Allan, Ronald Neame

Sinopse:
Laura Jesson é unha ama de casa que leva unha vida tranquila e previsible xunto ao seu marido e fillos. Cada semana viaxa á cidade para facer compras, unha rutina que se ve interrompida cando coñece a Alec Harvey, un médico co que comparte conversas e momentos fugaces na estación de tren. O que comeza como un encontro casual convértese pouco a pouco nun vínculo fondamente emocional, tan apaixonado como prohibido. Entre a rutina doméstica e o desexo imposible, Laura enfróntase á tensión entre o deber e o sentimento, descubrindo o poder transformador e doloroso dun amor condenado á renuncia.

PALMA DE OURO Á MELLOR PELÍCULA NO FESTIVAL DE CANNES 1946



LUNS 17, 15.30 | AUDITORIO DE GALICIA

CAROL (2015)

Todd Haynes

Reino Unido, Estados Unidos / 118 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Cate Blanchett, Rooney Mara, Sarah Paulson

Ficha técnica:
•Guión: Phyllis Nagy. Baseado na novela de Patricia Highsmith
•Fotografía: Edward Lachman
•Edición: Affonso Gonçalves
•Produción: Dorothy Berwin, Gwen Bialic, Cate Blanchett, Robert Jolliffe, Elizabeth Karlsen, Danny Perkins, Tessa Ross, Thorsten Schumacher, Andrew Upton, Christine Vachon, Bob Weinstein, Harvey Weinstein, Stephen Woolley

Sinopse:
Nova York, anos cincuenta. Therese Belivet, unha moza dependenta dunha tenda de Manhattan que soña cunha vida mellor, coñece un día a Carol Aird, unha muller elegante e sofisticada atrapada nun matrimonio infeliz. Entre ambas as dúas xorde unha atracción inmediata, cada vez máis intensa e profunda, que cambiará as súas vidas para sempre.

MELLOR ACTRIZ (ROONEY MARA) NO FESTIVAL DE CANNES 2015



MARTES 12, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

CHIKAMATSU MONOGATARI OS AMANTES CRUCIFICADOS (1954)

Kenji Mizoguchi

Xapón / 102 min / Ficción / Xaponés

Ficha artística:
Kazuo Hasegawa, Kyôko Kagawa, Yôko Minamida, Eitarô Shindô

Ficha técnica:
•Guión: Yoshikata Yoda, Matsutarō Kawaguchi. Baseado na obra de Chikamatsu Monzaemon
•Fotografía: Kazuo Miyagawa
•Edición: Kanji Suganuma
•Produción: Masaichi Nagata

Sinopse:
Baseada nun clásico do teatro xaponés do século XVIII, a película relata as inxustizas que sofren a muller dun fabricante de pergamiños de Kioto e o seu aprendiz despois de seren inxustamente acusados de malas accións. Unidos polo destino nun romance prohibido e condenado, foxen na procura dun refuxio ante o castigo que lles foi imposto: a crucifixión. Filmada cun estilo visual fermoso e pictórico polo mestre da fotografía Kazuo Miyagawa, esta delicada denuncia da opresión social foi cualificada por Akira Kurosawa como "unha grande obra mestra que só podía ter feito Mizoguchi."



MARTES 11, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

ÉL (1953)

Luis Buñuel

México / 92 min / Ficción / Castelán

Ficha artística:
Arturo de Córdova, Delia Garcés, Aurora Walke

Ficha técnica:
•Guión: Luis Buñuel, Luis Alcoriza. Baseado na novela de Mercedes Pinto
•Fotografía: Gabriel Figueroa
•Edición: Carlos Savage
•Produción: Óscar Dancigers

Sinopse:
Francisco Galván de Montemayor, un home adiñeirado e de aparencia serena, queda fascinado pola beleza tranquila dunha moza, Gloria, a quen coñece na igrexa un Xoves Santo. Tras un breve cortexo, casa con ela convencido de ter atopado o amor perfecto. Mais a devoción inicial dá paso a unha enfermiza espiral de desconfianza: os celos e a paranoia transforman a Francisco nun home dominado pola obsesión e o control.



DOMINGO 9, 15.30 | SALÓN TEATRO

FAR FROM HEAVEN LONXE DO CEO (2002)

Todd Haynes

Estados Unidos / 107 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Julianne Moore, Dennis Quaid, Dennis Haysbert

Ficha técnica:
•Guión: Todd Haynes
•Fotografía: Edward Lachman
•Edición: James Lyons
•Produción: Jody Allen, Declan Baldwin, George Clooney, Eric Robison, Brad Simpson, John Sloss, Steven Soderbergh, Christine Vachon, John Wells, Tracy Brimm, Diane Cornell, Jean-Charles Lévy

Sinopse:
Connecticut, anos cincuenta. Cathy Whitaker leva unha vida aparentemente perfecta: un marido exitoso, dous fillos e unha casa impecable. Mais a súa existencia comeza a esboroarse cando descobre a homosexualidade do seu home e, ao mesmo tempo, sente unha inesperada atracción polo seu xardineiro afroamericano. En *Far from Heaven*, Todd Haynes revela as fendas ocultas baixo a fachada brillante da América suburbana.

COPA VOLPI Á MELLOR ACTRIZ (JULIANNE MOORE) E PREMIO Á MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE VENECIA 2002



VENRES 14, 22.45 | SALÓN TEATRO

FILM D'AMORE E D'ANARCHIA AMOR E ANARQUÍA (1973)

Lina Wertmüller

Italia / 125 min / Ficción / Italiano

Ficha artística:

Giancarlo Giannini, Mariangela Melato, Lina Polito

Ficha técnica:

•Guión: Lina Wertmüller
•Fotografía: Giuseppe Rotunno
•Edición: Franco Fraticelli
•Produción: Billy Baxter, Romano Cardarelli, Herbert R. Steinmann

Sinopse:

Italia, comezos dos anos trinta. O país vive baixo o medo imposto polo réxime fascista de Mussolini e a súa milicia de camisas negras. Antonio Soffiantini, un campesiño humilde e idealista, chega a Roma decidido a asasinar o Duce e vingarse pola morte dun amigo anarquista. Agochado nun bordel grazas á axuda de Salomé, unha prostituta simpatizante da causa, Antonio espera o momento do atentado. Pero durante a estancia no prostíbulo —entre conversas, comidas e bailes— coñece a Tripolina, unha moza doce e sensible coa que descobre o amor, poñendo en conflito a súa misión e o seu corazón.

Con *Film d'amore e d'anarchia*, Lina Wertmüller tece unha traxicomedia política e humana, onde o erotismo, a sátira e a emoción conviven nun retrato descarnado da Italia fascista. Un filme sobre o poder, a liberdade e a fráxil fronteira entre o amor e a revolta.

PREMIO AO MELLOR ACTOR (GIANCARLO GIANNINI) NO FESTIVAL DE CANNES 1973



XOVES 13, 22.30 | SALÓN TEATRO

IL PORTIERE DI NOTTE O PORTEIRO DE NOITE (1974)

Liliana Cavani

Italia / 118 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Dirk Bogarde, Charlotte Rampling, Philippe Leroy

Ficha técnica:

•Guión: Liliana Cavani, Italo Moscati
•Fotografía: Alfio Contini
•Edición: Franco Arcalli
•Produción: Esa De Simone, Robert Gordon Edwards, Joseph E. Levine, Paola Tallarigo

Sinopse:

Viena, 1957. Nun hotel decadente, Max, antigo oficial das SS que agora traballa como porteiro, recoñece entre os hóspedes a Lucia, a esposa dun director de orquestra. Anos atrás, ela fora unha adolescente internada nun campo de concentración, onde ambos mantiveran unha relación marcada pola humillación, a dependencia e un inquietante vínculo entre o desexo e o poder. O reencontro, lonxe de pechar as feridas do pasado, reaviva a súa enfermiza complicidade e mergúllaos de novo nunha paixón autodestrutiva.



MÉRCORES 12, 15.30 | SALÓN TEATRO

IN THE MOOD FOR LOVE DESEXANDO AMAR (2000)

Wong Kar-Wai

Hong Kong / 95 min / Ficción / Chinés

Ficha artística:

Maggie Cheung, Tony Leung Chiu-wai, Ping-Lam Siu, Tung Cho "Joe" Cheung

Ficha técnica:

•Guión: Wong Kar-Wai
•Fotografía: Christopher Doyle, Mark Lee
•Edición: William Chang
•Produción: Ye-cheng Chan, William Chang, Gilles Ciment, Wong Kar-Wai, Jacky Yee Wah Pang

Sinopse:

Hong Kong, 1962. Chow Mo-wan e Su Li-zhen móvense con discreción polos corredores dun edificio onde acaban de instalarse cos seus respectivos cónxuxes. Cando descobren que estes manteñen unha aventura, entre ambos nace unha amizade silenciosa que, aos poucos, se converte nun amor contido e imposible. A través de xestos mínimos, miradas furtivas e encontros interrompidos, *In the mood for love* constrúe un retrato exquisito da soidade e o desexo, unha historia de paixón reprimida onde o tempo e a memoria se entrelazan coa elegancia melancólica do cinema de Wong Kar-wai.

PREMIO AO MELLOR FILME ESTRANXEIRO NOS CÉSAR 2001

PREMIO AO MELLOR FILME ESTRANXEIRO DA ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE NOVA YORK 2001

PREMIO AO MELLOR ACTOR (TONY LEUNG CHIU-WAI) E GRAN PREMIO TÉCNICO NO FESTIVAL DE CINE DE CANNES 2000



XOVES 13, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL
LUNS 17, 20.30 | AUDITORIO DE GALICIA

JE, TU, IL, ELLE EU, TI, EL, ELA (1974)

Chantal Akerman

Bélxica, Francia / 86 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Chantal Akerman, Niels Arestrup, Claire Wauthion

Ficha técnica:

•Guión: Chantal Akerman
•Fotografía: Bénédicte Delesalle, Renelde Dupont, Charlotte Szlovak
•Edición: Luc Fréché, Geneviève Luciani
•Produción: Chantal Akerman

Sinopse:

Baseado nun texto que a propia cineasta escribiu en París en 1968, o filme estrutúrase en tres tempos: o da subxectividade, o do outro e o da relación. A protagonista, interpretada pola propia Akerman, é unha muller illada que repite xestos e rutinas nun espazo baleiro ata que decide saír ao exterior e reencontrarse cunha antiga amante. *Je, tu, il, elle* propón unha exploración radical da soidade, o corpo e o desexo, cunha posta en escena austera e intensamente persoal.



LUNS 10, 16.00 | SALÓN TEATRO

JULES ET JIM
JULES E JIM (1962)

François Truffaut

Francia / 104 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Jeanne Moreau, Oskar Werner, Henri Serre, Marie Dubois, Vanna Urbino

Ficha técnica:

•Guión: François Truffaut, Jean Gruault. Baseado na novela de Henri Pierre Roché
•Fotografía: Raoul Coutard
•Edición: Claudine Bouché
•Produción: Marcel Berbert, François Truffaut

Sinopse:

Dous amigos inseparables, o austríaco Jules e o francés Jim, comparten unha mesma paixón pola vida, pola arte e, finalmente, pola mesma muller: Catherine, espírito libre e inconstante que cambiará para sempre as súas existencias. A través das súas relacións, *Jules et Jim* converteuse nunha das grandes historias de amor e amizade do cinema, símbolo da Nouvelle Vague e retrato inesquecible da liberdade e da fugacidade dos sentimentos.



DOMINGO 9, 20.15 | AUDITORIO DE GALICIA

KEEP THE LIGHTS ON
MANTÉN AS LUCES ACESAS (2012)

Ira Sachs

Estados Unidos / 101 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Thure Lindhardt, Zachary Booth, Julianne Nicholson

Ficha técnica:

•Guión: Ira Sachs, Mauricio Zacharias
•Fotografía: Thimios Bakatakis
•Edición: Affonso Gonçalves
•Produción: Ali Betil, Marie Therese Guirgis, Adam •Hohenberg, Lucas Joaquin, Lars Knudsen, Tory Lenosky, Jawal Nga, Iddo Patt, Ira Sachs, Alex Scharfman, Jay Van Hoy

Sinopse:

Crónica da viaxe emocional de dous homes na cidade de Nova York a través do amor, a amizade e a adicción. Erik, director de documentais, e Paul, avogado, coñécense por casualidade e inician unha relación intensa e adictiva. Unidos pola paixón e pola autodestrución, comparten máis dunha década marcada por dependencias, rupturas e reconciliacións. Nese tempo Erik loita por establecer os seus límites e conservar a súa dignidade sen deixar de ser fiel a si mesmo.

PREMIO TEDDY NA BERLINALE 2012
MELLOR DIRECTOR E MELLOR ACTOR (THURE LINDHARDT) NO LESGAICINEMAD 2012



SÁBADO 15, 19.30 | AUDITORIO DE GALICIA

KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE
O ROMANCE E A CULPA (2011)

Sion Sono

Xapón / 144 min / Ficción / Xaponés

Ficha artística:

Miki Mizuno, Makoto Togashi, Megumi Kagurazaka

Ficha técnica:

•Guión: Sion Sono
•Fotografía: Sôhei Tanikawa
•Edición: Jun'ichi Itô
•Produción: Yoshinori Chiba, Nobuhiro Lizuka, Naoko Komuro, Toshimichi Ôtsuki, Kanjirô Toba

Sinopse:

Na zona dos motéis do amor de Shibuya, en Toquio, aparece o cadáver mutilado dunha muller. Mentres a detective Kazuko inicia a investigación, outra historia emerxe: Izumi, muller dun novelista de éxito, vive unha existencia anódina. Farta da rutina, acepta traballar como modelo erótica, cae no abismo do sexo comercial e entra no mundo da prostitución da man de Mitsuko, profesora de día e escort de noite. En *Guilty of romance*, Sion Sono mestura crime, sexo e identidade nun *thriller* erótico desacougante sobre os límites da liberdade, a culpa e o desexo.

MELLOR FILME NOS PREMIOS KINEMA JUNPO 2012



MARTES 11, 18.15 | AUDITORIO DE GALICIA

KUNG-FU MASTER (1988)

Agnès Varda

Francia / 75 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Jane Birkin, Mathieu Demy, Charlotte Gainsbourg, Lou Doillon

Ficha técnica:

•Guión: Agnès Varda. Baseado nunha historia de Jane Birkin
•Fotografía: Pierre-Laurent Chénieux
•Edición: Marie-José Chauvel
•Produción: Ciné Tamaris, La Sept Cinéma

Sinopse:

Mary-Jane, unha muller divorciada duns corenta anos e nai de dúas fillas, Lucy e Lou, coñece a Julien, un mozo de catorce anos compañeiro de clase da súa filla maior. Pequeno e descarado, pero cun lado sensible, o rapaz esperta nela unha curiosidade inesperada. A relación entre ambos medra a través dos seus encontros xunto á máquina recreativa do videoxogo *Kung-Fu Master*, da que Julien é un gran afeccionado.



MARTES 11, 15.45 | NUMAX

L'AMOUR L'APRÈS-MIDI
O AMOR DESPOIS DO MEDIODÍA (1972)

Éric Rohmer

Francia / 93 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Bernard Berley, Zouzou, Françoise Verley, Daniel Ceccaldi

Ficha técnica:

•Guión: Éric Rohmer
•Fotografía: Néstor Almendros
•Edición: Cécile Decugis
•Produción: Pierre Cottrell, Barbet Schroeder

Sinopse:

Frédéric leva unha vida académica acomodada: casado coa súa muller Hélène, avanza cara ao nacemento dun segundo fillo e goza dunha rutina tranquila. Mais a serenidade vese alterada cando reaparece na súa vida Chloé, un antigo amor libre e sedutor que devolve ao seu mundo a tentación e o desexo. A través de tardes informais, paseos e conversacións, Frédéric enfróntase á dúbida: permanecer fiel ao compromiso vello e seguro ou sucumbir á promesa dunha liberdade illada mais fugaz. Rohmer explora os límites do querer e da monogamia nesta última entrega dos seus *Contos morais*, unha película sobre o que vén despois do amor.

MELLOR FILME ESTRANXEIRO NOS PREMIOS DA ASOCIACIÓN NORTEMERICANA DE CRÍTICOS DE CINEMA 1972



MÉRCORES 12, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA

L'IMPORTANT C'EST D'AIMER
O IMPORTANTE É AMAR (1975)

Andrzej Żuławski

Francia / 108 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Romy Schneider, Fabio Testi, Jacques Dutronc, Klaus Kinski

Ficha técnica:

•Guión: Andrzej Zulawski. Baseado nunha novela de Christopher Frank
•Fotografía: Ricardo Aronovich
•Edición: Christiane Lack
•Produción: Albina du Boisrouvray, Léo L. Fuchs

Sinopse:

Servais Mont, fotógrafo freelance que traballa para gánsteres facendo fotografías comprometedoras, irrompe durante a rodaxe dunha película porno para captar imaxes de Nadine Chevalier, unha actriz casada que sobrevive en producións de escaso prestixio. Atraído pola súa vulnerabilidade, Servais decide axudala e financia ás agachadas unha obra de teatro que podería relanzar a súa carreira, soñando con conquistar o seu amor.

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ PRINCIPAL (ROMY SCHNEIDER) NOS CÉSAR 1976

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ PRINCIPAL (ROMY SCHNEIDER) NO FESTIVAL DE TAORMINA 1975



VENRES 14, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

LA FEMME D'A CÔTÉ
A MULLER DO LADO (1981)

François Truffaut

Francia / 106 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Gérard Depardieu, Fanny Ardant, Henri Garcin, Michèle Baumgartner

Ficha técnica:

•Guión: François Truffaut, Suzanne Schiffman, Jean Aurel
•Fotografía: William Lubtchansky
•Edición: Martine Barraqué
•Produción: François Truffaut

Sinopse:

Bernard Coudray e Mathilde Bauchard foron amantes anos atrás, pero as súas vidas tomaron camiños separados. Cando ela se muda co seu marido a unha casa xunto á de Bernard e a súa familia, o reencontro esperta unha paixón que crían esquecida. O desexo e a culpa arrástranos a unha relación tan inevitable como destrutiva.



MARTES 18, 15.30 | SALÓN TEATRO

LES AMANTS DU PONT-NEUF
OS AMANTES DA PONT-NEUF (1991)

Leos Carax

Francia / 125 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Juliette Binoche, Denis Lavant, Klaus-Michael Grüber, Daniel Buain, Édith Scob

Ficha técnica:

•Guión: Leos Carax
•Fotografía: Jean-Yves Escoffier
•Edición: Nelly Quettier
•Produción: Bernard Artigues, Alain Dahan, Christian Fechner, Albert Prévost, Hervé Truffaut

Sinopse:

No corazón de París, baixo as luces e as sombras da cidade, dous vagabundos atopan un amor tan intenso como desesperado. Alex, un artista de rúa autodestrutivo, e Michèle, unha pintora que está a perder a vista, coñécense mentres viven nas marxes, durmindo na Pont-Neuf, pechada por obras. Xuntos inventan un universo propio, unha ilusión de liberdade que se esboroa co regreso da realidade.

MELLOR ACTRIZ, MELLOR MONTAXE E MELLOR FOTOGRAFÍA NOS PREMIOS DO CINEMA EUROPEO 1992



MARTES 18, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA

LES AMANTS RÉGULIERS OS AMANTES HABITUAIS (2005)

Philippe Garrel

Francia / 184 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Louis Garrel, Clotilde Hesme, Éric Rulliat, Julien Lucas, Mathieu Genet

Ficha técnica:

•Guión: Philippe Garrel, Marc Cholodenko, Arlette Langmann
•Fotografía: William Lubtchansky
•Edición: Françoise Collin, Philippe Garrel
•Produción: Pierre Chevalier, Gilles Sandoz

Sinopse:

François, un mozo poeta, participa nas revoltas do maio do 68 en París. Entre a brétema e a confusión, ve a fermosa Lilie, a quen volverá coñecer un ano despois nunha festa na casa dun amigo. Entre ambos nacerá un amor intenso e tenro que fará revivir a ilusión tras o desencanto da revolución perdida. O sexo, a poesía, o opio, a pintura e a escultura serán os novos territorios frecuentados polo grupo de mozos revolucionarios que verán como o mundo que quixeron construír se vai esfarelando pouco a pouco.

LEÓN DE PRATA Á MELLOR DIRECCIÓN E Á MELLOR CONTRIBUCIÓN TÉCNICA NO FESTIVAL DE VENECIA 2005

PREMIO AO MELLOR ACTOR REVELACIÓN (LOUIS GARREL) NOS CÉSAR 2006

PREMIO FIPRESCI DOS PREMIOS DE CINE EUROPEO 2006



SÁBADO 8, 20.30 | NUMAX

LOLA (1961)

Jacques Demy

Francia, Italia / 84 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Anouk Aimée, Marc Michel, Jacques Harden, Alan Scott

Ficha técnica:

•Guión: Jacques Demy
•Fotografía: Raoul Coutard
•Edición: Anne-Marie Cotret
•Produción: Georges de Beauregard, Carlo Ponti

Sinopse:

En Nantes, Lola, unha bailarina de cabaré, leva sete anos agardando o regreso de Michel, o amante que a abandonou sen saber que estaba embarazada. No seu camiño crúzanse dous homes: Frankie, un mariñeiro estadounidense, e Roland Cassard, un antigo amigo de infancia que se namora dela. Pero Lola segue fiel ao recordo do seu amor perdido.
Ópera prima de Jacques Demy, *Lola* é unha historia coral sobre o azar e o desexo, un conto luminoso e nostálxico que anticipa o universo musical e romántico que amosaría máis tarde en *Os paraugas de Cherburgo* e As señoritas de Rochefort.

PREMIO ESPECIAL DA ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE NOVA YORK EN 2001



VENRES 14, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

LOVE IN THE AFTERNOON ARIANE (1957)

Billy Wilder

Estados Unidos / 130 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Gary Cooper, Audrey Hepburn, Maurice Chevalier

Ficha técnica:

•Guión: Billy Wilder, I.A.L. Diamond. Baseado na novela de Claude Anet
•Fotografía: William C. Mellor
•Edición: Léonide Azar, Chester W. Schaeffer
•Produción: Doane Harrison, William Schorr, Billy Wilder, Lee Katz

Sinopse:

Chavasse, un detective privado especializado en casos de infidelidade, dedica os seus días a seguir amantes e descubrir segredos alleos. Cando un dos seus clientes ameaza con matar o sedutor estadounidense que mantén unha aventura coa súa muller, a filla do detective, Ariane, interponse para evitalo. A súa intervención non só salva o *playboy* Frank Flannagan, senón que tamén esperta nela unha paixón inesperada. Fascinada polo encanto do millonario, Ariane fínxese unha muller experimentada, rodeada de amantes e aventuras. As súas citas furtivas semellan perfectas, ata que Flannagan, intrigado pola misteriosa moza e celoso dos seus supostos rivais, decide investigar quen é en realidade... e contrata o propio pai de Ariane.

PREMIO MELLOR GUIÓN DE COMEDIA DO SINDICATO DE GUIONISTAS DE AMÉRICA 1958

MELLOR COMEDIA E MELLOR INTERPRETACIÓN FEMININA DE COMEDIA NOS PREMIOS LAUREL



VENRES 14, 15.30 | NUMAX

LOVE STREAMS CORRENTES DE AMOR (1984)

John Cassavetes

Estados Unidos / 141 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Gena Rowlands, John Cassavetes, Diahnne Abbott

Ficha técnica:

•Guión: Ted Allan, John Cassavetes. Baseado na obra de Ted Allan
•Fotografía: Al Ruban
•Edición: George C. Villaseñor
•Produción: Yoram Globus, Menahem Golan, Al Ruban

Sinopse:

Rodada cando John Cassavetes cría que estaba a piques de morrer (o que acontecería uns anos despois), *Love Streams* é unha das obras máis libres, caóticas e conmovedoras do cineasta. O filme segue en paralelo as vidas de Robert, un escritor hedonista e emocionalmente perdido, e Sarah, unha muller desbordada tras un divorcio que a separa da súa filla. Ambos comparten a mesma ferida: a incapacidade de amar sen dor, de atopar un refuxio nun mundo que lles resulta alleo. Entre episodios de humor insólito, escenas oníricas e estoupidos de desorde emocional, Cassavetes filma unha desesperada exploración da vulnerabilidade humana.

OSO DE OURO AO MELLOR FILME E PREMIO FIPRESCI NA BERLINALE 1984



XOVES 13, 15.30 | SALÓN TEATRO

MA SAISON PRÉFÉRÉE
A MIÑA ESTACIÓN PREFERIDA (1993)

André Téchiné

Francia / 125 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Catherine Deneuve, Daniel Auteuil, Marthe Villalonga

Ficha técnica:

•Guión: Pascal Bonitzer, André Téchiné
•Fotografía: Thierry Arbogast
•Edición: Martine Giordano
•Produción: Alain Sarde

Sinopse:

Unha irmá e un irmán reencóntranse despois de anos de distancia cando a súa nai enferma entra nunha residencia. Emilie, avogada e nai de familia, leva unha vida estable pero chea de silencios; Antoine, solteiro e solitario, vive ancorado no pasado. A convivencia forzada e o peso dos recordos abren feridas antigas e revelan o afecto profundo —e a dor— que os une.

MÉRCORES 12, 15.30 | NUMAX

MAURICE (1987)

James Ivory

Reino Unido, Estados Unidos / 140 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

James Wilby, Hugh Grant, Rupert Graves

Ficha técnica:

•Guión: James Ivory, Kit Hesketh-Harvey. Baseado na novela de E. M. Forster
•Fotografía: Pierre Lhomme
•Edición: Katherine Wenning
•Produción: Paul Bradley, Ismail Merchant

Sinopse:

Ambientada na Inglaterra eduardiana, *Maurice* conta a historia dun mozo que loita por aceptar a súa identidade nunha sociedade que condena o amor entre homes. Maurice Hall, educado segundo os valores morais da súa clase, descobre o desexo e a súa verdadeira natureza a través da amizade e do amor con Clive Durham, compañeiro de universidade en Cambridge. Dirixida por James Ivory e baseada na novela homónima de E. M. Forster, *Maurice* é unha historia de iniciación e valentía, un delicado retrato da loita entre o desexo e a moral, e unha defensa da autenticidade fronte ás convencións sociais.

PREMIO AO MELLOR FILME DE FALA NON INGLESA DA ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE BOSTON 1994



LEÓN DE PRATA Á MELLOR DIRECCIÓN E COPA VOLPI AO MELLOR ACTOR (JAMES WILBY E HUGH GRANT) NO FESTIVAL DE VENECIA 1987



MARTES 11, 22.15 | NUMAX

MILDRED PIERCE
ALMA EN SUPLICIO (1945)

Michael Curtiz

Estados Unidos / 109 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Joan Crawford, Jack Carson, Zachary Scott

Ficha técnica:

•Guión: Ranald MacDougall. Baseado na novela de James M. Cain
•Fotografía: Ernest Haller
•Edición: David Weisbart
•Produción: Jerry Wald, Jack L. Warner

Sinopse:

Tras ser abandonada polo seu home, Mildred decide saír adiante pola súa conta e funda un exitoso negocio de restauración, sacrificando todo polo benestar da súa filla Veda. Mais a relación entre ambas, marcada pola ingratitude, a envexa e o desexo de ascenso social, acaba converténdose nun tormento que conducirá á destrución. *Alma en suplicio* é un melodrama clásico con trazos de *film noir* sobre o amor maternal levado ao límite, a culpa e o prezo da ambición.

MÉRCORES 12, 15.30 | TEATRO PRINCIPAL

OBSESSION / FASCINACIÓN (1976)

Brian De Palma

Estados Unidos / 98 min / Ficción / Inglés, italiano

Ficha artística:

Cliff Robertson, Geneviève Bujold, John Lithgow

Ficha técnica:

•Guión: Paul Schrader
•Fotografía: Vilmos Zsigmond
•Edición: Paul Hirsch
•Produción: Harry N. Blum, Robert S. Bremson, George Litto

Sinopse:

Michael Courtland, un importante home de negocios de Nova Orleáns, vive atormentado polo secuestro e morte da súa muller e da súa filla. Anos despois, durante unha viaxe a Florencia, coñece a Sandra, unha moza idéntica á súa esposa falecida. Obcecado coa idea de revivir o pasado, Michael iníciase nun xogo de ilusión e engano que o mergullará nun pesadelo de paixón e delirio.

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ PRINCIPAL (JOAN CRAWFORD) NOS ÓSCAR 1945





MARTES 11, 15.30 | SALÓN TEATRO

PORTRAIT OF JENNIE / JENNIE (1948)

William Dieterle

Estados Unidos / 86 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Jennifer Jones, Joseph Cotten, Ethel Barrymore, Lillian Gish, David Wayne

Ficha técnica:
•Guión: Paul Osborn, Peter Berneis. Baseado na novela de Robert Nathan
•Fotografía: Joseph H. August
•Edición: William Morgan, Gerard Wilson
•Produción: David Hempstead, David O. Selznick, Cecil Barker

Sinopse:
Nova York, anos trinta. Eben Adams, un pintor sen éxito, atopa inspiración cando coñece a Jennie, unha misteriosa rapaza que aparece e desaparece entre a néboa de Central Park. Cada encontro revela unha nova faceta dela, como se o tempo e a realidade mutasen ao seu arredor. Abraiado, Eben comeza un retrato que o absorberá por completo, mentres tenta comprender quen é realmente esa nena que parece pertencer a outra época.

PREMIO AOS MELLORES EFECTOS ESPECIAIS NOS ÓSCARS 1949
COPA VOLPI AO MELLOR ACTOR (JOSEPH COTTEN) NO FESTIVAL DE VENECIA 1949



MARTES 18, 19.30 | AUDITORIO DE GALICIA

SE, JIE / LUST, CAUTION DESEXO, PERIGO (2007)

Ang Lee

Taiwán, Estados Unidos, Hong Kong, China / 156 min / Ficción / Chinés

Ficha artística:
Tony Leung Chiu-wai, Tang Wei, Joan Chen

Ficha técnica:
•Guión: James Schamus, Wang Hui-Ling Baseado na novela de Eileen Chang
•Fotografía: Rodrigo Prieto
•Edición: Tim Squyres
•Produción: Lloyd Chao, William Kong, Ang Lee, David Lee, Er-Dong Liu, Zhonglun Ren, James Schamus, Darren Shaw, Dai Song, Doris Tse

Sinopse:
Ambientada na China ocupada polos xaponeses durante a Segunda Guerra Mundial, *Lust, caution* conta a historia dunha perigosa relación entre o desexo e a traizón. Wong Chia Chi, unha estudante que forma parte dun grupo de resistencia, acepta a misión de seducir o señor Yee, un poderoso colaborador do réxime inimigo, para facilitar o seu asasinato. Mais o xogo da espionaxe convértese nunha espiral de atracción e culpa cando entre ambos nace unha paixón tan intensa como imposible.

LEÓN DE OURO AO MELLOR FILME E MELLOR FOTOGRAFÍA NO FESTIVAL DE VENECIA 2007
MELLOR FILME INTERNACIONAL NOS PREMIOS SATELLITE 2007



VENRES 14, 15.30 | SALÓN TEATRO

SOME CAME RUNNING COMO UN TORRENTE (1958)

Vincente Minnelli

Estados Unidos / 137 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Frank Sinatra, Dean Martin, Shirley MacLaine, Arthur Kennedy, Martha Hyer

Ficha técnica:
•Guión: John Patrick, Arthur Sheekman. Baseado na novela de James Jones
•Fotografía: William H. Daniels
•Edición: Adrienne Fazan
•Produción: Sol C. Siegel

Sinopse:
Despois da guerra e tras dezaseis anos lonxe da casa, Dave Hirsh, un escritor frustrado e alcohólico, volve á súa cidade natal de Parkman, Indiana, arrastrando consigo un pasado de fracasos, rancores familiares e a compañía accidental de Ginnie, unha muller de vida alegre. O reencontro co seu irmán Frank reabre vellas feridas e evidencia as tensións dunha sociedade pequena e hipócrita, onde a aparencia importa máis ca a verdade. Mentres Dave tenta afogar o seu desencanto entre o alcol e as partidas de póker, coñece a Gwenn, unha profesora de literatura que lle esperta a ilusión de redimirse e retomar a escritura. Ginnie, pola súa banda, permanece ao seu carón cun amor sincero e desinteresado que a condena ao desengano.



LUNS 10, 22.30 | NUMAX

SUNDAY BLOODY SUNDAY DOMINGO, MALDITO DOMINGO (1971)

John Schlesinger

Reino Unido / 110 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Peter Finch, Glenda Jackson, Murray Head

Ficha técnica:
•Guión: Penelope Gilliatt
•Fotografía: Billy Williams
•Edición: Richard Marden
•Produción: Joseph Janni, Edward Joseph

Sinopse:
Daniel Hirsh, médico homosexual de mediana idade, e Alex, unha muller divorciada, comparten —sen sabelo ao principio— unha relación co mesmo home: Bob, un artista máis novo ca eles. A medida que as historias se entrelazan, a película explora con serenidade e complexidade emocional os límites do amor, o desexo e a soidade.

MELLOR FILME ESTRANXEIRO NOS GLOBO DE OURO 1972
MELLOR FILME, MELLOR DIRECCIÓN, MELLOR ACTOR (PETER FINCH), MELLOR ACTRIZ (GLENDA JACKSON), MELLOR MONTAXE NOS BAFTA 1972



MARTES 11, 20.00 | AUDITORIO DE GALICIA

THE CRYING GAME
XOGO DE BÁGOAS (1992)

Neil Jordan

Reino Unido / 113 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Stephen Rea, Jaye Davidson, Forest Whitaker, Miranda Richardson

Ficha técnica:
•Guión: Neil Jordan
•Fotografía: Ian Wilson
•Edición: Kant Pan
•Produción: Paul Cowan, Rainer Grupe, Elizabeth Karlsen, Nik Powell, Stephen Woolley

Sinopse:
Fergus, un militante do IRA, participa no secuestro dun soldado británico, Jody. Durante o cativerio, entre ambos nace un vínculo de respecto e amizade que marcará a vida de Fergus. Tras un tráxico desenlace, o irlandés foxe a Londres, onde coñece a Dil, a misteriosa moza da que Jody lle falara. A relación entre eles converterase nun xogo de verdade e engano que porá a proba a súa lealdade, o seu desexo e a súa noción de identidade.

MELLOR GUIÓN ORIXINAL NOS ÓSCAR 1993
MELLOR FILME BRITÁNICO NOS BAFTA 1993
MELLOR FILME ESTRANXEIRO NOS INDEPENDENT SPIRIT AWARDS 1993



MÉRCORES 12, 22.30 | SALÓN TEATRO

THE GHOST AND MRS. MUIR
A PANTASMA E A SEÑORA MUIR (1947)

Joseph L. Mankiewicz

Estados Unidos / 104 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Gene Tierney, Rex Harrison, George Sanders, Edna Best

Ficha técnica:
•Guión: Philip Dunne. Baseado na novela de R.A. Dick
•Fotografía: Charles Lang
•Edición: Dorothy Spencer
•Produción: Fred Kohlmar

Sinopse:
Lucy Muir, unha nova viúva, muda a unha casa nunha vila costeira para comezar de novo, pero axiña descobre que o lugar está habitado polo fantasma do seu antigo propietario, o capitán Daniel Gregg. Lonxe de asustarse, entre ambos nace unha amizade insólita que se transforma nun amor imposible.



VENRES 14, 22.45 | NUMAX
MARTES 18, 22.45 | NUMAX

THERE'S ALWAYS TOMORROW
SEMPRE HAI UN MAÑÁ (1956)

Douglas Sirk

Estados Unidos / 84 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:
Barbara Stanwyck, Fred MacMurray, Joan Bennett

Ficha técnica:
•Guión: Bernard C. Schoenfeld.
Baseado na novela de Ursula Parrott
•Fotografía: Russell Metty
•Edición: William Morgan
•Produción: Ross Hunter

Sinopse:
Clifford Groves, un fabricante de xoguetes, leva unha vida cómoda e previsible xunto á súa muller e fillos. Cando reaparece Norma Miller, unha antiga compañeira de traballo convertida nunha muller independente e exitosa, Clifford sente renacer un desexo esquecido e a posibilidade dunha segunda oportunidade. Mais a moral e as convencións familiares pesan máis ca os soños individuais.



DOMINGO 9, 18.00 | AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 21, 15.45 | SALÓN TEATRO

TWO FOR THE ROAD
DOUS NA ESTRADA (1967)

Stanley Donen

Reino Unido, Estados Unidos / 111 min / Ficción / Inglés, francés, italiano

Ficha artística:
Audrey Hepburn, Albert Finney, Eleanor Bron, William Daniels, Nadia Gray

Ficha técnica:
•Guión: Frederic Raphael
•Fotografía: Christopher Challis
•Edición: Madeleine Gug, Richard Marden
•Produción: Stanley Donen, James H. Ware

Sinopse:
Joanna e Mark Wallace, un matrimonio con doce anos de relación, percorren en coche o sur de Francia mentres repasan —a través de lembranzas entrelazadas no tempo— os momentos máis felices e amargos da súa vida xuntos: o entusiasmo da xuventude, as infidelidades, as discusións e a rutina que os separa. O filme mestura humor, romanticismo e desencanto para ofrecer un retrato moderno do matrimonio e do paso do tempo, onde cada curva da estrada revela o que queda —ou o que se perdeu— do amor.

CUNCHA DE OURO NO FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN 1967



SÁBADO 8, 22.30 | NUMAX

UN COEUR EN HIVER
UN CORAZÓN EN INVERNO (1992)

Claude Sautet

Francia / 105 min / Ficción / Francés

Ficha artística:

Daniel Auteuil, Emmanuelle Béart, André Dussollier

Ficha técnica:

•Guión: Claude Sautet, Jacques Fieschi, Jérôme Tonnerre
•Fotografía: Yves Angelo
•Edición: Jacqueline Thiédot
•Produción: Raphaël Berdugo, Philippe Carcassonne, Jean-Louis Livi

Sinopse:

Stéphane e Maxime fabrican e reparan violíns e outros instrumentos de corda. Un día, Maxime confésalle ao seu amigo que namorou de Camille, unha nova e talentosa violinista. Os primeiros encontros entre Camille e Stéphane son fríos, mais aos poucos ela empeza a sentirse atraída polo carácter reservado e impenetrable do socio do seu mozo. A resposta contida e enigmática de Stéphane convértese nun xogo de sedución silenciosa, onde o que se expresa é tan importante como o que queda sen dicir.

PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN E MELLOR ACTOR SECUNDARIO (ANDRÉ DUSSOLLIER) NOS CÉSAR 1993

LEÓN DE PRATA Á MELLOR DIRECCIÓN E PREMIO FIPRESCI DO XURADO DA CRÍTICA INTERNACIONAL NO FESTIVAL DE VENECIA 1992



SÁBADO 8, 16.00 | SALÓN TEATRO

VIAGGIO IN ITALIA
QUEREREITE SEMPRE (1954)

Roberto Rossellini

Italia, Francia / 85 min / Ficción / Italiano, inglés

Ficha artística:

Ingrid Bergman, George Sanders, Maria Mauban, Paul Muller, Anna Proclemer

Ficha técnica:

•Guión: Roberto Rossellini, Vitaliano Brancati
•Fotografía: Enzo Serafin
•Edición: Jolanda Benvenuti
•Produción: Roberto Rossellini, Adolfo Fossataro, Alfredo Guarini

Sinopse:

Katherine e Alex Joyce, un matrimonio inglés acomodado, viaxan a Italia para vender unha propiedade herdada preto de Nápoles. O que comeza como unha simple viaxe de negocios convértese nun lento e silencioso proceso de confrontación emocional: entre eles e con eles mesmos. A distancia, o aburrimento e a beleza arrebatadora do país acaban por revelar o baleiro da súa relación.



MÉRCORES 12, 22.30 | NUMAX
XOVES 20, 16.00 | SALÓN TEATRO

WANDA (1970)

Barbara Loden

Estados Unidos / 101 min / Ficción / Inglés

Ficha artística:

Barbara Loden, Michael Higgins, Dorothy Shupenes, Valerie Mamches

Ficha técnica:

•Guión: Barbara Loden
•Fotografía: Nicholas T. Proferes
•Edición: Nicholas T. Proferes
•Produción: Harry Shuster, Barbara Loden

Sinopse:

Nunha zona mineira dos suburbios de Pensilvania, Wanda —interpretada pola propia Barbara Loden— abandona o seu home, renuncia á custodia dos fillos e inicia unha errática viaxe polo lado máis escuro e marxinal do país. Rodada en 16 mm cun pequeno equipo de catro persoas, *Wanda* é unha obra fundacional do cinema independente estadounidense dos anos setenta, un retrato cru e luminoso dunha muller que busca, sen atopala, a súa liberdade.

PREMIO PASINETTI Á MELLOR PELÍCULA ESTRANXEIRA NO FESTIVAL DE VENECIA 1970





SECCIÓNS PARALELAS

CINEUROPA MIÚDA

DOMINGO 9, 16.00 | AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 21, 16.00 | TEATRO PRINCIPAL

MONSTRUO DE XIBALBA (2024)

Manuela Irene

México / 76 min / Ficción / Castelán / +12 anos

Ficha artística:
Gibrán Alonzo, Rogelio Ojeda González, Manuel Irene

Ficha técnica:
•Guión: Manuela Irene
•Fotografía: Damián Aguilar
•Edición: Liora Spilk Bialostozky, Manuela Irene, Federico Veiroj
•Produción: Damián Aguilar, Manuela Irene, Daniel Loustaunau

Sinopse:
Un neno curioso e imaxinativo chamado Rogelio pasa unha tempada no pobo da súa coidadora, Eduarda, na península de Iucatán. Alí, entre xogos e novas amizades, comeza a descubrir un universo máxico onde as fronteiras entre o real e o fantástico se volven difusas. Fascinado polas lendas locais e atraído polo misterio da morte, o rapaz acaba convencido de que un ancián solitario do lugar podería ser o temido monstro de Xibalba, espírito do inframundo maia.



SÁBADO 15, 15.45 | NUMAX
XOVES 20, 22.00 | NUMAX

ZHI WU XUE JIA / THE BOTANIST O BOTÁNICO (2025)

Jing Yi

China / 96 min / Ficción / Chinés, kazako / +10 anos

Ficha artística:
Jahseleh Yesl, Ren Zihan, Nurdaolet Jalen, Eramazan Sarhet, Jomajan Songhat

Ficha técnica:
•Guión: Jing Yi
•Fotografía: Vanon Li
•Edición: Yaonan Liu
•Produción: Qi Ai, Jianhao Andy An, Zuolong Shan

Sinopse:
Nun remoto val da fronteira norte de Xinjiang, en China, Arsin, un neno solitario de orixe kazaka, conserva apenas lembranzas da súa familia e atopa consolo entre as plantas que coida con delicadeza. A chegada de Meiyu, unha rapaza chinesa da etnia han, irrompe na súa rutina como o descubrimento dunha nova especie: estraña, fermosa e chea de misterio. Entre ambos nace unha amizade silenciosa, tan fráxil como o ecosistema que os rodea, na que aprenden a mirar o mundo como un océano sen límites.

MELLOR PELÍCULA DA SECCIÓN GENERATION KPLUS DA BERLINALE 2025







CINEUROPA 39

ACTIVIDADES

CONCERTO "SENTIMENTOS DE PELÍCULA"

DOMINGO 9, 12.00
AUDITORIO DE GALICIA

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
Ramón Castro, presentador
Casiano Mouriño Maquieira, director
Manuel Muñoz Hermida, imaxes

Jerry Goldsmith / Brian Tyler: Universal Centennial Logo
John Williams (Arr. José A. Pina): ***Parque Xurásico***. Suite Sinfónica
John Williams (Arr. H.V.D. Heide): ***Indiana Jones***. Selección
John Williams (Arr. R.W. Smith): ***Harry Potter***. Suite Sinfónica
Howard Shore (Arr. Víctor López): ***O Señor dos Aneis***. Suite Sinfónica
John Williams (Arr. Johan de Meij): ***A guerra das galaxias***. Selección

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela achégase a Cineuropa cun concerto que convida a percorrer algúns dos universos máis memorables do cinema a través da música. O programa, no que o público escoitará adaptacións sinfónicas de bandas sonoras que acompañaron grandes historias de aventura, fantasía e emoción, réndelles homenaxe a relevantes compositores da música cinematográfica contemporánea como Jerry Goldsmith, Brian Tyler, Howard Shore ou John Williams. Unha proposta para celebrar a forza evocadora e o poder narrativo da música e a súa capacidade para nos facer revivir momentos icónicos da historia do cinema.



A CREATIVIDADE COMO FERRAMENTA PARA A TRANSFORMACIÓN SOCIAL: MESA REDONDA E PROXECCIÓN DA CURTA "BARRACA XXI. TRANSFORMACIÓN CULTURAL EN CONXO"

Interveñen:
· Rubén Gutiérrez del Castillo. Director de Fundación SGAE
·Javi Camino e Sara Varela. Directores da curta e monitores do taller audiovisual de Conxo Barraca XXI
·Isabel Outeiral. Actriz e participante no Taller de teatro Barraca XXI do Hospital de Conxo
·Modera: Carlos Santiago

MARTES 11, 17.15
SALÓN TEATRO

CINEUROPA 39 · ACTIVIDADES

Barraca XXI é un proxecto da Fundación SGAE que impulsa a acción social e o desenvolvemento cultural en colectivos sensibles e espazos vulnerables. Trátase dun programa que promove a formación e a creación e que a Fundación SGAE, en formato de escolas sociais, puxo en marcha en sete cidades do Estado.

Barraca XXI implica a participación de socias e socios da SGAE, activando o valor do seu talento e poñendo o seu oficio ao servizo da transformación social.

En Galicia, o proxecto céntrase no ámbito da saúde mental, iniciado tras a alianza establecida co Hospital Psiquiátrico de Conxo. O seu principal obxectivo é impulsar o proceso de integración e socialización de persoas con trastornos mentais, fomentando a participación e a formación nunha experiencia común con creadoras e creadores da SGAE, convencidos de que a actividade creativa ten un impacto directo, positivo e transformador nas persoas.

Ao longo de dous anos, formáronse grupos de traballo teatral, musical e audiovisual, amais dun ciclo de cinema. Froito do obradoiro audiovisual xurdiron *spots* publicitarios, curtametraxes e *sketches* que chegan agora a Cineuropa da man dos seus responsables e protagonistas.

Barraca XXI

sgae fundación sgae



Conferencia de Luciana Fina

MÉRCORES 12, 12.00
ZONA C

SEMPRE. ARQUIVO CINEMATO-GRÁFICO E HISTORIA DO TEMPO FUTURO

PATROCINADO POR:

CO APOIO DE:

CINEUROPA 39 · ACTIVIDADES

Partindo do material cinematográfico que deu orixe ao filme e á instalación *SEMPRE. A palabra, o soño e a poesía na rúa*, realizados para a Cinemateca Portuguesa con motivo do cincuentenario do 25 de abril, Luciana Fina propón unha reflexión arredor das problemáticas vinculadas á representación cinematográfica da historia e da Revolución, deténdose especialmente nas estratexias de montaxe que permitiron abrir un diálogo entre o pasado e o agora.

Nestes traballos dedicados ao proceso revolucionario, afástase a mirada da dimensión narrativa ou celebrativa dos acontecementos e dos grandes protagonistas da Revolución, para artellar xestos corais e figuras "menores" a través de diversas tipoloxías de imaxe, procedentes de arquivos institucionais e domésticos, cinematográficos e televisivos.

O título *SEMPRE*, tomado dunha expresión reiterada ao longo das décadas —"25 de abril sempre!"—, ao cinguirse unicamente ao adverbio, formaliza e acentúa o encontro entre as épocas. O termo "sempre" establece unha tensión polarizadora entre a noción de continuidade ininterrompida, sen fin nin principio, nun tempo amplísimo do pasado ou do futuro, e, por outra banda, a noción de permanencia: aquilo que non cesa, non muda, que persiste sen poder afastarse do que foi.

Inspirada pola arqueoloxía foucaultiana, Fina parte da idea do arquivo como conxunto de discursos efectivamente pronunciados, enunciados que continúan a operar transformándose ao longo da historia e que, ao retornar hoxe no corpo dunha nova obra e perante o espectador contemporáneo, abren a posibilidade de que xurdan outros discursos. O que está en xogo é a posibilidade de volver facer inacabado o que estaba dado por concluído, de recuperar a imaxe suspendida, de permitir que o pasado se reinvente, recolocando así en campo a hipótese —ou o dereito, hoxe posto en cuestión— de imaxinar o futuro.

Luciana Fina é cineasta e artista italiana, traballa en Lisboa desde 1991. Desenvolveu un extenso corpo de obras destinadas á sala de cinema, ao escenario, ao museo e ao espazo expositivo.

Investigadora en Artes da Imaxe en Movemento, é bolseira da Fundação para a Ciência e a Tecnologia e colaboradora do CIEBA, Universidade de Lisboa, Facultade de Belas Artes.

Despois da súa formación en Literaturas Románicas e da súa experiencia en programación cinematográfica en Italia, inicia unha longa colaboración coa Cinemateca Portuguesa. Estreouse na realización en 1998, sumándose á xeración que lle deu novo pulo ao cinema documental en Portugal.

MESA DE DEBATE: AS DITADURAS SILENCIADAS + PROXECCIÓN *BAJO LAS BANDERAS, EL SOL* (2025)

MÉRCORES 12, 20.00 I NUMAX

A estrea mundial na pasada edición da Berlinale da película documental de Juanjo Pereira *Bajo las banderas, el sol* permitiu o acceso a un valiosísimo arquivo de imaxes de Alfredo Stroessner, o ditador que gobernou Paraguai entre 1954 e 1989. Stroessner e o seu réxime estiveron moi lonxe de alcanzar a atención informativa internacional doutras ditaduras militares da segunda metade do século XX en Sudamérica, como as de Perú, Bolivia ou outros países que formaron parte do chamado Plan Cóndor deseñado desde o goberno norteamericano de Richard Nixon: Brasil, Uruguai, Arxentina e Chile.

E de non ser pola existencia dunha novela de relevo mundial como *Yo, el Supremo*, de Augusto Roa Bastos, a percepción internacional da figura de Alfredo Stroessner sería aínda menor.

A 39ª edición de Cineuropa vai celebrar unha mesa sobre as ditaduras silenciadas, aquelas que por razóns de peso xeopolítico non recibiron –ou aínda non reciben no caso das aínda existentes- a visibilidade internacional que mereceron.

INTERVEÑEN:

Juanjo Pereira
Director do filme *Bajo las banderas, el sol*

Abraham Buergo
Politólogo, integrante do goberno progresista de Fernando Lugo en Paraguai (2008-2012)

Modera: José Luis Losa | Director de Cineuropa

Despois da mesa redonda, proxectarase o filme *Bajo las banderas, el sol* (2025), gañador do premio do público na Berlinale deste ano.



BAJO LAS BANDERAS, EL SOL (2025)

Juanjo Pereira
Paraguai, Arxentina, Francia, Estados Unidos, Alemaña / 90 min / Documental / Castelán

Ficha técnica:
Guión: Juanjo Pereira
Fotografía: Francisco Bouzas, Pascual Glauser
Edición: Manuel Embalse
Produción: Ivana Urizar, Gabriela Sabaté, Paula Zyngierman, Leandro Listorti, Juanjo Pereira

Sinopse:
A partir de 120 horas de imaxes de arquivo, este documental afonda na maquinaria oculta da ditadura de Alfredo Stroessner en Paraguai, un dos réximes máis longos da historia contemporánea. Desde a propaganda ata as emisións internacionais, o filme revela como os medios de comunicación moldearon o poder, controlaron a memoria colectiva e construíron un legado que aínda perdura hoxe.

MESA DE DEBATE: A FOLGA DE ACTORES E ACTRICES DE 1975

SÁBADO 15, 17.30 | NUMAX

En medio da efervescencia disidente e das loitas políticas e sociolaborais dos últimos estertores da ditadura franquista, xorde, resultado dun proceso activo acumulado de tempo, a folga de actores e actrices de 1975 en España.

Unha folga xeral unitaria e de enorme seguimento, desenvolvida entre o 4 e o 12 de febreiro —un período especialmente tenso e represivo—, capaz de abarcar a todo o mundo do espectáculo e provocar desde suspensións nos teatros de Madrid ata cancelacións de sesións de rodaxes e programas de TVE.

A folga vai formular de xeito audaz un tempo de reivindicación en forma de petición dunha serie de melloras (aumento salarial, un día de descanso semanal, a función diaria única no teatro, o cobro polos ensaios…), posibilitando como consecuencia a impugnación das estruturas do sindicato vertical sectorial franquista. O aparato represor franquista non vai defraudar: detencións (de Rocío Dúrcal, José Carlos Plaza e Tina Sainz a Pedro Mari Sánchez), ameazas e severas multas, o que desencadea unha gran corrente de solidariedade internacional. Entendido como un suceso histórico menos susceptible de recoñecemento do que debera, representa ademais o xerme de moitos cambios laborais na profesión, constituíndo un auténtico e memorable punto de inflexión.

José Manuel Sande


INTERVEÑEN:

Petra Fernández
Actriz

José Manuel Sande
Historiador e programador cinematográfico

Modera: José Luis Losa | Director de Cineuropa

Despois da mesa redonda, proxectarase na sala NUMAX o filme *Siete días de enero* (1979). A regresión reaccionaria ou a ameaza ultra aparecen nesta película de Juan Antonio Bardem, un filme no que o realizador de *Muerte de un ciclista* se aproxima á matanza dos avogados laboralistas de Atocha dun xeito atípico: un relato artellado desde a propia perspectiva dos asasinos de extrema dereita.



SIETE DÍAS DE ENERO (1979)

Juan Antonio Bardem
España, Francia / 124 min / Ficción / Español

Ficha artística:
Manuel Ángel Egea, Fernando Sánchez Polak, Madeleine Robinson, Virginia Mataix.

Ficha técnica:
- Guión: Juan Antonio Bardem, Gregorio Morán
- Fotografía: Leopoldo Villaseñor
- Edición: Guillermo S. Maldonado
- Produción: Alain Coiffier, Serafín García Trueba

Sinopse:
Reconstrución dos tráxicos acontecementos ocorridos en España no mes de xaneiro de 1977: o atentado dun grupo de ultradereita contra un despacho de avogados laboralistas vinculados ao Partido Comunista, no que morreron catro letrados e un administrativo, e quedaron gravemente feridos outros catro avogados. A matanza foi reivindicada pola Triple A (Alianza Apostólica Anticomunista) e formou parte dun intento de desestabilización da recentemente inaugurada democracia española.

LA CASA DE LA TROYA

PROXECCIÓN CON MÚSICA EN DIRECTO



LUNS 17, 21.00
TEATRO PRINCIPAL

La casa de la Troya
Unha noite revelada...
1925 – 2025
Centenario da primeira adaptación cinematográfica

En 1924 filmábase en Galicia unha das primeiras películas do cinema mudo: *La casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín. Estreada en 1925 no Teatro da Zarzuela, en Madrid, e seguidamente no Teatro Principal de Santiago de Compostela, tivo un éxito inmediato, percorreu diferentes salas da península e chegou mesmo ao outro lado do Atlántico, proxectándose no mítico Carnegie Hall de Nova York, deixando unha pegada duradeira no cinema galego. A historia, ambientada en Santiago de Compostela, levou a cámara a distintos puntos da cidade e de Galicia, ofrecendo unha visión da sociedade galega de comezos do século XX, entre tradición e o impulso da modernidade. A película amosa paisaxes, arquitectura e formas de vida dun tempo en transformación, e foi recibida con entusiasmo polo público. No marco do centenario desta obra pioneira, Unha Noite celebra a efeméride con diversas actividades. En Compostela, propón unha proxección especial da película no Teatro Principal, acompañada de música en directo composta especialmente para esta ocasión. Esta sesión recupera o espírito do cinema mudo da época e retorna a un dos espazos que forman parte da propia historia do filme.
A proxección do filme estará acompañada de música en directo, composta expresamente para esta ocasión polo compositor e pianista Brais González e a cargo do Caspervek Esemble,

LA CASA DE LA TROYA (1925)

Alejandro Pérez Lugín, Manuel Noriega
España / 130 min / Ficción / Español

Ficha artística:
Carmen Viance, Dolores Valero, Luis Peña, Pedro Elviro, Domingo del Moral


Ficha técnica:
· Guión: Alejandro Pérez Lugín
· Fotografía: José Gaspar, Agustín Macasoli
· Produción: Antonio Moriyón


Dirección artística e coordinación do proxecto:
· Dirección artística e produción: Unha Noite – Estíbaliz Santamaría Cadaval
· Composición e dirección musical: Brais González
· Intérpretes: Caspervek Ensemble
· Colaboración musical especial: Troyanos de Compostela

Sinopse:
En pleno Santiago de Compostela de comezos do século XX, Gerardo Roquer, un estudante madrileño despreocupado e vividor, chega á pensión universitaria coñecida como "La casa de la Troya", onde convive cun grupo de compañeiros tan bohemios como rebeldes. A súa vida muda ao coñecer a Carmiña, unha moza inocente da cidade, por quen comeza a cuestionar o seu pasado frívolo e o seu futuro incerto. Entre serenatas, festas e liortas estudantís, a película debuxa con humor e tenrura o ambiente universitario compostelán e os primeiros pasos dun amor sincero.

O CINEMA MILITANTE DE CARLOS ASOREY: *OFICIO DE DESTERRO* (1979)

MÉRCORES 19, 16.00
SALÓN TEATRO





Recuperamos o filme *Oficio de desterro* (1979) de Carlos Asorey. Unha filmación única que retrata os galegos migrantes en París na década dos setenta.

Exiliado na capital francesa, Asorey comeza a gravar arredor do ano 1977. A Filmoteca de Galicia conserva máis de cinco horas de material filmado en Super 8. Trátase de gravacións moi heteroxéneas: a emigración galega en París e as súas angueiras cotiás, o seu lecer, os movementos sociais en París e en Galicia, as súas viaxes persoais e ata semella ter a idea dalgunha ficción. Un rexistro que dá mostra da pulsión de Asorey, que grava todo, case con desesperación.

O seu debut cinematográfico en Galicia prodúcese nas VI Xornadas do Cine das nacionalidades e rexións de Ourense (1978), compartindo cartel con L. Soler e C. Varela con *Festa popular na montaña.* Un filme que, aínda que fóra de foco, recolle un acto reivindicativo que se celebrara na súa terra natal para lle reclamar unha ponte a Fenosa sobre o encoro de Portodemouros.

Ao ano seguinte, na I Mostra de Cine das Nacionalidades e das Rexións, sección do VII Festival do Humor da Coruña, presenta a peza *Oficio do desterro* (1979), agora nun ciclo con E. Lozano, X. Villaverde e o Grupo 4, formado tamén en Vincennes, entre outras, por Cruz Risco, filla menor de Vicente Risco.

Xa en 1981 regresa a Compostela por mor dunha enfermidade. Asorey traballa como cámara na TVG desde o ano 1985 sen ver cumprido o desexo de facer cine en Galicia.

Carlos Asorey é un exemplo máis das tentativas de facer cine militante e comprometido co país durante os anos 70. A súa relevancia, alén da cinematográfica, é, sen dúbida, social e histórica.

OFICIO DE DESTERRO (1979)

Carlos Asorey

España, Francia / 40 min / Documental / Galego

Sinopse:

Abre o filme con galegos e galegas en "O Toxo" nun domingo de lecer. Ao día seguinte unha rapaza agarda por unha moza que chega en tren á estación de Austerlitz. Camiñan ata a casa gozando do paseo parisiense. Son traballadoras e traballadores de Galicia (porteiras, xastres...) nunha gran cidade europea, cuns dereitos laborais que se defenden cada primeiro de maio. Son traballadoras e traballadores que no verán regresan con esperanza a Galicia. Son momentos de loita e de cambios.

Carlos Asorey foi un traballador audiovisual nado na vila de Vila de Cruces e migrante en París. De rapaz, trasládase coa familia a Compostela para estudar bacharelato no IES Arcebispo Xelmírez. Logo de rematar, decide emprender estudos en Madrid de Filosofía na Universidade Pontificia de Comillas, onde coincide con Torres Queiruga, Rivas Troitiño ou Lois Caeiro. Son os últimos anos do franquismo e Carlos frecuenta amizades que o fan temer pola súa seguridade. Daquela, a comezos dos 70, exíliase en París, cidade na que alimenta o seu interese pola filosofía asistindo a cursos libres da nova Universidade de Vincennes e na que tamén comeza a estudar cine. É un asiduo da Filmothèque, onde desenvolve paixón por Godard, Wajda, Ferreri ou Pasolini. Nese período chega a traballar co cineasta chileno exiliado Raúl Ruiz. Tamén é moi participativo en faladoiros parisienses (con A. García Calvo ou Ramón Chao, entre outros) e, sobre todo, no asociacionismo galego, unha vez que entra en contacto coa Asociación Cultural "O Toxo", a través da que canaliza a súa simpatía co PCG.

Nesta proxección contaremos coa presentación de Xaime Varela, historiador e investigador sobre a figura de Carlos Asorey.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

BEN VOCE, DIRECTOR

XOVES 20, 20.30 | AUDITORIO DE GALICIA
VENRES 21, 20.30 | AUDITORIO DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia toma parte un ano máis no programa de Cineuropa e ponlle música en directo á proxección de *Sing Sing*, un filme dirixido por Greg Kwedar con música de Bryce Dessner, que a orquestra interpretará baixo a batuta de Ben Voce. Probablemente o nome de Dessner asóciase máis ás bandas sonoras de *O renacido* ou de *Os dous Papas*, aínda que o músico de Ohio conta cunha sólida traxectoria sinfónica. Nel confl úen o compositor de música orquestral e o guitarrista de rock e autor principal da banda The National, con premios como os Globos de Ouro e os Grammy en ambas as facetas. Entre as súas influencias conviven, con sorprendente harmonía, Brian Eno, Johann Sebastian Bach e Steve Reich. Para *Sing Sing*, Dessner traduce en música o leitmotiv do filme —o poder transformador da arte como forza de resistencia dun home inocente, encarcerado— e faino a través dunha partitura que evoca, ante todo, a liberdade.

SING SING
AS VIDAS DE SING SING (2023)
Greg Kwedar
Estados Unidos / 107 min / Ficción / Inglés
Ficha artística:
Colman Domingo, Clarence Maclin, Sean San José, Paul Raci, David Giraudy, Patrick Griffin, Mosi Eagle, James Williams
Ficha técnica:
·Guión: Greg Kwedar, Clint Bentley
·Fotografía: Pat Scola
·Música: Bryce Dessner
·Son: Lee Salevan
·Edición: Parker Laramie
·Produción: Monique Walton, Clint Bentley, Greg Kwedar
Sinopse:
Un pequeno grupo de presos encarcerados no Centro Correccional Sing Sing, unha das prisións de máxima seguridade máis coñecidas do mundo, proponse montar a súa propia obra teatral como parte dun obradoiro. O filme amosa o traballo en comunidade e a transformación colectiva a través da interpretación que, ensaio tras ensaio, percorre a experiencia humana e artística dos presos e a súa posibilidade de se atoparen a si mesmos dentro dos muros do cárcere.

CINEUROPA 39 · ACTIVIDADES



CINEUROPA 39

PELÍCULAS ORDENADAS ALFABETICA-MENTE

360 CURVAS
PÁX. 78, 88

A BRIGHTER SUMMER DAY / UN DÍA DE VERÁN
PÁX. 142

AFFEKSJONVERDI / SENTIMENTAL VALUE VALOR SENTIMENTAL
PÁX. 50

A FIDAI FILM / UN FILME FEDAÍN
PÁX. 78

ALGO NOVO QUE CONTAR
PÁX. 93

ANOCHE CONQUISTÉ TEBAS
PÁX. 40

ARIMA
PÁX. 106

ÁRVA / ORPHAN / ORFO
PÁX. 50

ASÍ CHEGOU A NOITE
PÁX. 35, 88

A SINGLE MAN / UN HOME SOLTEIRO
PÁX. 142

BAJO LAS BANDERAS, EL SOL
PÁX. 40, 79, 174

BOG NEĆE POMOĆI / GOD WILL NOT HELP DEUS NON AXUDARÁ
PÁX. 41

BONNIE AND CLYDE / BONNIE E CLYDE
PÁX. 132

BOORMAN AND THE DEVIL / BOORMAN E O DIAÑO
PÁX. 79, 116

BOYS DON'T CRY / OS RAPACES NON CHORAN
PÁX. 143

BRIEF ENCOUNTER / BREVE ENCONTRO
PÁX. 143

CAMP D'ÉTÉ / CAMPAMENTO DE VERÁN
PÁX. 41

CAROL
PÁX. 144

CHIKAMATSU MONOGATARI / OS AMANTES CRUCIFICADOS
PÁX. 144

CHINATOWN
PÁX. 132

CIUDÁ DE LADRILLO
PÁX. 93

CIUDAD SIN SUEÑO
PÁX. 51

COUTURE
PÁX. 51

CRÓNICAS DUN NON
PÁX. 89

DANZA PROPIA
PÁX. 93

¿DE QUÉ CASA ERES?
PÁX. 80

DEUSES DE PEDRA
PÁX. 80, 89

DINTI DE LAPTE / MILK TEETH / DENTES DE LEITE
PÁX. 42

DREAMS (SEX LOVE) / SOÑOS EN OSLO
PÁX. 52

DUSE
PÁX. 52

ÉL
PÁX. 145

ELISA
PÁX. 53

ELOY DE LA IGLESIA, ADICTO AL CINE
PÁX. 81

EMERGENCY EXIT
PÁX. 53

EN EL CAMINO
PÁX. 66

ESCALOFRÍO
PÁX. 116

EYES OF LAURA MARS / OS OLLOS DE LAURA MARS
PÁX. 133

FAR FROM HEAVEN / LONXE DO CEO
PÁX. 145

FATHER MOTHER SISTER BROTHER / PAI NAI IRMÁ IRMÁN
PÁX. 66

FILM D'AMORE E D'ANARCHIA / AMOR E ANARQUÍA
PÁX. 146

FLORES PARA ANTONIO
PÁX. 81

GET AWAY / DE ESCAPADA
PÁX. 123

GRAFTED / ENXERTO
PÁX. 122

GRELEI RAÍCES NO TEU LAR
PÁX. 90

HELDIN / LATE SHIFT / QUENDA DE GARDA
PÁX. 54

HURRY SUNDOWN / A NOITE DESEXADA
PÁX. 133

IL PORTIERE DI NOTTE / O PORTEIRO DE NOITE
PÁX. 146

IN DIE SONNE SCHAUEN / SOUND OF FALLING SON DE CAÍDA
PÁX. 54

IN THE MOOD FOR LOVE / DESEXANDO AMAR
PÁX. 147

IT FEEDS / ALIMÉNTASE
PÁX. 117, 123

ITT ÉRZEM MAGAM OTTHON / FEELS LIKE HOME COMO NA CASA
PÁX. 42

JE, TU, IL, ELLE / EU, TI, EL, ELA
PÁX. 147

JULES ET JIM / JULES E JIM
PÁX. 148

KEEP THE LIGHTS ON / MANTÉN AS LUCES ACESAS
PÁX. 148

KOI NO TSUMI / GUILTY OF ROMANCE / O ROMANCE E A CULPA
PÁX. 149

KONTINENTAL '25
PÁX. 55

KUANG YE SHI DAI / RESURRECTION / RESURRECCIÓN
PÁX. 67, 117

KUNG-FU MASTER
PÁX. 149

L'AMOUR L'APRÈS-MIDI / O AMOR DESPOIS DO MEDIODÍA
PÁX. 150

L'IMPORTANT C'EST D'AIMER / O IMPORTANTE É AMAR
PÁX. 150

LA CASA DE LA TROYA
PÁX. 178

LA DANSE DES RENARDS / WILD FOXES / O BAILE DOS RAPOSOS
PÁX. 43

LA FEMME D'À CÔTÉ / A MULLER DO LADO
PÁX. 151

LA GRAZIA / A GRAZA
PÁX. 56

LA MAISON SOUS LES ARBRES / A CASA BAIXO AS ÁRBORES
PÁX. 134

LA MITAD DE MI FAMILIA
PÁX. 82

LA NOTTE DEI DIAVOLI / A NOITE DOS DEMOS
PÁX. 118, 125

LA PETITE DERNIÈRE / A IRMÁ PEQUENA
PÁX. 56

LAST STRAW
PÁX. 124

LA TOUR DE GLACE / A TORRE DE XEO
PÁX. 57

LA VIRGEN DE LA TOSQUERA
PÁX. 67, 110

LE MAGE DU KREMLIN / THE WIZARD OF THE KREMLIN
O MAGO DO KREMLIN
PÁX. 57

LES AMANTS DU PONT-NEUF
OS AMANTES DA PONT-NEUF
PÁX. 151

LES AMANTS RÉGULIERS / OS AMANTES HABITUAIS
PÁX. 152

LES GENS D'À CÔTÉ / A XENTE DO LADO
PÁX. 58

LITTLE BIG MAN / PEQUENO GRAN HOME
PÁX. 134

LOLA (1961, J. DEMY)
PÁX. 152

LOLA (2025, A. CAEIRO)
PÁX. 90

LOS ILUSOS
PÁX. 107

LOVE IN THE AFTERNOON / ARIANE
PÁX. 153

LOVE STREAMS / CORRENTES DE AMOR
PÁX. 153

L'ÉTRANGER / O ESTRANXEIRO
PÁX. 55

MAMLAKET AL-QASAB / THE PRESIDENT´S CAKE
A TORTA DO PRESIDENTE
PÁX. 34, 68

MA SAISON PRÉFÉRÉE / A MIÑA ESTACIÓN PREFERIDA
PÁX. 154

MAURICE
PÁX. 154

MÉTÉORS / METEOROS
PÁX. 43

MILDRED PIERCE / ALMA EN SUPLICIO
PÁX. 155

MINIATURAS
PÁX. 107

MOMMIE DEAREST / QUERIDÍSIMA MAMÁ
PÁX. 135

MONSTRUO DE XIBALBA
PÁX. 110, 164

MORICHALES
PÁX. 111

MOTHER'S BABY / O BEBÉ DA NAI
PÁX. 58, 118

NETWORK / NETWORK, UN MUNDO IMPLACABLE
PÁX. 135

NOUVELLE VAGUE
PÁX. 59

NUESTRA TIERRA
PÁX. 68, 82

O AGENTE SECRETO
PÁX. 69

OBSESSION / FASCINACIÓN
PÁX. 155

OFICIO DE DESTERRO
PÁX. 180

O MEU NOME É CAMBA
PÁX. 91

O RISO E A FACA
PÁX. 59

O SILENCIO HERDADO
PÁX. 91

O ÚLTIMO AZUL
PÁX. 69

PAI NOSSO. OS ÚLTIMOS DIAS DE SALAZAR
PÁX. 60

PEE CHAI DAI KA / A USEFUL GHOST / UNHA PANTASMA ÚTIL
PÁX. 44

PERROS
PÁX. 111

PILLION
PÁX. 44

CINEUROPA 39 · PELÍCULAS ORDENADAS ALFABÉTICAMENTE

PORTRAIT OF JENNIE / JENNIE
PÁX. 156

PUNKU
PÁX. 45, 112

PURA
PÁX. 93

PUZZLE OF A DOWNFALL CHILD
CONFESIÓNS DUNHA MODELO
PÁX. 136

REFLET DANS UN DIAMOND MORT
REFLEXO NUN DIAMANTE MORTO
PÁX. 60

SE, JIE / LUST, CAUTION / DESEXO, PERIGO
PÁX. 156

SEMPRE
PÁX. 83

SIETE DÍAS DE ENERO
PÁX. 176

SING SING / AS VIDAS DE SING SING
PÁX. 182

SOME CAME RUNNING / COMO UN TORRENTE
PÁX. 157

SUNDAY BLOODY SUNDAY
DOMINGO, MALDITO DOMINGO
PÁX. 157

SUPERGIRL
PÁX. 136

TABI TO HIBI / TWO SEASONS, TWO STRANGERS
DÚAS ESTACIÓNS, DOUS DESCOÑECIDOS
PÁX. 70

TE SEPARAS MUCHO
PÁX. 92

TESIS SOBRE UNA DOMESTICACIÓN
PÁX. 112

THE CRYING GAME / XOGO DE BÁGOAS
PÁX. 158

THE EXORCIST II: THE HERETIC
O EXORCISTA II: O HEREXE
PÁX. 119, 122

THE GHOST AND MRS. MUIR
A PANTASMA E A SEÑORA MUIR
PÁX. 158

THERE'S ALWAYS TOMORROW / SEMPRE HAI UN MAÑÁ
PÁX. 159

THE THOMAS CROWN AFFAIR / O CASO THOMAS CROWN
PÁX. 137

THE TOWERING INFERNO / O COLOSO EN CHAMAS
PÁX. 137

THREE DAYS OF THE CONDOR
OS TRES DÍAS DO CÓNDOR
PÁX. 138

TWO FOR THE ROAD / DOUS NA ESTRADA
PÁX. 159

UN COEUR EN HIVER / UN CORAZÓN EN INVERNO
PÁX. 160

UN FUTURO BRILLANTE
PÁX. 113

UN MUNDO RECOBRADO
PÁX. 113

VIAGGIO IN ITALIA / QUEREREITE SEMPRE
PÁX. 160

VOYAGE OF THE DAMNED
A VIAXE DOS MALDITOS
PÁX. 138

WANDA
PÁX. 161

WHITE SNAIL / CARACOL BRANCO
PÁX. 61

WITH HASSAN IN GAZA / CON HASSAN EN GAZA
PÁX. 106

ZHI WU XUE JIA / THE BOTANIST / O BOTÁNICO
PÁX. 164

ZIKADEN / CICADAS / CIGARRAS
PÁX. 61



CINEUROPA 39

INFO PRÁCTICA

SEDES CINEUROPA 39



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15704 Santiago de Compostela
T. 981 552 290
compostelacultura.gal



TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
T. 981 542 349 (despacho de billetes)
T. 981 542 461 (oficinas)
compostelacultura.gal

CINEUROPA 39 · INFO PRÁCTICA



SALÓN TEATRO

Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
T. 881 867 229
centrodramatico.xunta.gal



CINEMA NUMAX

Rúa Concepción Arenal, 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
T. 981 560 250
numax.org



ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
T. 981 542 462
compostelacultura.gal

ENTRADAS CINEUROPA 39

PREZOS

Bono 10 películas: 30 euros
Catálogo: 2 euros

PROXECCIÓNS

4 euros

·Cineastas do Presente
·Sección Oficial Europea
·Panorama Internacional
·Docs Cineuropa
·Fantastique Compostela
·Latidoamericano
·Cineuropa Miúda
·Película sorpresa

*Agás as proxeccións dos filmes das cerimonias de inauguración (*A torta do Presidente*) e de clausura (*Así chegou a noite*), que son de balde previa retirada de convite.

6 euros

Maratón Cineuropa

Entrada de balde previa retirada de convite

·Faye Dunaway: O talento convulso
·As cousas do querer
·Panorama Audiovisual Galego
·Proxeccións das entregas de Premios Cineuropa
·Proxeccións das cerimonias de inauguración e clausura

ACTIVIDADES PARALELAS

Entrada libre ata completar capacidade

·Mesa redonda "A creatividade como ferramenta para a transformación social" e proxección da curta "Barraca XXI no Hospital Psiquiátrico de Conxo"
·Conferencia de Luciana Fina "*Sempre.* Arquivo cinematográfico e história do tempo futuro".
·Mesa de debate "As ditaduras silenciadas" e proxección do filme *Bajo las banderas, el sol* (2025).
·Mesa de debate "A folga de actores durante o franquismo" e proxección do filme *Siete días de enero* (1977).
·O cinema militante de Carlos Asorey: *Oficio de desterro* (1979).

De balde previa retirada de convites

·Concerto da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela "Sentimentos de película".
·*La casa de la Troya* (1925). Proxección con música en vivo.

Desde 15 euros

·*Sing Sing.* Proxección con música en directo da Real Filharmonía de Galicia. Entrada xeral: 15 euros. Entrada con petisco*: 21 euros (*Esta opción só está dispoñible no concerto do día 21 de novembro).

CINEUROPA 39 · INFO PRÁCTICA

VENDA DE ENTRADAS E RETIRADA DE CONVITES

Para as proxeccións de todas as salas:
·compostelacultura.gal
·ZONA C. Punto de Información Cultural (Praza de Cervantes)
De martes a sábado, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 19.00 h.
·TEATRO PRINCIPAL
De 15.00 h ata a hora de inicio do último filme no Teatro Principal ou no Salón Teatro.

En cada sala, para as proxeccións dese espazo:
·NUMAX
De luns a sábado (excepto martes) de 10.30 a 14.00 h e de 16.00 a 20.30 h e os martes só de 16.00 a 20.30 h. Os domingos e calquera outro día fóra deste horario, abrirase o despacho de billetes 10 minutos antes do inicio da sesión. Neste despacho de billetes só se poderá pagar en efectivo.
·AUDITORIO DE GALICIA
Dende media hora antes do inicio de cada sesión.

ESTE PROGRAMA ESTÁ SOMETIDO A POSIBLES CAMBIOS. PRÉGASE CONSULTAR A CARTELEIRA DIARIA

VENDA DE BONOS

·compostelacultura.gal
·Zona C · Punto de Información Cultural
·Despacho de billetes do Teatro Principal

Para a adquisición de entradas e bonos recomendamos o uso preferente da páxina web **compostelacultura.gal**

compostelacultura.gal
compostelacultura
CompostelaCultura
CCultura
CompostelaCulturaTV

cineuropa.gal
cineuropa.gal
cineuropa.gal
cineuropa.gal

EQUIPO CINEUROPA 39

ALCALDESA DE SANTIAGO
Goretti Sanmartín Rei

CONCELLEIRA DE CAPITAL CULTURAL, TURISMO, EDUCACIÓN E MEMORIA HISTÓRICA
Míriam Louzao Fernández

DIRECTOR
José Luis Losa

COORDINACIÓN DE PROGRAMACIÓN
Alejandra Trelles

PRODUCIÓN
Adriana Páramo

EQUIPO DE PROGRAMACIÓN
José Luis Losa
Alejandra Trelles
Jacinta Rivera
Agustín C. Touriño

COORDINACIÓN DE COMUNICACIÓN
Silvia Roca

EQUIPO DE COMUNICACIÓN
Sandra Carnota
Ana Gontad
Silvia Roca

DESEÑO GRÁFICO E WEB
Costa.io

VÍDEOS PROMOCIONAIS
Pilar Vázquez

CATÁLOGO
Chus Busto
Sandra Carnota
Beatriz Pérez
Silvia Roca

PRODUCIÓN COMERCIAL
Adriana Páramo

LOGÍSTICA INTERNACIONAL
María José S. Vega

TRADUCIÓNS E INTERPRETACIÓNS
Cinemateca Uruguaya
Itziar Burruel
Ana Gontad

TRÁFICO DE PELÍCULAS
Javier González Sobrado

COORDINACIÓN PERSOAS CONVIDADAS
Adriana Páramo

RESPONSABLES DE SALAS
Francisco Javier Núñez (Salón Teatro)
Xan Gómez (NUMAX)

VÍDEOS PREMIOS CINEUROPA
Sergio Santacreu
Agustín C. Touriño

PROXECCIONISTAS
Miraxe Soc. Coop. Galega
NUMAX

ATENCIÓN AO PÚBLICO
Atlantic Ponte 2000

ESTUDANTADO EN FORMACIÓN USC
Itziar Burruel
Isabel Toirán
Mario Blanco
Carolina Cid
Raquel Castaño
Marta Alonso
Ainhoa Cordero
Andreína Díez

AUDITORIO DE GALICIA
Xaquín López, director-xerente

GABINETE TÉCNICO
David Areán
Chus Busto
Carlos Millán
Silvia Modia
Ángeles Otero
Ana Parga
Ángela Pereira
Silvia Roca

TEATRO PRINCIPAL
GABINETE TÉCNICO
Xesús Amado
Montse Cillero

AGRADECEMENTOS
Alejandro Díaz Castaño
Ana Domínguez
Ángel Quintana
Ángel Santos
Carlos Losilla
Celsa F. San Narciso
Enrique Costa
Felipe Lage
Isabel Blanco
Ismael Romarís
Jacinta Rivera Trobo
Jaime Varela
Javier Rebollo
José Manuel Sande
Joan Sala
José Antonio Liñares
Juan Manuel Chaves
Lucía Vilela
Maren G. Zubeldia
Martín Pawley
Tito Rodríguez
Xan Gómez
Yolanda Eiroa

INSTITUCIÓNS E ENTIDADES COLABORADORAS
Instituto Camões
Albariño Paco & Lola
Café A Carrilana
Cafés Candelas
Churrería La Quinta
Coffee Mori-Rhin
GulaGalega
Hotel Costa Vella
Hotel Spa Relais & Chateaux A Quinta da Auga
Mariñeiras DaVeiga
Queixos Airas Moniz
Restaurante Anaco
Restaurante Chichalovers
Restaurante Coffee Mori-Rhin
Restaurante Mesón 42
Restaurante O Dezaseis
Restaurante O Tamboril
Salón Teatro - AGADIC. Xunta de Galicia
SEPIU - USC

O autor do deseño e fabricación das pezas dos Premios Cineuropa é o escultor Francés.



CINEU—ROPA 39

AMOR.CINEMA.PÚBLICO

Compostela Cultura
Concello de Santiago
Consorcio de Santiago
Deputación da Coruña
Camões Centro Cultural Português Portugal
Xunta de Galicia
Axencia Galega das Industrias Culturais
USC

Paco & Lola
Costa Veiga
Anaco.
Gula Galega Gourmet
Daveiga
Mesón 42
Ibori
Airas Moniz
Candelas
Chuberri La Quinta
Hijos de Antonio Barceló
Estrella Galicia
Estrella Damm

cineuropa.gal